



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 5

Sesión plenaria
22 de setembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto preliminar

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Gonzalo Trenor López.

Punto 1

Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara da X lexislatura o 11 de febreiro de 2020

Punto 2

Solicitude de creación dunha Comisión de investigación, proposta polas deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión da pandemia da covid-19 nas residencias de maiores e nos centros de discapacidade de Galicia
815 (11/SCI-000001)

Publicación da solicitude de creación, BOPG nº 9, do 02.09.2020

Punto 3. Comparecencia

1409 (11/CPP-000003)

Do Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 435 (11/PNP-000001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

4.2 614 (11/PNP-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020



4.3 727 (11/PNP-000035)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Porro Martínez, María Corina e trece deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público co obxecto de permitir ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 9, do 02.09.2020

4.4 771 (11/PNP-000043)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a creación, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, dunha comisión parlamentaria de investigación sobre os feitos e contaxios da covid-19 acontecidos nas residencias de maiores durante a primeira vaga, coa achega da información precisa sobre os pasamentos de usuarios de residencias galegas polo virus

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

4.5 910 (11/PNP-000065)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis**

Sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da fixación dun prezo eléctrico competitivo para os consumidores electrointensivos e o compromiso para que o plan industrial para Alcoa poida optar ao Fondo Europeo de Recuperación

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 9, do 02.09.2020

4.6 1272 (11/PNP-000111)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico que está a ter para a comunidade educativa a obrigatoriedade do uso de máscaras e material de seguridade e limpeza como consecuencia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

Punto 5. Interpelacións**5.1 465 (11/INT-000005)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a consideración do Goberno galego respecto de se o borrador do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 dá resposta ás necesidades dos centros, así como sobre os problemas detectados na implementación dese protocolo no inicio do curso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020



5.2 961 (11/INT-000037)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

5.3 1420 (11/INT-000072)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 na atención presencial da Atención Primaria.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 12, do 08.09.2020

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 1849 (11/POPX-000001)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a rectificación da xestión educativa tras o fracaso do Goberno galego no inicio do curso escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

6.2 1864 (11/POPX-000002)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a disposición do presidente da Xunta de Galicia a un diálogo real para acadar un gran acordo de país que permita erguer Galicia nun momento excepcional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 1822 (11/PUP-000066)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e nove deputados/as máis**

Sobre a resposta dada polo Goberno central á demanda da Xunta de Galicia de carga de traballo para Navantia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.2 1028 (11/POP-000053)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dalgún tipo de axuda directa para as persoas autónomas e pemes que lles permita afrontar as consecuencias económicas derivadas da crise da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020



7.3 1231 (11/POP-000082)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar o empeoramento ou supresión do servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

7.4 884 (11/PUP-000047)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Porro Martínez, María Corina e seis deputados/as máis**

Sobre os criterios e a finalidade que tiveron as medidas de cribado para a detección da covid-19 realizadas a determinados colectivos nos últimos meses

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

7.5 975 (11/POP-000044)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a cifra exacta de rastrexadores existentes na actualidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

7.6 1824 (11/PUP-000067)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre os erros que xeraron unha situación de contaxio masivo por covid-19 nas residencias de maiores, como nas do Incio e de Outeiro de Rei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.7 1827 (11/PUP-000069)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Armada Pérez, José Antonio e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da orixe e das causas dos distintos lumes que asediaron a provincia de Ourense na segunda fin de semana de setembro de 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.8 1831 (11/PUP-000070)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e González Albert, María**

Sobre a opinión da Consellería do Medio rural respecto das causas da reiteración dos lumes en Galicia, nomeadamente na provincia de Ourense, e as medidas previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.9 1202 (11/POP-000078)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre a consideración polo Goberno galego da posibilidade de reinvestir no propio sector marisqueiro a parte que poida quedar sen adxudicar do orzamento destinado á convocatoria de axudas da Consellería do Mar publicada na Orde do 4 de agosto de 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Gonzalo Trenor López. (Punto preliminar da orde do día.)

En lugar da prestación de promesa ou xuramento prevista na orde do día, a do señor Trenor López, que finalmente non se produce, inclúuse neste punto preliminar a de dous novos deputados e dunha deputada. (Páx. 11.)

Logo de prestar o xuramento ou a promesa, D. Xosé Luís Ferro Iglesias, D. Rubén Lorenzo Gómez e D^a Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez acadan a condición plena de deputados e deputada, respectivamente, do Parlamento de Galicia. (Páx. 11.)

Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara da X lexislatura o 11 de febreiro de 2020. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 15, do 16 de setembro de 2020, se publicou a resolución da Presidencia que dá conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da X lexislatura o 11 de febreiro de 2020, así como o prazo do que dispoñen as deputadas, deputados e grupos parlamentarios para presentar obxeccións contra a súa vixencia. (Páx. 12.)

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, proposta polas deputadas e polos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión da pandemia da covid-19 nas residencias de maiores e nos centros de discapacidade de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente, antes de entrar neste punto, lémbrales aos membros da Cámara a obrigatoriedade do uso da máscara e determinados aspectos do proceso habitual de votación das proposicións non de lei, mocións e textos lexislativos. (Páx. 12.)

Rolda do G.P. proponente: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 13.)

Rolda dos GG. PP. non proponentes: Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 15.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 18.)



Rolda de réplica do G. P. proponente: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 21.)

Votación da solicitude de creación da comisión de investigación

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polas deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión da pandemia da covid-19 nas residencias de maiores e nos centros de discapacidade de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 22.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comúncalle á Cámara unha modificación na ordenación do debate, previamente aprobada por asentimento, que afecta o punto terceiro da orde do día. (Páx. 23.)

Proposición non de lei do G. P. Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 23.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Puy Fraga (P)* (Páx. 29.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 37.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 40.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e trece deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público co obxecto de permitir ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da covid-19. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 48.)
e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 51.)

A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 53.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre a creación, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, dunha comisión parlamentaria de investigación sobre os feitos e contaxios da covid-19 acontecidos nas residencias de maiores durante a primeira vaga, coa achega da información precisa sobre os pasamentos de usuarios de residencias galegas polo virus. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 59.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 62.)

Nova intervención da señora Ortega Otero (S). (Páx. 65.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e catorce deputados/as máis, sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da fixación dun prezo eléctrico competitivo para os consumidores electrointensivos e o compromiso para que o plan industrial para Alcoa poida optar ao Fondo Europeo de Recuperación. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 67.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 70.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 73.)

A señora Candia López (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 76.)

Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico que está a ter para a comunidade educativa a obrigatoriedade do uso de máscaras e material de seguridade e limpeza como consecuencia da covid-19. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 78.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 81.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rodeiro Tato (P). (Páx. 84.)

O señor Lourenzo Sobral (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 87.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención* (Páx. 88.)

Votación da letra b) do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 89.)

Votación do texto transaccionado, agás a letra b) do punto 1, da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención*. (Páx. 89.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e trece deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público co obxecto de permitir ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da covid-19: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención*. (Páx. 89.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre a creación, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, dunha comisión parlamentaria de investigación sobre os feitos e contaxios da covid-19 acontecidos nas residencias de maiores durante a primeira vaga, coa achega da información precisa sobre os pasamentos de usuarios de residencias galegas polo virus: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 90.)

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e catorce deputados máis, sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da fixación dun prezo eléctrico competitivo para os consumidores electrointensivos e o compromiso para que o plan industrial para Alcoa poida optar ao Fondo Europeo de Recuperación: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención*. (Páx. 90.)



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico que está a ter para a comunidade educativa a obrigatoriedade do uso de máscaras e material de seguridade e limpeza como consecuencia da covid-19: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Modificación na orde do día polo aprazamento de dúas interpelacións

Antes de dar paso ao debate das interpelacións, o señor presidente comunica o aprazamento de dúas delas logo da solicitude do Goberno (Páx. 91.)

Interpelación de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoto deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 na atención presencial da Atención Primaria. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 91.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 94.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 98.)

Suspéndese a sesión ás cinco e cincuenta e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia e delegou o seu voto a deputada Sandra Vázquez Domínguez por maternidade. Todo iso ao abeiro do disposto no artigo 84.3 do Regulamento da Cámara. Polo tanto, exerce o seu dereito á delegación do voto, que o fai no deputado don Pedro Puy Fraga.

E, sen máis, entramos no desenrolo da orde do día co punto preliminar.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Gonzalo Trenor López

(Non se produce a prestación de promesa ou xuramento do señor Trenor López, prevista na orde do día, e inclúense as dunha nova deputada e outros dous novos deputados.)

O señor PRESIDENTE: Todo isto facémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7 do Regulamento. E, polo tanto, procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía da nova deputada e dos novos deputados. A formula é contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta que lles imos formular desde esta Presidencia.

Prégolles que respondan dende o escano á pregunta que lles vou formular.

Don Xosé Luís Ferro Iglesias, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor FERRO IGLESIAS: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Don Rubén Lorenzo Gómez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor LORENZO GÓMEZ: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dona Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?



A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo tanto, feitas as promesas e o xuramento, adquiren vostedes a condición plena de deputada e deputados deste Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pasamos ao primeiro punto.

Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara da X lexislatura o 11 de febreiro de 2020

O señor PRESIDENTE: Todo isto é conforme os artigos 57 e 59 do Regulamento. E participolles ás súas señorías que no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 15, do 16 de setembro de 2020, se publica a resolución desta Presidencia dando conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente dende a disolución da X lexislatura o 11 de febreiro de 2020.

Subliño que tanto as deputadas e os deputados como os grupos parlamentarios poderán formular, de acordo co disposto no artigo 57 do Regulamento, obxeccións contra a vixencia dos devanditos acordos dentro dun prazo de quince días a partir do día da data. De producirse, daráselle o trámite establecido no punto 3 do dito artigo.

Polo tanto, agora entramos no segundo punto da orde do día.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, proposta polas deputadas e polos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión da pandemia da covid-19 nas residencias de maiores e nos centros de discapacidade de Galicia

O señor PRESIDENTE: E antes de entrar neste debate, hai dúas consideracións que eu lles quería recordar a todas as deputadas e deputados. Primeiro, a obrigatoriedade do uso da máscara. Témolos que facer. Non será necesario utilizar a máscara dende a tribuna pero nos escanos si temos que utilizar a máscara. Comento tamén —que hai deputados e deputadas novas— que as proposicións non de lei, as mocións e os textos lexislativos —de habelos— vótanse conxuntamente unha vez que estes sexan debatidos. Para iso pois xa saben que procederemos a avisar oportunamente a través dos sinais acústicos deste Parlamento.

E entramos xa sen máis no punto segundo da orde do día, a solicitud de creación dunha comisión de investigación. Hai, polo tanto, unha rolda do grupo parlamentario solicitante para defender a súa proposta.

E para iso ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón Mondelo.



A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, estamos vivindo un momento complexo e difícil que ten na angustia a milleiros de persoas no medio dunha pandemia que está causando estragos en termos económicos e sociais, pero sobre todo en termos de saúde e de vidas humanas. É unha pandemia que nos deixa dor e sufrimento; en particular, a 716 familias que perderon un dos seus seres queridos e ás que desde aquí queremos enviarlles de novo todo o noso apoio, solidariedade e afecto.

Pero, se a pandemia tivo unha zona cero, foron as residencias da terceira idade. E hoxe, neste segundo gromo que estamos vivindo, volven ser motivo de enorme preocupación, sumando vítimas mortais e contaxios masivos. As cifras lamentablemente son moi claras, o 45 % dos falecementos por covid-19 afectaron as persoas maiores usuarias dunha residencia. Fíxense, en Galiza hai unhas 384.000 persoas que teñen entre 70 e 85 anos. Destas só 20.000 estaban nunha residencia. E a pregunta é moi simple: ¿por que?, ¿por que un colectivo de apenas 20.000 persoas soporta o 45 % dos falecementos da covid? ¿Por que, señorías? ¿Que fallou? ¿Por que volve repetirse a situación seis meses despois? ¿Que temos que facer para evitalo, para protexer os nosos avós, avoas, os nosos pais e nais?

Responder estas preguntas é a finalidade da comisión de investigación que propón o BNG, desde o convencemento de que este Parlamento ten a obriga ética e moral de esclarecer o que pasou, de coñecer a verdade, de analizar os erros e de corrixilos para evitar que volvan repetirse. Temos a obriga de que nunca máis os nosos maiores se vexan indefensos ou se sintan abandonados polas institucións. Temos que traballar na elaboración dun novo modelo de residencias que garanta o dereito a unha vellez digna. E isto —permítanme que o diga— non é unha opción, é un imperativo, unha débeda coas familias e co conxunto da sociedade que desde este Parlamento temos a obriga de saldar. Nos comprometémonos desde o BNG a que esta fose unha das primeiras iniciativas, e aquí estamos cumprindo a nosa palabra co conxunto da sociedade e coas familias.

Por iso, señores e señoras deputadas do PP —e quero dirixirme tamén ao señor presidente da Xunta, do que hoxe só hai un banco baleiro—, pídolles que non convertan esta proposta na crónica dunha votación anunciada. Pídolles que recapaciten, que non lles respondan nin ás familias nin ás vítimas nin ao conxunto da sociedade co seu rodillo parlamentario, que deixen de lado nesta lexislatura tan especial esa práctica do absolutismo xordo e que por unha vez escoiten e demostren que as palabras do señor Feijóo, cando ofrecía diálogo e negociación, non eran un mero titular de prensa que morre nun día. Porque o que fai grande un país non son os quilómetros de autoestrada nin os quilómetros de chapapote nin o número de vehículos; o que fai grande un país é a súa capacidade para xerar unha sociedade xusta e igual, capaz de coidar as persoas máis vulnerables. Un país é grande cando a vida dunha persoa ten o mesmo valor con independencia de cal sexa a súa idade, de onde viva ou das súas condicións económicas.

A covid-19 demostrou con total crueza que Galiza ten que mudar radicalmente o sistema de coidados das persoas maiores, que hai que mudar un sistema de residencias da terceira idade maioritariamente privatizado no que o dereito a unha vellez digna é obxecto de negocio para un puñado de empresas, algunhas delas mesmo controladas por fondos de investimento ou fondos vóitre.



Voules citar só un exemplo, o dunha empresa como DomusVi, que é unha das multinacionais que controla o sector das residencias do conxunto do Estado e que conta en Galiza con 17 centros —a maioría deles provenientes de Sogaser— . E é precisamente Galiza —despois de Madrid— a segunda comunidade onde teñen unha maior presenza. Pois ben, esta empresa opera con dúcias de sociedades e ten dous accionistas de referencia: un fondo de investimento británico e un fondo de investimento propiedade dun multimillonario francés.

Todas e todos sabemos o que pasou nas residencias DomusVi San Lázaro, DomusVi Barreiro, DomusVi Aldán ou DomusVi Outeiro de Rei. O que pasou foi que houbo centos de persoas contaxiadas, ás veces cunha afectación de até case o 80 % das persoas que eran residentes e de traballadores, e cunha consecuencia dramática —porque as vidas non se recuperan—: dúcias de persoas falecidas. É unha trágica constatación de que non se pode deixar o coidado das persoas maiores en mans de fondos especulativos que ven na vellez unha mera mercadoría, un negocio co que obter o máximo beneficio posible.

E quero, desde logo, recoñecerlles o traballo ás persoas, ás traballadoras desas residencias —a maioría precarias—, que demostraron unha entrega e unha dedicación que foron admirables durante toda a pandemia, (*Aplausos.*) e que salvaron vidas precisamente con esa dedicación. (*Aplausos.*)

¿E cal foi o papel do Goberno do señor Feijóo neste asunto de máxima gravidade? Pois vimos un *modus operandi* moi claro: primeiro, intentar eludir responsabilidades; despois, improvisación, cunha reacción tardía e insuficiente e a adopción de medidas incomprensibles, como o feito de non trasladar a hospitais a todos os residentes contaxiados aínda non existindo colapso nas UCI —unha decisión que non entenden nin as familias nin a sociedade—

O Goberno de Feijóo non tivo a capacidade de anticipación no drama das residencias. Pero é que aínda a día de hoxe estamos vendo como se tropeza outra vez na mesma pedra e non se actúa para previr senón que se actúa cando o problema xa está aí, cando se rexistran contaxios masivos e mesmo vítimas mortais.

Nós, desde o BNG, pedimos o 2 de abril a intervención de todas as residencias privadas de maiores como unha medida para que, mentres durase a pandemia, o Goberno tivese capacidade de control sobre un dos puntos máis débiles da xestión e, polo tanto, capacidade de anticipación. A súa decisión foi non facelo, e tamén creo que é decisión e responsabilidade do Goberno explicar por que.

E neste contexto temos que actuar, temos que investigar, detectar os erros para poder corrixilos e presentar unha alternativa fronte a un modelo que fai augas por todos os lados, como é ese modelo de residencias privatizado que fai negocio coa vellez. E este modelo —eu quero dicilo— é que xa facía augas antes da chegada do coronavirus. Temos aí un informe do Consello de Contas de setembro de 2018, un informe que, por certo, o Goberno do Partido Popular ignorou e que ademais viña precedido de múltiples denuncias dos traballadores e traballadoras, e tamén das propias familias. Fíxense, o informe do Consello de Contas denunciaba que non se cumprían as ratios de persoal, que non se cumprían os cadros de persoal



en relación co persoal ofertado, deficiencias nas instalacións, desperfectos e estado inadecuado, incumprimento dos protocolos de funcionamento nada máis e nada menos que no 80 % dos casos e das actas levantadas. E, pese a todo isto, o que fixo a Consellería de Política Social non foi aumentar as inspeccións. Non, non, o que fixo foi reducir as inspeccións. E mesmo naqueles casos nos que se detectou que había irregularidades non se procedeu á aplicación de sancións nin se exixiu a súa corrección —pese a que nas actas se recolle que algunhas destas infraccións son constitutivas de delito—.

Pero é que non foi o Consello de Contas o único en denunciar irregularidades. En febreiro de 2020 —¡febreiro de 2020!— a representación das traballadoras de DomusVi San Lázaro rexistraban un escrito na Consellería de Política Social no que relataban as insuficiencias e os problemas que tiña este centro. Nesta residencia todos e todas sabemos o que pasou: que non se fixo nada. E vimos lamentablemente como precisamente na DomusVi de San Lázaro faleceu un de cada tres residentes. E esta residencia xa era unha das que examinara o Consello de Contas no seu día.

Pero que esteamos ante un nefasto modelo privatizado non significa que non se estea drenando recursos públicos para este sistema privatizado. Reciben millóns en axudas públicas a través de prazas concertadas e a cesión da xestión de centros públicos. No BNG estamos convencidos e convencidas de que esta pandemia ten que significar un punto de inflexión en moitos ámbitos, pero nomeadamente en todo o que rodea o coidado e a atención das persoas maiores no noso país. E para iso é necesario coñecer, estudar e investigar o que se fixo mal. Porque, miren, hai situacións que non son admisibles nin con vella nin con nova normalidade, e unha delas é a situación que se vive nas residencias de maiores. As familias e o conxunto da sociedade reclaman unha comisión de investigación para coñecer a verdade e pídennos que nos poñamos man á obra para avanzar nun modelo que garanta o dereito a unha vellez digna. E nese modelo queremos traballar desde o BNG.

Señorías, esta comisión non vai contra ninguén. Esta é unha comisión que vai a favor das persoas maiores do noso país para que nunca máis se sintan abandonadas polas institucións e nunca máis se faga negocio co seu dereito a unha vellez digna.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, seguimos vivindo nunha pandemia, nunha crise sanitaria de enorme envergadura —algo que nunca viramos ao longo da nosa vida, algo que ningún de nós podía tampouco prever hai uns cantos anos—, nun escenario de incerteza e de riscos sanitarios, nun escenario no que temos que poñer todo o servizo público en defensa das persoas.



Esta crise da covid afecta en risco a toda a poboación, pero afecta especialmente os nosos maiores, os que están nunha idade avanzada e que teñen os maiores riscos de poder perder a súa vida se son contaxiados ou se son afectados. E por iso vaian as primeiras palabras neste novo período de sesións por parte do Partido Socialista de Galicia para as familias das vítimas que ao longo destes meses perderon a súa vida. Para eles vai todo o noso agarimo, o noso apoio e a nosa fraternidade —co orgullo tamén do traballo que fai o noso país e a cidadanía día a día protexéndose con prudencia fronte a este risco—. Querémolo dicir tamén para plantexar que en momentos críticos coma este, cando se lanza de forma continua a necesidade de chegar a acordos de país, é cando é necesario amosar esa vontade de cooperación e de unidade co voto no Parlamento de Galicia.

O Parlamento de Galicia ten que dar voz e resposta ás demandas do noso país, e hai unha sensibilidade extrema e unha necesidade de empatía por parte dos representantes políticos da cidadanía galega para entender que, despois de que 317 maiores vinculados a residencias faleceran pola covid nestes meses, despois de que 720 galegos perderan a súa vida cos contaxios, é necesario cumprir cunha comisión de investigación para aclarar o acontecido. Témo-lo que facer porque nolo piden as familias das vítimas, témo-lo que facer porque nolo piden as traballadoras e os traballadores nas residencias, que dende o primeiro momento, en circunstancias ás veces de falla de protección e de seguridade, estiveron dando tamén o mellor de si para protexer os nosos maiores. E se os traballadores e as traballadoras fixeron ese esforzo, ¿como non vai o Parlamento de Galicia ter o compromiso e a responsabilidade de poñerse a carón das familias das vítimas, a carón dos traballadores e das traballadoras das residencias, para poder dar información, para poder aclarar o que non sabemos, para facer investigación —que é información e que é tamén a forma de poder acertar nos retos que temos para o futuro—?

Ao longo destes seis meses, dende que o día 13 de marzo se decretara o estado de emerxencia e ao día seguinte o estado de alarma, vimos na DomusVi de San Lázaro, na DomusVi de Barreiro, na DomusVi de Cangas —en Aldán—, na residencia de San Carlos, en Celanova ou na da Nosa Señora da Esperanza, da Farixa (San Rosendo), como dende a primeira onda houbo tantos problemas, porque nesa primeira onda de contaxios faleceron 274 residentes. E, ademais deses, hai que dicir que faleceu neses meses tamén un número maior ao habitual de maiores que estaban en residencias sen terse detectado ou diagnosticado a covid. Pero temos moitos casos —eu contei aquí algún moi claro— de cidadáns que perderon a súa vida nunha residencia de maiores despois de estar convivindo durante días con outro contaxiado e que non se computan porque non se lles fixeron as probas neses días.

E, polo tanto —sen con isto buscar ningún revisionismo pero si sendo conscientes dos problemas, sabendo que o virus ataca os nosos maiores e que temos que defender a nosa xente maior—, é unha débeda moral, é dignidade. Galicia necesita este exercicio de investigación e de clarificación porque se non honramos os nosos maiores perdemos a dignidade como país. *(Aplausos.)* E por iso o Parlamento de Galicia ten que cumprir cando escoitamos como a directora de DomusVi en Aldán nos dicía que ogallá ela soubese o que pasou, o que se fixo mal —¡non sabía cales foron os erros cando pasaron dun día para outro de 5 contaxiados a 100 contaxiados!—, ou cando a directora de DomusVi en San Lázaro manifestaba a sorpresa cando se lle trasladou un protocolo que indicaba derivar unicamente os residentes maiores



máis válidos aos centros de saúde, aos hospitais. Literalmente di: «A día de hoy continúo preguntándome por qué ese criterio. No lo entiendo. Mi sorpresa es que me indican que el protocolo indica derivar unicamente a los más válidos, a los autónomos; por lo que nos quedan en el centro los grandes dependientes, los más frágiles, y casi seguro que los que peor evolucionarían ante un contagio».

E por iso temos que dar resposta a estes problemas. Porque pasou esa primeira onda, con tanta gravidade, e evidenciouse que hai problemas no modelo de residencias en Galicia: problemas estruturais, de falla de control, problemas de persoal. Segundo os datos da Consellería, referendados polo informe do Consello de Contas, á medida que aumentaba o número de residencias de maiores en Galicia reducíase o número de inspeccións previstas —de 429 a 216 inspeccións previstas—, porque o número de residencias aumentaba pero o número de inspectores non aumentaba en proporción. Mentres aumentaba o 26 % o número de residencias, o número de efectivos na inspección era o mesmo, porque as actas sinalan que non se corruxían as deficiencias detectadas nas residencias. No 40 % das actas hai incidencias de persoal, e cando chegaban os inspectores había ratios de persoal por debaixo do legalmente permitido. No 46 % das actas detectouse tamén que había deficiencias nas instalacións e no equipamento, e no 80 % das actas —segundo o informe do Consello de Contas— recóllense incidencias sobre protocolos de funcionamento con falta de rigor nos rexistros.

O modelo de residencias necesita, por tanto, un novo enfoque; non soamente o modelo de residencias, senón o modelo de atención aos nosos maiores. Porque a maioría dos galegos, cando aspira a ter unha vellez digna, non está pensando simplemente en estar nunha residencia senón en ter tamén outras formas de apoio para poder vivir con dignidade.

Pero o Consello de Contas aínda era máis demoledor, porque dicía que a Inspección advirte infraccións sen sancións en materia de servizos sociais. E a renglón seguido sinalaba: «A pesar de que os centros non corruxiron as irregularidades observadas, a Inspección non proxuxo a iniciación de expedientes sancionadores».

Por iso lle debemos a Galicia esta investigación. Porque chegou unha segunda onda e de repente nos atopamos con que na residencia do Incio hai máis de cen contaxios e máis de dez falecidos; na residencia de Outeiro, máis de cen contaxios, e tamén con máis de dez falecidos; que na residencia de Culleredo hai unha necesidade de intervención porque a práctica totalidade, 24 dos 26 residentes, teñen a covid. E por iso temos que preguntarnos o que pasou, que estamos facendo, que fallou para saber como arranxalo. Porque non aprendemos o suficiente na primeira onda, e nesta segunda onda seguimos tendo problemas evidentes. Hai que ver se fallan os protocolos, se falla a aplicación destes, se fallaron os problemas estruturais, se fallou a inspección. ¿Como podemos protexer os nosos maiores, que o delito que teñen é ter dereito a unha vellez digna e a estar nas residencias. E por iso temos que afrontar este exercicio de dignidade co noso país.

E eu quero pedirlle a toda a Cámara parlamentaria que abra esta comisión de investigación, que a abramos porque llelo debemos aos galegos e ás galegas. E esa é a posición dos socialistas galegos. Pedimos a comisión de investigación xa nos primeiros momentos, cando se empezou a evidenciar e cando o pedían as asociacións de familias de residentes nas residencias de maiores, cando se evidenciaron os problemas incluso nas residencias que se de-



cretaban como limpas, como centros de seguridade para os nosos maiores, e onde tamén houbo contaxios. Temos que aprender.

O 26 de agosto o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha proposición non de lei, que hoxe vai ser tamén debatida, para pedir a comisión de investigación. E ao día seguinte levamos tamén á Mesa do Parlamento a proposta de que a propia Mesa puidese plantexar a necesidade desa comisión de investigación como unha cuestión de país. E quérolle pedir ao presidente da Xunta de Galicia —hoxe aquí ausente— que non vete a comisión de investigación, que colla a iniciativa, o impulso, que vai ter responsabilidade á hora de analizar as causas dos problemas e tamén á hora de traballar para os problemas do futuro.

Creo que esta intervención é unha mostra da disposición e da boa vontade, porque, sen dúbida, é fácil facer outros plantexamentos, que nin facemos nin imos facer porque cremos que fronte ao virus todos temos que asumir as nosas responsabilidades. E é o que nos pide o país. Pero para ter grandes acordos de país, para ter grandes bazas e posibilidades de atopar encontros no noso país, cremos que esta débeda moral cos maiores que perderon a súa vida nas residencias, cos máis de 20.000 galegos maiores que seguen en residencias e que cada día están preocupados, que teñen medo, que saben que hai un risco evidente, con esas familias que tampouco teñen os protocolos e o persoal suficiente para poder facer visitas adecuadas en seguridade e de forma regular a eses maiores, nos obriga a que pensemos neles. Por un só maior dos que faleceron pola covid nunha residencia sería xa xustificada unha investigación, un exercicio de corresponsabilidade por parte de todos no Parlamento galego. Cada un dos falecidos non é un número, é un cidadán, como todos sabemos. E, polo tanto, polos que estaban e non están, e polos que están e teñen que seguir estando, debemos abrir unha investigación responsable para dar información ao país. Esa é a vontade do Grupo Parlamentario Socialista e, dende logo, solicitamos a unanimidade da Cámara, do Parlamento galego, para aproximarnos ás necesidades, aos retos e tamén ás demandas que nos fai a sociedade galega.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Sempre que cómpre falar de residencias neste momento que estamos a vivir en nome do Grupo Popular quero reiterar a expresión de dor e expresar as nosas condolencias coas familias de todos os falecidos pola pandemia, tanto dos que residían en centros para maiores ou discapacitados como en xeral coas de todos os que faleceron en Galicia. Pero neste caso concreto eu tamén quero expresar o noso apoio e a nosa solidariedade con todos os profe-



sionais das residencias públicas que están a traballar en Galicia facendo un labor encomiable. E refírome aos do 7 % das residencias que son públicas municipais, aos do 13 % que son as residencias públicas autonómicas, pero tamén —¡como non!— aos traballadores do 45 % do total das residencias que hai en Galicia que son entidades de iniciativa social e tamén aos que traballan nas residencias de iniciativa privada —o 33 % restante, e das cales só, como moito, un 14 % non son propiedade de pequenos socios locais senón de entidades grandes, de grandes fondos de investimento—. Porque esta é a realidade das nosas residencias. E cando mostramos o noso apoio facémolo precisamente porque sabemos a entrega, moitas veces desinteresada, maiormente levada polo amor aos demais, que se está a desenvolver en moitas das residencias, na maioría das residencias —que aquí simplemente se queren referir a elas como residencias privadas—.

É certo que a covid tivo un efecto moi duro nas persoas maiores. Cómpre recordar algúns datos. O 90% dos falecidos en España tiña máis de 70 anos, o 70 % tiña máis de 80 anos, a media de idade —son datos recentes— estaba en 83,6 anos. En toda Europa —e España non foi unha excepción— a incidencia foi moi superior e con efectos máis letais nas persoas maiores —que moitas veces tiñan a situación, ademais, de vir acompañada con outras patoloxías—. E, polo tanto, neste contexto as residencias sufriron especialmente o forte golpe da covid.

É certo que a distribución da incidencia da covid nas residencias é moi asimétrica. Se miramos, por exemplo, o número de falecementos de residentes, faleceran na propia residencia ou nunha institución hospitalaria, nun hospital, vemos que os residentes que faleceron sobre o total nalgúns comunidades autónomas chegou ao 80 %; por exemplo, na de Navarra ou, por exemplo, na de Asturias, que tivo unha baixa incidencia da covid. A media de España é que o 51,06 % dos falecidos eran residentes en centros para maiores ou discapacitados. En Galicia a incidencia é menor, é do 44,36 %. Estamos, certamente, ante uns datos tremendos, pero nos que Galicia tampouco é a que destaca pola gravidade da situación nas residencias en comparación co conxunto do país.

Se miramos os residentes falecidos por total de prazas, así como en Madrid —que é a primeira comunidade autónoma— faleceron o 18 % dos residentes sobre o total de prazas en residencias, e en España o 4,23 %, en Galicia é o 1,50 %; unha cifra que novamente reitera que o dramático da situación, evidentemente, en Galicia non se produciu aos niveis nin sequera da media, e, desde logo, está lonxe doutras comunidades autónomas. Se vemos o número de residentes falecidos sobre o total de poboación, en Madrid chega ao 0,132 %, a media de España é do 0,042 % e en Galicia é o 0,011 %.

Por tanto, é unha situación gravísima, situación que todos queremos evitar, pero o certo é que en Galicia non é das peores nin moito menos. É unha das comunidades, das catro comunidades, nas que a incidencia da covid e da letalidade da covid nas residencias foi máis baixa.

Isto, ademais, coincide cos datos xerais da xestión da pandemia. Hoxe mesmo o Ministerio publica datos e vemos que a incidencia por 100.000 habitantes en Galicia é de 118, fronte a unha media de 280 no conxunto de España. E a incidencia por 100.000 habitantes nos últimos sete días en Galicia é de 54,7 fronte a 131 no conxunto de España.



Insisto, a situación é grave e exige unha reacción dos poderes públicos, exige unha resposta ás familias dos residentes, exige unha resposta aos propios residentes que permanecen nas residencias, exige unha resposta a toda a sociedade. A cuestión é decidir como facelo, e podemos —xa que nós imos con retraso, en relación coa constitución da Cámara, sobre os parlamentos que estaban xa constituídos— analizar as experiencias alleas, as experiencias dos parlamentos onde teñen maioría o Partido Socialista e os nacionalistas e ver que é o que fixeron.

En España constituíronse nas comunidades autónomas 11 comisións de reactivación, de reconstrución e de reinicio da actividade tras a covid, foron 11. Ademais, foi que se fixo nas Cortes, no Congreso dos Deputados. Catro comunidades non fixeron nada, unha constituíu unha comisión informativa máis unha comisión de estudo sobre as residencias —que é o caso de Aragón—. E en Galicia temos constituída, como na maioría das comunidades autónomas, unha comisión de reactivación para estudar todo o que ten que ver coa sanidade, coa política social, coa política cultural e con todo aquilo ao que a covid afectou, comezando tamén, lóxicamente, pola reactivación económica. Hai unicamente dúas comunidades onde coexiste unha comisión xeral para analizar a incidencia da covid —tamén nas residencias— cunha comisión específica de investigación sobre as residencias. Son as comunidades de Cataluña —onde a pediu a oposición e unha parte do goberno a aprobou para fastidiar á outra parte do goberno, concretamente Junts per Catalunya porque o xestionaba Esquerra Republicana— e a de Madrid, onde novamente a pide a oposición pero quen a apoia é un grupo, Ciudadanos, porque quen xestiona as residencias é o outro, que é o Grupo Popular. Ese é o exemplo que hai en España de comisións de investigación coexistindo con comisións de reactivación, comunidades nas que eu creo que a situación política é moi diferente. E, certamente, se podemos evitar que aquí se traian ese tipo de estilos, desde logo a maioría vai facelo.

Compartimos, sen embargo, os obxectivos de fondo que vostedes dixeron —polo menos os que declaran—, como investigar en profundidade para detectar erros e carencias e garantir a súa corrección —díxoo o Bloque—; ou, como dixo o señor Caballero, aclarar o que non funcionou nas residencias, con carácter construtivo e propositivo. Con iso estamos de acordo, pero entendemos que unha comisión de investigación non é o mellor instrumento para traballar construtivamente. Temos experiencia nesta Cámara. Temos experiencia en comisións de estudo que foron moi frutíferas; por exemplo, a máis recente, a do combate contra o lume forestal. E temos moitos exemplos de fracasos en chegar a acordos en comisións de investigación. É máis, tan é así que, cando se plantexa nas Cortes facer unha comisión de investigación para analizar cales foron os fallos do Goberno de España na xestión da crise, o Bloque argumenta a través do seu único deputado que está en contra de constituír esa comisión porque é unha proposta partidista e demagóxica a pesar de que o señor Pedro Sánchez cometeu erros evidentes. E o Grupo Socialista, a través da súa presidenta, di que ve inadecuada a comisión para investigar a xestión da pandemia tratándose unicamente dunha manobra de distracción do señor Casado.

Se o obxectivo é coñecer, como pretendemos, a realidade, proporcionar ideas á Cámara e unha explicación á sociedade, entendemos que o apropiado é unha comisión de estudo, na que poderemos analizar os feitos sen ningunha restrición, detectar os problemas que xurdiron na xestión das residencias e propoñer melloras. Para iso estamos abertos, e para iso constituímos a comisión a semana pasada de reactivación económica, social e cultural de Galicia.



Se vostedes, ademais, aínda persisten na idea de crear unha comisión de investigación, teñen a posibilidade que non tivemos nós na oposición nunca, a de que a oposición puidese constituír unha comisión de investigación sen o concurso da maioría; polo tanto, vostedes aínda así poden facelo. Pero eu aconsellaríalles, por responsabilidade, que non o fagan. Porque, se queremos traballar para mellorar a situación e explicarlles ás familias o que ocorreu e ofrecerlles aos maiores do futuro un mellor sistema de protección, o máis axeitado é que nos poñamos de acordo sobre esta cuestión na nova comisión de estudo para a reactivación económica, social e cultural de Galicia. Aí atoparannos prestos ao diálogo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica do grupo parlamentario solicitante, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señor presidente.

Quero, en primeiro lugar, agradecer as palabras e o apoio do Grupo Socialista a esta iniciativa.

Gustaríame facer algunhas consideracións a respecto da intervención que acaba de facer en nome do Grupo Parlamentario Popular o señor Puy.

A min o primeiro que me gustaría é que fósemos conscientes de que estamos falando dun tema que é enormemente delicado. E eu sempre fago un exercicio, que é intentar poñerme na pel dos demais. E poñerse na pel dos demais significa neste momento pensar no que estará sentindo unha persoa que durante meses non puido ver o seu pai, a súa nai ou a súa tía nunha residencia, que un día descolgou o teléfono e lle dixeron que esa persoa falecera, que nin tan sequera puido ir ao funeral, que non puido nin compartir a súa dor cos seus seres queridos, e que o que escoita hoxe é que esa dor e esa persoa non ten importancia porque este é un problema de medias. *(Aplausos.)* Isto non é un problema de medias, é un problema de respecto pola dor das vítimas, e de verdade que me parece lamentable. Non é un problema de medias.

Vostede vén aquí e dilles a esas familias —a esas máis de trescentas familias— que como aquí non o fixeron tan mal como Ayuso non hai ningún problema. ¡Claro que hai un problema! Hai unha responsabilidade que ten a Administración e que non se pode eludir detrás de ningunha cifra, de ningunha media e de ningunha estatística, porque é un problema moi grave, moi grave.

E nós dixémolo desde o inicio, e dixémolo nesta intervención: esta comisión non vai contra ninguén. Esta é unha comisión que pretende traballar a favor da verdade, do que nos están pedindo as propias familias, que é que aclaremos que pasou. Porque, se un non reconece os erros, o que pasa é que segue tropezando continuamente na mesma pedra. E esta é unha pedra moi dura porque non estamos falando dun problema de que o PIB sobe unha décima ou baixa unha décima, estamos falando dunha vida que é irrecuperable. Polo tanto, nós o que lles pedimos é que recapaciten e, desde logo, por respecto á dor das familias e ao drama que se viviu, dicímoslles que temos que facer algo.



A min sorpréndeme que aquí se veñan criticar agora as comisións de investigación. Unha comisión de investigación funcionará se todos e todas os que participamos nela traballamos precisamente co afán de que poida cumprir a súa función. Claro, se o grupo maioritario, que ao final é o que ten moita capacidade sobre como poden funcionar as comisións, en vez de traballar a prol de que coñezamos a verdade, traballa para entorpecer o traballo desa comisión, entón o instrumento vese deturpado. Pero o problema non é a creación dunha comisión de investigación, é a vontade coa que se quere traballar nun tema —insisto— tan sensible.

Eu non sei se entendín ben ou mal. Nós desde Galiza podemos demostrar que efectivamente a política está á altura do que neste momento está reclamando a sociedade, e a min, particularmente, impórtame ben pouco o que pase noutros parlamentos autonómicos. O que me importa é o que pasa no meu país e a resposta que lles damos aos nosos maiores. *(Aplausos.)* Iso é o que nos debe preocupar; demostremos que somos diferentes e que podemos darlle unha resposta mellor á xente deste país.

Non sei se o problema para vostedes, señor Puy, é que poña «comisión de investigación». Se ese é o problema, nós para o que o emprazamos é para que creemos unha comisión de estudo específica sobre o que pasou nas residencias de maiores e para que abordemos o cambio de modelo. Porque —insisto— para nós o menos relevante é se pon “investigación” ou “estudo”; o relevante é que lle deamos unha resposta ao que nos están reclamando as familias e, honestamente, creo que este tema é de tal gravidade e ten tal dimensión de futuro que non podemos consideralo un apéndice doutra comisión.

É un tema moi grave, entre outras cousas porque un dos grandes desafíos que temos como sociedade é como imos cambiar o modelo de coidado dos nosos maiores, que despois dunha vida de esforzo merecen algo máis que o abandono por parte das institucións. *(Aplausos.)* E o grave é que a situación da covid persiste. Nós dicímolos con afán construtivo, o que non pode ser é que a Xunta sempre vaia por detrás dos problemas, porque, neste caso, cando se vai por detrás dos problemas, as que están pagando esa incapacidade de responder das institucións son as persoas maiores, e nós queremos poñer por diante un trato digno aos nosos maiores.

Rétoos e, en todo caso, emprázoos, señores do Partido Popular, para que se o problema é «investigación» cambiemos «investigación» por «estudo» pero lles deamos a resposta que merecen ás persoas maiores do noso país.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación desta solicitude de creación da comisión de investigación. Pechen as portas, por favor.

Votamos.



Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polas deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión da pandemia da covid-19 nas residencias de maiores e nos centros de discapacidade de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41. (Inclúese o voto delegado da deputada Vázquez Domínguez, non computado inicialmente.)

O señor PRESIDENTE: Non se acepta, polo tanto, a creación desta comisión de investigación. Rematou esta votación. Abran as portas, por favor.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Agora hai unha alteración da orde do día e, polo tanto, pasamos ao punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 435.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

«O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a rematar coa opacidade na comunicación da evolución da pandemia e garantir o dereito de acceso á información relativa á covid-19 en Galiza. Polo tanto, a facilitar os datos con claridade e transparencia: número de casos novos diarios, tipo de test que se están realizando e a cantas persoas, datos por concellos, acumulado histórico...»)

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado.

Cometín un erro antes e teño que rectificalo. Os votos do partido Popular son 41 porque hai un voto delegado da deputada Sandra que olvidei eu contabilizar. Son, polo tanto, 41 votos a favor. Grazas aos servizos xurídicos por advertirmo.

Cando queira.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e todas nesta primeira PNL deste novo curso. Antes de iniciar —se me permite, señor presidente— quería recoñecer publicamente —e tamén o fixen no plano persoal— o



traballo feito ao conselleiro saínte e a todo o seu equipo, malia as evidentes e notorias discrepancias que mantivemos, e agradecerlle o que, dende o noso punto de vista, é seguro unha vocación de servizo público, que, a pesar de todas as discrepancias, foi notoria. Quería agradecerlle o seu traballo porque, dende logo, toda contribución á sanidade pública é boa e todo o traballo político feito con boa intención é bo, e queríamos agradecerllo publicamente e, a través del, a todo o seu equipo. Moitas grazas.

Ben, nós traemos hoxe unha proposta que ten que ver coa constitución dunha comisión de seguimento sobre a pandemia. O «porqué» e o «para que» é o que nos plantexamos cando queremos transmitir por que cremos que é importante e para que cremos que é importante. A cuestión é clara: vivimos unha situación excepcional e, polo tanto, necesitamos medidas excepcionais. Existe xa un avance, e é que hai unha comisión de reconstrución en marcha iniciada —os trámites parlamentarios están aí— que nós cremos importante, e así o defendemos dende o primeiro momento. Defendemos a creación de tres comisións, independentemente do formato exacto e formal que se lles poida atribuír: sobre esta reconstrución —que é necesaria—, sobre as residencias —como acabamos de debater— e sobre o seguimento da pandemia.

¿Por que? Pois fundamentalmente porque xa estamos no momento en que debemos facer ese seguimento, porque xa pasou a primeira onda. Nós traballamos dende un primeiro momento con lealdade, coa nosa oposición. Discrepamos dalgunhas cuestións, pero en termos xerais dende o noso grupo fomos leais ás decisións do Goberno, que comprendemos en todo momento que foron difíciles e duras e que era imposible que fosen sempre atinadas, porque a situación sempre foi novidosa e moi dura. Pero, aínda así, cremos que algunhas das cousas non se fixeron ben e cremos, ademais, que é moi posible construír un sistema mellor preparado aínda para o que pode vir, porque estamos ante tal incerteza que non sabemos en realidade cara a onde imos. A cuestión está en que ademais necesitamos fortalecer unha sanidade a longo prazo. Nós necesitamos ser neste momento proactivos e non reactivos, e isto é o que nós queremos propoñer.

Queremos constituír esta comisión tamén por unha cuestión de responsabilidade. Como dicíamos, é difícil que ante unha situación excepcional como a que vivimos non tomemos decisións excepcionais e limitemos o seguimento sanitario da pandemia á Comisión 5ª deste Parlamento, que ten, si, o labor de traballar sobre o eido da sanidade, pero tamén sobre outros elementos moi importantes. Pensemos que só nunha única comisión deste Parlamento se debería estar debatendo, ademais doutras cuestións —penso en termos de emprego por exemplo—, sobre políticas sociais e sanidade, ámbitos nos que probablemente debamos reflexionar moito e tomar moitas decisións. Polo tanto, cremos que é importante ampliar os marcos deste Parlamento dentro de todas as posibilidades que ofrece para poder facer este debate.

E, ademais, un último porqué, porque dende o noso grupo —e somos conscientes de que en todos os grupos é así— queremos e debemos ser partícipes de posibles decisións, de posturas políticas, de debates políticos que son relevantes.

Estes son os porqués fundamentais, e cremos que serían claramente suficientes. Se ante a situación na que nos atopamos non construímos unha comisión específica que siga a pan-



demia, que avalíe a situación, que poida ou que nos permita ver con ollos específicos o que está pasando, pois sería dificilmente comprensible.

Pero, ademais, ¿sobre que? ¿Sobre que queremos tratar ou sobre que plantexamos que se poida tratar? Hai estratexias e decisións que van ser non do día ao día —que tamén son imprescindibles e moi importantes, e aí está esa Comisión 5ª e este Pleno do Parlamento— senón a dez, quince, vinte anos, cando —quen sabe que será de nós neste Parlamento, probablemente ningún de nós siga por aquí— existirá, deberá seguir existindo, un goberno autonómico e un parlamento novo que tamén debe seguir tomando decisións. Ademais do urxente temos que traballar sobre a perspectiva temporal a longo prazo e, polo tanto, é importante ter unha comisión específica.

Cando falamos de decisións a longo prazo, ¿de que estamos falando? Estamos falando de número de profesionais. Onte fíxose tristemente público novamente o debate sobre o número de profesionais por unhas declaracións —xa saben todos— da presidenta da comunidade máis mediatizada de toda España. Alí, en Madrid, din que por provincias non hai profesionais. Non é exactamente así, e tampouco falta toda a verdade. É certo que hai ámbitos onde hai poucos profesionais, pero é certo que tamén hai medidas para construír unha posibilidade de novos profesionais, para ter maior dotación de recursos humanos no futuro.

É certo, en primeiro lugar, que hai que diferenciar entre profesionais médicos e de enfermería, como dixo onte a presidenta da Comunidade de Madrid. Tamén é certo que a sanidade é moito máis que os profesionais de medicina e enfermería, e polo tanto tamén é importante ter en conta iso. E tamén hai que ter en conta por que nalgunhas especialidades hai e por que noutras non. E tamén é importante ter en conta que quen contrata oferta condicións distintas, e iso, nunha situación de mercado laboral, ademais provoca desequilibrios. E tamén debemos ser conscientes de por que a apetencia por algunhas especialidades, por exemplo pola atención primaria, é menor. E debemos ter consciencia diso. E isto é unha cuestión que debemos tratar nesta comisión, porque, por exemplo, falando de atención primaria, esta debe ser unha prioridade elemental para afrontar esta situación actual e para ter a perspectiva de que *ad futurum* debemos ter unha atención primaria moito máis forte e moito máis reforzada, porque será, ademais, a que nos volva sacar en gran medida dun problema como o que temos. Está ben ter respiradores, está ben ter camas de UCI, pero se non hai profesionais vai ser moi difícil que poidamos afrontar ben as situacións.

E temos, ademais, dúas cuestións que teñen que ver co «para que». En primeiro lugar, é unha cuestión de coordinación, coordinación cos profesionais. Vou tratar de poñer algún exemplo sobre algúns dos temas. ¿Por que trasladamos o de coordinación cos profesionais? Existe un estudo serolóxico posto en marcha polo Goberno autonómico durante os últimos meses do que, por exemplo, os profesionais de primaria, que traballaron sobre el, non tiveron ningunha información previa, e sobre cuxa segunda fase curiosamente ninguén sabe nada. Anunciouse unha segunda fase e advertiuse da pronta publicación dos seus resultados —falo de maio—; de que todos os resultados estarían «a semana que vén» —falo do 10 de xuño—; de que os resultados xa estaban listos e unicamente había que presentalos —falo de entorno ao 20 de xuño—. E nunca se soubo nada. Debemos evitar ese tipo de cuestións porque probablemente estamos ante o que foi un dos maiores *bluffs*, e por tanto aí cremos que é importante ter criterio.



É importante ter criterios por áreas sanitarias. Hoxe, en Galicia, hai criterios e protocolos distintos en función da área sanitaria, e pode ser bastante razoable que sexa así; a cuestión é por que. Debemos tamén comunicar a todas as entidades e probablemente, na medida en que sexa posible, aos cidadáns por que os seus criterios son distintos, por que hai concellos limítrofes que teñen protocolos distintos en función da súa área sanitaria, quen o decide, por que, quen debe decidilo, ademais de quen o fai, quen debe facelo.

Temos que ser conscientes de saber como notificamos. Eu comprobei como hai persoas ás que lles chegaron notificacións de PCR negativas que nunca fixeron. E tamén comprobei como hai persoas que fixeron PCR das que nunca tiveron notificación. E sobre as dúas cuestións: profesionais sanitarios responsables de dirección e de xestión ofrecéronme explicacións plausibles. Pero é difícil ter unha explicación plausible que valla para as dúas cuestións; non valen as explicacións *ad hoc*, senón que temos que ter un criterio común.

Temos que saber cales son os protocolos ante contaxios. Eu faría unha pregunta a calquera deputado ou deputada. Sería estrañísimo que non souberamos, con milimétrica precisión, cal é o protocolo hoxe en Galicia ante un contacto cun positivo, sería estraño. E eu podería asegurar que, se todos escribíramos nunha folla o que hai que facer ante un contacto cun positivo, escribiriamos protocolos distintos. ¿Por que? Porque non temos información real e contrastada.

Temos un problema, ademais, de responsabilidade e de competencias. Xa o vimos cando a xestión estaba practicamente centralizada e cando deixou de estalo. Cando estaba centralizada, demandabamos capacidade autonómica; cando a Xunta tivo a capacidade de xestionala, estaba pedindo axuda; cando lle ofreceron as posibilidades de axuda —como, por exemplo, a declaración do estado de alarma— cualificouse de «estadiños de alarma». A cuestión está en que parece que, constantemente, o único obxectivo é confrontar. E nós cremos que é importante ter un criterio sobre que competencias queremos ante cuestións de saúde pública e que competencias cremos que son importantes ter a nivel estatal.

Precisamos unha cuestión sobre a información. Necesitamos un acordo sobre se é realmente importante ter información de casos por concellos. É máis: é posible debater sobre se é bo ou se é «perigosísima», como dixo o presidente da Xunta. Pero, se é perigosísima, ¿por que hai alcaldes —permítanme neste momento— do Partido Popular que din que teñen contacto directo co Goberno da Xunta de Galicia e anuncian cada dous ou tres días o número de contaxios no seu concello? Porque, entón, estamos ante unha discrepancia nos criterios.

Temos un problema de sistema de información, xa que non se ofrecen datos abertos. Galicia está ofrecendo o número de casos activos cada día, pero non o número de contaxios, que é confuso para a maior parte da poboación. Publícanse como contaxios casos activos e viceversa, e ese é un problema de información.

En definitiva, xa non vou falar dos rastrexadores, porque temos unha pregunta para mañá co conselleiro, pero isto de que existan vinte e se anuncien seis mil tamén é importante clarexalo.



Que non sexa por diálogo e que non sexa por non traballar. A cuestión está en que temos unha situación excepcional e plantexamos unha solución excepcional, dende o debate e o diálogo, e que nos permita ter, separadamente da actividade máis diaria —condicionada sempre pola covid, seguro—, unha capacidade de afrontar que necesitamos no noso sistema para afrontar ben o que vén, porque estamos ante unha segunda ola...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...pero probablemente poderemos ter unha terceira —menor, pero terémola— e que pasará ante posibles pandemias futuras. Isto é o que hoxe plantexamos, e pedimos o apoio deste parlamento para esta comisión.

Moitas grazas polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Eu vou empezar dicindo que o BNG vai apoiar esta proposición non de lei que presenta o Partido Socialista, porque sería normal que, nunha situación tan excepcional como a que estamos a vivir —situación motivada pola pandemia da covid-19—, o Parlamento dun país, o Parlamento de Galiza neste caso, tivera o protagonismo acorde a esa situación excepcional. Porque, nesta primeira intervención da lexislatura, eu teño que lembrar, por se alguén non o ten claro, que aquí neste parlamento reside a vontade popular do pobo galego, e debería ser neste parlamento onde se tivera a máxima relevancia para analizar os problemas que lle afectan ao pobo galego.

Actuar para que o Parlamento tivera información precisa debería ser unha prioridade para calquera grupo político; pero, lonxe disto, o Partido Popular vai na dirección contraria. Acábámolo de ver na posición que mantivo a respecto da creación dunha comisión de investigación sobre o acontecido nas residencias de maiores. Non lle parece ao Partido Popular necesario saber que aconteceu e, sobre todo, aprender para que as cousas non volvan repetirse. Ao contrario, o Partido Popular actúa para desactivar o Parlamento e facer que pase o máis inadvertido posible. E desde o BNG cremos, polo contrario, que é preciso debater sobre as medidas sociais e económicas que afectan a cidadanía, e sobre a creación de comisións especiais —neste caso, pola situación especial— para facer seguimento da crise sanitaria. Deberíamos aquí poder analizar, traballar, compartir os temas, informes, propostas, aportacións, diagnoses, medidas e accións relacionadas coa epidemia e coas súas consecuencias; porque para iso nos elixiu o pobo galego: para dar respostas aos problemas que teñen.

E, desde logo, no BNG cremos que non se poden tomar as medidas acertadas nin na intensidade realmente precisa se non se coñece o alcance do contaxio e o comportamento da pan-



demia. Cremos que resulta imprescindible contar con datos sistematizados e rigorosos, e transmitir ao conxunto da poboación confianza e veracidade nestes. E, desde logo, o pobo galego neste momento o que non ten é confianza nos datos que se lle están a transmitir, e non ten confianza na veracidade do que se lle está a transmitir.

Por iso, o BNG presentou unha emenda a esta proposición non de lei, que imos votar igual aínda que non se acepte a emenda. É unha emenda no sentido de que este Parlamento de Galiza inste o Goberno a rematar coa opacidade na comunicación da evolución da pandemia e garantir o acceso á información relativa á covid-19. Polo tanto, facilitar os datos con claridade, con transparencia... ¿Que queremos dicir con iso? Facilitar os datos do número de casos diarios, do número desagregado de novos positivos, os tipos de tests que se están realizando, a cantas persoas. Facilitar os datos por concellos, facilitar os acumulados históricos. É dicir, unha información que permita saber realmente que é o que está acontecendo. E pedimos isto porque nada do que estamos a demandar está acontecendo.

A Xunta de Galiza atópase á cabeza no Estado español en opacidade a respecto dos datos da covid-19. Hai estudos realizados por determinadas empresas onde analizan, por exemplo, o nivel e a calidade da información colgada nas páxinas web oficiais dos gobernos das comunidades autónomas, e Galiza obtén cero puntos a respecto desta análise, obtén cero puntos en canto á situación epidemiolóxica, obtén cero puntos en canto á información sobre os hospitais e a atención primaria, e obtén cero puntos sobre os tests e os rastrexados. E teño que lembrar que en Galiza hai un número do 80 % de casos dos que non se sabe a súa orixe. É sobradamente a comunidade autónoma onde isto acontece en maior medida. E por iso, fronte a isto, o que se necesitan son datos.

Dicía o portavoz do Partido Popular na anterior intervención que a situación é grave e precisa respostas das administracións públicas. Parece que precisa respostas das administracións públicas, e este parlamento non ten que dar respostas. É a pregunta, ¿non? Este parlamento tamén debería ter que dar respostas.

Hai uns días, o presidente da Xunta dicía nunha comparecencia pública que cre que ofrecer datos de infectados por covid-19 por concellos en tempo real é moi perigoso, porque podería causar estigmas aos afectados desas localidades, especialmente nos concellos pequenos. A verdade é que foron unhas declaracións que non deixaron indiferente a ninguén. Desde logo, a min e ao BNG, non. Porque, se iso é así, ¿establecer medidas restritivas por barrios e por concellos, como está facendo a Xunta de Galiza, non está estigmatizando, entón, eses concellos? Porque eu quero lembrar aquí que por parte da Xunta de Galiza se están a establecer restricións necesarias no barrio da Milagrosa de Lugo, por exemplo. ¿Está estigmatizando a Xunta de Galiza os veciños e as veciñas que viven nese barrio ao establecer esas medidas?, ¿ou en Culleredo, ou no concello de Pontevedra, ou en Verín, ou en Ponteceso, ou en Santiago, ou en Santa Comba, ou en Melide? É realmente sorprendente baixo qué se agocha o Partido Popular, neste caso directamente o presidente da Xunta, para non dar a información necesaria, por exemplo, por concellos, para que, primeiro, as persoas que están á fronte deses concellos teñan a información —que non a teñen— e tamén para que a veciñanza saiba o nivel de incidencia do virus neses concellos. Porque, desde logo, o BNG defende que os galegos e as galegas teñen dereito a recibir información directamente das administracións



e da Xunta de Galiza, e non a través dos medios de comunicación ou dalgúns medios de comunicación que si teñen esa información, e non a ten o conxunto da veciñanza.

O Goberno galego apenas publica estes datos. Como dicimos, ao contrario do que acontece por parte de moitos outros gobernos de comunidades autónomas que ofrecen a través dos seus portais webs datos en aberto, mapas interactivos e as correspondentes series históricas, informacións relevantes desde o punto de vista sanitario, o que facilita o seguimento e a análise da pandemia, a súa evolución... O acceso á información, desde logo, cremos que é un dereito, e debe ser garantido, efectivamente, polas administracións en calquera circunstancia; se cabe, en situacións como a actual, aínda máis. A transparencia é un deber das administracións e das institucións públicas, e os galegos temos ese dereito a enterarnos polas administracións, e non pola prensa.

Que haxa estudos que determinan que a Xunta de Galiza está á cola — neste caso, soamente xunto con Estremadura— en facilitar eses datos é motivo de preocupación para o BNG, é motivo de preocupación para a cidadanía, é motivo de preocupación para moitos cidadáns e, desde logo, apoiamos que neste parlamento poidamos analizar e estudar todo o que acontece arredor desta pandemia, e ademais apoiamos e pedimos e exiximos que por parte da Xunta de Galiza se remate coa opacidade e que esta se sume á transparencia e á información que merecen e á que teñen dereito os galegos e as galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Esta é a segunda vez que debatemos sobre a creación de comisións nesta cámara. E a un chócalle que a retórica permanente dos grupos da oposición de man tendida, de diálogo e de colaborar chegue ao punto de que a propia oposición nin tan sequera se pon de acordo sobre as comisións que presenta nesta cámara. Porque o certo é que se o grupo que non ten número suficiente de escaños para promover unha comisión deste tipo chegara a un acordo co grupo maioritario da oposición, este debate non sería necesario, porque sería substanciado na propia Xunta de Portavoces, en vez de ser traído ao pleno. Polo tanto, non hai acordo entre a oposición sobre como tratar isto, por moito que a señora Prado intente dicir que están moi de acordo, porque se non xa estaríamos con este tema debatido no foro que regulamentariamente corresponde. Non hai acordo sobre iso e, curiosamente, tampouco hai acordo sobre a comisión de investigación, que o Bloque quixo traer a soas sabendo que o Grupo Socialista tamén quería asinala pero que non tiña sinaturas.

Polo tanto, cando estamos falando destas cuestións que implican que a falta de acordo entre os grupos da oposición nos leva a tres debates que non eran necesarios, pois o que estamos



vendo é que a oposición vai por mal camiño no primeiro pleno desta lexislatura e nin sequera se pon de acordo sobre como tratar a cuestión da covid na Cámara.

Nós sobre isto —insisto— imos ser responsables, entre outras cousas, porque temos unha maioría que obtivemos despois de que pasara o peor da pandemia da covid e que avaliou en boa medida o que o Goberno fixo para xestionar a pandemia da covid. (*Aplausos.*) E imos traballar arreo por mellorar as residencias, por mellorar a sanidade, por atender os que están enfermos, por tomar medidas máis anticipadas conforme a ciencia vai avanzando, dicíndonos como hai que operar cando aparecen gromos. Todo isto por suposto que o imos facer, levámolo facendo desde que comezou a crise. No que non imos entrar é na demagoxia.

A señora Pontón di que as estatísticas non lle importan porque resulta que en Galicia afectados de residentes en residencias hai un 1,5 do total, mentres que na media de España é un 4,23. Isto son estatísticas. Os mortos de menos que houbo en Galicia grazas a que nas residencias se traballou moito mellor á señora Pontón non lle importan. Pero tampouco lle importa —e aí está o Bloque votando e dicindo que é demagóxico facer unha comisión de investigación en Madrid, dicindo que iso é demagoxia do PP— facer unha comisión de investigación en Madrid para saber o número de mortos, onde nin sequera sabemos exactamente cantos faleceron en España como consecuencia da covid. Aí si que hai ocultación na parte do Goberno de España.

Polo tanto, nós non imos entrar niso e moito menos no primeiro pleno, onde temos agora que reunirmos e poñer en marcha unha comisión na que temos que tratar como reactivamos Galicia economicamente, como melloramos a sanidade, como melloramos o sistema de residencias, como melloramos a asistencia do estudantado ás aulas a ser posible de xeito presencial; en xeral, como reactivamos o conxunto da nosa sociedade e a protexemos da pandemia. (*Aplausos.*)

Ben, dito isto —por centrarme na comisión que se nos solicita—, antes fixen referencia a que hai un único parlamento no que hai unha comisión de información, e ten unha explicación moi lóxica. Hoxe, se vostede observa a orde do día desta sesión plenaria e colle as ordes do día de todas as comisións que se están convocando, verá que as catro PNL que trae a oposición son sobre a pandemia, verá que a metade das preguntas —a unha vostede fixo mención, a dos rastrexadores— son para que lle dea información o Goberno e sobre a pandemia, e as dúas preguntas ao presidente son sobre a pandemia; do mesmo xeito que son as tres interpelacións que lle fan ao Goberno. Polo tanto, a oposición, cando está aberta a Cámara e funciona como esta a diario con presenza do Goberno, ten todas as posibilidades de ter información sobre a covid, a evolución e a actuación do Goberno.

Pero é que, a maiores, se hai un exemplo de transparencia nas comunidades autónomas, ese é o de Galicia. A Consellería de Sanidade vén informando diariamente desde o comezo da pandemia da súa extensión, dando o número de casos activos en cada día, con indicación específica dos casos vencellados cos centros residenciais, tanto de usuarios como de profesionais, desglosado por áreas sanitarias, co número de pacientes que están en UCI e en unidades de hospitalización a domicilio, o número de pacientes que xa están curados, o número de pacientes en seguimento nos seus domicilios, o número de falecidos, tanto en residencias



de maiores como en hospitais ou residencias integradas, e o número de PCR realizadas en Galicia. E todo iso está na páxina web: coronavirus.sergas.gal, na que se pode consultar toda a información dirixida á poboación, aos profesionais sanitarios e a outros colectivos.

A Consellería de Educación, desde a pasada semana, está a comunicar de forma conxunta os casos positivos de covid-19 relativos aos centros educativos, tanto nas escolas infantís dependentes da Consellería de Política Social como no resto dos centros de ensino non universitario dependentes da Consellería de Educación, Cultura e Universidade. E os medios contan con toda a información relativa aos casos do día inmediatamente anterior, tanto a través da nota de prensa —que é pública— que fai a Consellería de Sanidade como do parte que distribúe diariamente este departamento, con información das consellerías de Política Social, de Cultura, Educación e Universidade. E dáse conta todos os días da actividade nos centros educativos en Galicia. Polo tanto, a sociedade e vostedes contan con toda a información.

Do mesmo xeito que está a facer a Consellería de Política Social, ao informar diariamente de cantas persoas, sexan residentes ou cuidadores, están infectadas nas residencias, cantos están enfermos nas residencias, cantos están ingresados nos hospitais, e comunicando quen falece, ben sexa nas residencias ou nos hospitais. E sempre, evidentemente —como xa se dixo—, seguindo os criterios médicos, que son os que deciden onde está cada un dos pacientes.

Eu creo que a Cámara ten a información e que non é necesario estando o pleno e as comisións convocadas que haxa, ademais da información que subministra diariamente a Xunta, que facer unha comisión específica. Vostedes estano a facer. A min paréceme que é o normal, o lexítimo; é a principal preocupación do país. Polo tanto, non fai falta unha comisión, porque todas as comisións están para iso, para atender a crise da pandemia, sexa a Comisión 4ª, onde se trata a educación; a Comisión 5ª, onde van os asuntos sociais e sanidade; a Comisión 1ª, onde se tratan as relacións cos concellos, ou a Comisión 8ª, onde se trata a relación co mundo do mar.

A realidade é que hai unha comisión semellante na meirande parte dos parlamentos, tamén onde teñen maioría os partidos da oposición nesta cámara, que se dedica a reactivar o país, a analizar que foi o que pasou, cal é a situación e por onde podemos camiñar cara ao futuro para superar esta crise económica, sanitaria, social o antes posible. Nós acabamos de constituíla, e eu novamente volvo tender a man para que xuntos nese ámbito sexamos capaces de traballar coa información debida e traendo propostas positivas e realistas que permitan que Galicia supere mellor esta crise. É a segunda vez que reitero esta oferta.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Torrado.



O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quería agradecer o apoio do BNG a esta iniciativa e tentar de apuntar algunha cuestión que foi plantexada aquí polo señor Puy en nome do Grupo Popular, quen despois de pasar máis da metade da intervención falando da iniciativa anterior acabou chamándonos «demagóxicos», o cal é sempre curioso.

E o noso plantexamento sobre o concepto de parlamentarismo podía ser moi debatido, para ser moi sucinto co tempo porque temos os tempos limitados —por certo, tamén as intervencións nas comisións, tamén o número de iniciativas, tamén o número de iniciativas no pleno, como é normal—. Por iso plantexamos que, se cadra —igual foi unha idea absurda—, igual vivimos unha situación na que mereceríamos ampliar as posibilidades do Parlamento para debater un pouco máis, ¡se cadra! E igual tampouco é tan importante o que está pasando como para debater un pouco máis a sanidade, ¡igual non! Igual todo o que está pasando se pode resolver cun par de iniciativas plenarias así de vez en cando. Igual non é necesaria unha comisión máis. Entendo ese argumento e non o compartimos —permítame—, señor Puy.

Pero para resumir toda esa historia do chamamento ideolóxico, vaime permitir —non se me enfade, que sei que non o fai— dúas apreciacións:

Unha é de carácter abstracto. O señor presidente di de vostede —sei que con afecto— que é o profesor Puy, e é correcto. Eu veño do mundo académico e vostede é o profesor Puy, pero os demais non somos os seus alumnos, ¡eh! (*Murmurios.*) Tampouco é cuestión de botar a bronca.

E, segundo, unha cuestión de subconsciente. Dixo: «pídesenos a constitución dunha comisión». Non se lle pide ao Grupo Popular a constitución, constitúea o Parlamento, nós pedímoslles o voto. Dígoo pola sensación de propiedade do Parlamento. Xa sei que foi impreciso e non é esa a sensación, pero ás veces incluso cando un vai facer un ataque frontal está ben matizar un pouco nesas cuestións.

En todo caso, nós si cremos que é importante unha comisión específica, e cremos que, ademais, debe estar fóra da Comisión de reconstrución. ¿Por que? Porque a Comisión de reconstrución ten uns obxectivos moi lóxicos, ben plantexados —cremos que así serán cando se especifiquen e, ademais, ten todo o sentido do mundo—, pero non fala de sanidade nin no título. E, se cadra, vivimos un escenario onde nós pensamos —é a nosa posición; si, somos unha cousa pequeniña aquí; como dicía Guardiola: unha cousa pequena alí arriba— que vivimos unha situación sanitaria especial, dura e difícil. Verá pola nosa intervención anterior que non houbo —puido haber algunha apreciación— unha crítica desaforada nin sequera ao feito. ¡Se non estamos niso!

Fálase de seguimento, nin sequera de avaliación do pasado. A avaliación do pasado, dende o noso punto de vista dos gobernos, en todo o plantexamento de gobernos, de todos os niveis administrativos, eles fixeron todo o ben que puideron. Algúns seguramente baixo unha perspectiva ideolóxica e outros baixo outra, que tamén ten que ver coa maneira de afrontar a pandemia. Pero, dende logo, todos puxeron o mellor de si. Ninguén se levantaba pola mañá



—cando se durmía, que os dirixentes sanitarios probablemente non o fixeron moitas veces— desexando que as cousas foran mal.

O que dicimos é que no futuro é necesario plantexar que vai pasar, que está pasando agora. Todos os exemplos que nós puxemos aquí: ¿por que se notifican casos a persoas que non fan PCR? ¿Por que as avaliacións dos protocolos son distintas en función de cada área sanitaria? ¿Por que non sabemos realmente como hai que facer? ¿Por que hai protocolos por contactos de catorce días, outros dunha semana e outros de tres? ¿Por que a algunha xente se lle fai PCR e a outros non? ¿Por que non temos a información realmente dos concellos, podendo debater se é necesaria ou non? ¿Por que a Cecop se deixou de reunir en xullo? ¿Por que non temos...?

Vostede enumerou aquí un montón de datos que si se dan, e eu voulle dar un que non se dá realmente: o número de contaxiados diarios. Galicia non ofrece o número de contaxiados diarios, non o ofrece. Podémolo inferir facendo cálculo. E tamén —como fan moitas veces— algunha xente pode chamar para que llo dean e outra non. E é sorprendente, porque en realidade tampouco ten... Os contaxiados non son culpa de ninguén, non se trata diso.

Polo tanto, nós, señor Puy, cremos —creo e comparto co meu grupo— que o rexeitamento tan frontal ou a crenza de que a intención da comisión é outra, que non o é, ou a querenza por manter un sistema de opacidade bastante amplo, de feito, cremos que ese tampouco debера ser o obxectivo. Polo tanto, cremos que o seu rexeitamento —que aínda hai tempo de que poidan reformular— non é atinado. En todo caso, unha explicación simple nunca debe valer para un debate parlamentario; pero —insisto— como temos límites e o que pensamos é amplialos, ao final, se non os ampliamos, debemos quedar na cuestión máis limitada.

¿Non vivimos unha situación sanitariamente tan excepcional para que poidamos avaliar a situación sanitaria de maneira excepcional? Esa é a nosa reflexión. E non entendemos que se poida contestar a iso que non. Pero nós seguimos con esa man tendida, que é propoñer comisións, debates e poder contribuir un pouco máis. Esa é a nosa man tendida...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...que, a pesar do que nos poidan reprochar como alumnos malintencionados, si que o seguimos facendo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

¿Acepta a emenda?

O señor TORRADO QUINTELA: Si, sen problema.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noa Díaz Varela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a aprobar unha liña de medidas encamiñadas a garantir o dereito de conciliación perante novos gromos e repuntas da covid-19 que inclúa, como mínimo:

- a) Unha liña de axudas directas extraordinarias para o coidado de menores e persoas dependentes.*
- b) Facilitar un servizo de coidado a domicilio de nenas e nenos ao que de maneira urxente poidan acudir familias afectadas por unha corentena ou peche de aula ou centro escolar.*
- c) Establecer incentivos en forma de axudas extraordinarias para empresas que faciliten a flexibilidade horaria ao persoal que teña que facer uso dela por causa da covid-19».)*

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Alberto Pazos Couñago, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

“...covid-19, no caso de que o Goberno central non cumpra o compromiso de aprobar un permiso retribuído a nivel nacional para as nais e pais cuxos fillos estean en corentena. Esta liña incluírá axudas económicas para que as familias poidan contratar o servizo de conciliación que prefiran».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Bo día a todas e a todos.

Previamente, señor Puy, dixo vostede: «os mortos de menos». ¡Eu creo que hai cousas que non se miden ao peso! (*Aplausos.*)

Hoxe desde o BNG traemos a este pleno unha cuestión que afecta moitas familias traballadoras do noso país e que nos implica a todas e a todos como sociedade, máis aínda nos momentos que estamos a vivir. A pandemia provocada pola covid-19 puxo en evidencia que o dereito a conciliar é aínda unha quimera para moitas persoas en Galiza; xa o era antes do coronavirus e esta crise non fixo máis que agudizala.

O sistema de conciliación en Galiza eran e son moitas veces case fundamentalmente as escolas, as actividades extraescolares, as avoas e os avós, e os centros de día se falamos das persoas maiores, dependentes ou persoas con discapacidade; un sistema feble, que saltou polos aires nesta pandemia, sobre todo durante os primeiros meses. O peche dos centros de ensino e dos centros de día durante o confinamento ou que as persoas maiores sexan un colectivo extremadamente vulnerable ao virus fixo que moitas traballadoras e traballadores deste país tivesen enormes dificultades para conciliar o seu traballo co coidado das súas fillas, dos fillos ou dos dependentes ao cargo.

Mais isto non rematou, aínda que puidese parecelo, co confinamento. Coa progresiva recuperación da actividade económica, a volta ao cole, a volta ao posto de traballo, a reapertura dos centros de día, vemos como aumentan o número de contaxios e aparecen novos gromos que obrigan a gardar corentena non só ás persoas que dan positivo nunha PCR, senón tamén aos seus contactos directos, e iso devolve ao primeiro plano da urxencia adoptar medidas que garantan a conciliación.

Estamos a ver precisamente estes días despois de reiniciarse o curso escolar como hai xa un cento de estudantes contaxiadas, un centro de ensino pechado e case unha trintena de aulas en corentena. Iso significa que moitas familias que volveron ao seu traballo teñan que ficar na casa coas fillas, cos fillos, sen que a Xunta de Galiza teña agora mesmo ningunha medida de apoio para elas. Ademais, as fórmulas que artellou o Goberno español ao longo de todos estes meses son claramente insuficientes e ademais supoñen en moitos casos, como facía xa antes da chegada do coronavirus ás nosas vidas, unha perda de salario para moitos fogares que agora mesmo é inasumible, porque, ademais dunha crise sanitaria, temos unha profunda crise económica e social non enriba, senón petando desde hai moitos meses á porta.

Lembremos que a incapacidade temporal só se recoñece para as persoas que dan positivo, as súas fillas, e que a alternativa é a flexibilidade horaria, se a empresa accede, ou pode optar por unha redución de xornada, unha excedencia —coa conseguinte perda de salario— ou consumir vacacións, e os coidados son traballo aínda que non sexa remunerado.

Da mesma maneira o Estado anunciou ademais a creación dun permiso retribuído por corentena, que até o de agora non chegou; non se volveu saber nada.

En todo caso, este é o Parlamento de Galiza. As familias traballadoras deste país non poden agardar ás decisións que se tomen noutras administracións e a canto se demoren os debates,



porque —insisto— hai moitas persoas xa preguntándose: ¿e agora que fago? Buscan respostas, solucións aos seus problemas do día a día e non máis problemas.

Desde que se decretou a alerta sanitaria, o Goberno da Xunta só publicou unha liña de axudas a través do bono coidado extraordinario, coas que prevía chegar —dicían daquela— a trinta e seis mil familias e compensar os gastos por coidado durante —iso si— o confinamento. Só se puideron solicitar durante un mes e, ademais, non van ser percibidas até finais de ano. O resultado é que só mil duascenas desas trinta e seis mil familias a solicitaron. Unha medida anunciada a bombo e prato pero —iso si— que na realidade tivo un alcance moi limitado e claramente insuficiente, porque —insisto— non resolve os problemas de conciliación que están a xurdir agora, agora, agora mesmo.

Desde xullo a Xunta non puxo ningunha medida para garantir o dereito de conciliación, que é un dereito das nais, dos pais, das familias traballadoras deste país. E, sobre todo —que é o máis sorprendente—, non semella que teña previsto facelo, porque, como todas as súas señorías coñecerán, no protocolo educativo, nas súas distintas versións que se presentaron ao conxunto deste país, non se menciona nin unha soa vez, nin unha soa vez, a palabra «conciliación»; pero aparece referenciada —é bastante fácil no século XXI comprobar isto— once veces a palabra «corentena». E eu preguntome como pensamos que garda corentena unha crianza de seis anos.

Por iso desde o BNG formulamos hoxe esta proposta, que responde a unha necesidade urgente de moitas familias agora mesmo e doutras moitas seguramente nos próximos meses, porque, por moito que nos gustaría que as cousas cambiasen rápido, o certo é que imos ter que convivir con esta situación moito máis do que desexaríamos e nos gustaría.

Instamos polo tanto a Xunta de Galiza, desde o BNG, a adoptar, a arbitrar medidas que garantan o dereito de conciliación diante dos novos gromos e repuntas de coronavirus, contemplando cando menos dúas medidas complementarias, non excluíntes entre elas; dunha banda, axudas económicas e, doutra, a creación dunha bolsa de coidadoras ou coidadores —para entendernos, canguros—, á que poder acceder se é preciso contar con axuda, por exemplo, durante unhas horas determinadas.

Desde o BNG temos claro que é preciso traer ao primeiro plano da acción política, do debate público, a vida e os coidados, deixar de concibir o coidado como algo privado, para asumir que é unha responsabilidade colectiva e que as administracións —todas elas— deben garantir unha rede de servizos públicos fortes que garantan o dereito a conciliar, agora no urgente pero tamén cando pase todo isto. Que non sexan as escolas nin os avós o único ao que acollerse, non pola covid, senón porque esa non é a súa función.

E, por suposto, promover a corresponsabilidade, porque hai moitas cousas que cambiaron co virus pero hai outras que se manteñen intactas, e hai algo que non cambiou, máis ao contrario, agudizouse: a inmensa maioría de permisos, de reducións de xornada ou de excedencias para o coidado de crianzas ou persoas dependentes ao cargo seguen a ser solicitadas por mulleres, máis do 90 %.



Hai moitas traballadoras tamén, aínda que menos algún traballador, que se están a ver hoxe mesmo nunha encrucillada: escoller entre coidar as fillas e fillos ou traballar; ou moitas familias que directamente non saben como van facer para atender as súas crianzas toda vez que non hai actividades extraescolares, entre outras cousas porque a Xunta de Galiza segue sen aprobar un protocolo que as regule fronte á covid, porque quedaron sen servizo de comedor, algúns deles dependentes da Xunta de Galiza, ou sen servizo de ma-drugadores.

Remato como comecei. A proposta que formulamos hoxe desde o BNG responde a unha necesidade urxente de moitas familias galegas agora mesmo e no futuro, fronte ao coronavirus, pero tamén cando deamos solucionado esta pandemia.

Pero no BNG temos claro que, ademais do urxente, debemos tamén falar do importante, e é que a conciliación e a corresponsabilidade están estreitamente ligadas á xornada laboral, e que precisamos ir a unha outra repartición do tempo de traballo. Traballar para vivir, señorías, e non vivir para traballar. É hora de abrir o debate dunha xornada laboral de trinta e cinco horas, e farémolo tamén nesta lexislatura.

Remato.

Esta pandemia fixo remexer moitas cousas, moitas, puxo a vida de todas e de todos nós e de todas as persoas que hai fóra desta cámara patas arriba en moitos aspectos. Unha das cousas que se remexeron con esta pandemia son as prioridades, a orde de prioridades, e desde o BNG estamos convencidas de que a vida, a saúde, os coidados, señorías, teñen que ser desde xa a primeira desa lista. Agardamos contar co apoio da Cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

En efecto, como xa se dixo aquí, xa antes da pandemia da covid un dos problemas importantes na nosa sociedade era a incompatibilidade existente entre o desenvolvemento da vida familiar e persoal e a vida profesional e a necesidade de harmonizar ambas. Finalmente, esta crise sanitaria puxo de relevo algo que ninguén quería ver, e disto é do que queremos comezar falando hoxe. Porque esa dicotomía traballo-familia non afecta por igual, efectivamente, mulleres e homes. O último barómetro do CIS conclúe que o 82 % dos coidadores principais dos menores de 0 a 3 anos son as nais, o 7,5 % son as avoas e só o 4,8 % son os pais.



Se adoptamos o IGE como fonte, temos que en 2017 o 14,85 % das mulleres pedían redución de xornada no seu traballo para coidar os seus fillos ou fillas menores de 12 anos, o 14,85 % fronte ao 5,06 % dos pais. Estes datos, efectivamente, demostran a evidencia de que son as mulleres as grandes prexudicadas neste sistema dos coidados.

Polo tanto, desenvolver políticas que axuden á conciliación ten un impacto profundo na igualdade de xénero e na repartición equitativa das cargas domésticas, pero tamén, como é lóxico, na economía e na calidade da sociedade. O obxectivo debe ser conseguir a través de políticas transversais a participación equilibrada entre mulleres e homes na vida familiar e no mercado de traballo. ¿Como? Pois coa reestruturación e reorganización dos sistemas laboral e educativo e dos recursos sociais, co fin de introducir a igualdade de oportunidades no emprego, variar os roles e estereotipos tradicionais e cubrir as necesidades de atención e coidado; elaborar un plan estratéxico de conciliación laboral e familiar e outro de continxencia extraordinario como consecuencia dos efectos que a pandemia está a ter no sistema educativo e social; apostar decididamente pola flexibilización e a racionalización horaria; favorecer na contratación pública aquelas empresas que pulen por implantar modelos de xestión que permitan alcanzar maiores niveis de conciliación. Pode facerse, isto pode facerse, é só cuestión de vontade política.

Hai unhas semanas o señor Feijóo —que neste momento non está aquí— pronunciaba o seu discurso de investidura; foron dúas horas de promesas pero nin unha soa alusión a políticas reais de igualdade, unicamente dous titulares, sen contido. Un, referido á violencia de xénero; dicía textualmente: «A loita contra a violencia de xénero non debe descoidarse». O segundo titular sen contido referíase á conciliación, prometendo —e cito textualmente—: «Nos vindeiros anos profundaremos na conciliación máis alá dos límites da escola infantil, con fondos para que as empresas poñan en marcha servizos de atención á infancia, máis apoio para contratar canguros e unha necesaria reflexión sobre os horarios e a flexibilidade». ¿Para cando? ¿Canto imos ter que agardar para ver isto? ¿Anos? Non os temos. A sociedade galega non pode agardar. Concreten, por favor, xa un paquete de medidas concretas para a conciliación e non repitan medidas cativas como as que vimos ata o de agora, en moitos dos casos inaccesibles por complexas e que ademais non solucionan en absoluto os problemas concretos e puntuais que están vivindo hoxe as familias.

Mentres dure esta crise sanitaria, é preciso e urxente que se estableza, como di a proposición que estamos debatendo, e ademais en consonancia coa proposta que tamén nós, o PSdeG, presentamos nesta lexislatura, un paquete de axudas á conciliación diante de novos gromos da covid-19. Porque —repetimos—, de non facilitarlles as cousas ás familias, sabemos ben quen vai renunciar aos seus traballos e tamén sabemos ben quen vai pedir unha redución da súa xornada: nós, as mulleres.

Estamos —é certo— inmersos nun momento sen precedentes, froito da pandemia. E, comezado xa o ano escolar —estámolo vendo—, as familias con menores ou persoas dependentes ao seu cargo deben conxugar o exercicio laboral coa familia, coas particularidades e incertezas do escenario que ofrece esta nova situación. Así, ante a posibilidade dun contaxio que obriga a unha corentena ou suspensión das clases ou peche de centros, as familias deben afrontar os coidados coas consecuencias laborais que iso supón, polo que a demanda dunha



resposta por parte da administración competente nesta materia en Galicia é máis necesaria e urxente que nunca, e máis tamén cando a opción de conciliar delegando o coidado dos menores nos avós ou nas avoas supón, efectivamente, un terrible risco para a súa saúde.

É preciso tamén ter en conta as circunstancias e variabilidade laboral do núcleo familiar, algo fundamental, xa que está en xogo a estabilidade da nosa propia economía nun dos momentos de crise máis complexos. Por esa razón, é preciso reforzar aínda máis o tecido produtivo do país e loxicamente, por extensión, a conciliación laboral familiar en circunstancias excepcionais. Por iso, efectivamente, e a falla dese plan de conciliación xeral, consideramos imprescindible a posta en marcha urxente dun plan de continxencia que garanta medidas excepcionais para as familias e para as circunstancias derivadas da pandemia e que sirva de ferramenta real —e subraiamos real—, de ferramenta real, para as familias afectadas polo peche de centros educativos e centros de atención de persoas dependentes, así como tamén en casos de familiares, de persoas contaxiadas ou illadas pola covid-19 que teñan que atender os seus coidados.

Deste xeito, e para darlle algo máis de concreción ao texto do grupo proponente —velaí o sentido da nosa emenda—, dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas entendemos que, para dar solución a eses imprevistos derivados da pandemia que afectan a conciliación, o Goberno autonómico debe, por unha banda, efectivamente, establecer unha liña de axudas directas para facilitar o coidado de menores e persoas dependentes, por certo, cunha tramitación áxil e dilixente. Cremos tamén que é necesario desenvolver a economía dos coidados, impulsando un servizo de coidado a domicilio de nenas e nenos, ao que de maneira urxente poidan acudir familias afectadas por unha corentena ou peche dunha aula ou dun centro escolar. Dese xeito non deixaremos a atención dos menores a cargo dos avós ou das avoas, doutros familiares ou de pais e nais teletraballando, nin obrigaremos as familias a buscar coidadores de emerxencias.

Pero, ademais, tamén propoñemos establecer incentivos en forma de axudas extraordinarias para empresas que faciliten a flexibilidade horaria ao seu persoal, ao persoal que teña que facer o uso dela puntualmente por causa da covid; non todo o mundo precisa ou desexa unha redución da súa xornada ou unha excedencia.

E remato xa.

Remato recalcando a necesidade de facelo xa, é unha urxencia, a situación demándao e non podemos agardar máis. É obriga dos poderes públicos dar solucións urxentes aos problemas urxentes. Por iso, a pesar de que tampouco está hoxe aquí, agardamos sinceramente que esta sexa unha das primeiras medidas, se non a primeira, que poña en marcha a recién creada Consellería de Emprego e Igualdade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Cambiaron moitas cousas nestas semanas de pandemia, pero hai algunhas que continúan exactamente igual. Continúan as mesmas críticas dos mesmos grupos. Agora mesmo escoitabamos que se criticaba que non estaba presente o presidente da Xunta; está gobernando, está traballando. Señora Díaz, non miro tampouco que estea o líder do seu grupo e non ten obriga de goberno; ¿onde está?, ¿que está facendo? ¿Supón iso que non lle interesa ese tema? ¿Por que facemos demagogia desta maneira? ¿Por que en media hora desapareceron as promesas de man tendida, de vir facer unha crítica seria e rigorosa, e as aportacións que se pretendían? ¿Por que se colle o ravo polas follas?

As mortes de menos, señora Rodil —que parece que lle molestou a expresión—, son vidas salvadas, son galegos e galegas que continúan vivindo, que grazas ao bo facer da nosa sanidade pública, do traballo do conxunto dos traballadores das residencias galegas, continúan a vivir e escaparon ao que noutra comunidade de España era unha morte segura. Centenarios que se salvaron en Galicia non se salvaron en ningún lado. Claro que non se miden ao peso, mídense en vidas, nas vidas desa xente (*Aplausos.*) que continúa desfrutando da súa experiencia vital.

Señoría, a este partido, a este grupo parlamentario, ao Goberno de Alberto Núñez Feijóo, as medidas de protección ás familias galegas nunca lle van parecer suficientes, nunca, pero creo tamén que o noso compromiso co benestar desas familias é incuestionable. Claro, vos tede esquece os datos; mellor dito, non os esquece, ignóraos, non lles gustan os datos; piden moitos, por certo, pero non lles gustan cando vimos aquí trasladalos, e por iso ignora —porque elixiron ignoralo— que as prazas públicas en escolas infantís se incrementaron un 97 % nos anos do Goberno Feijóo, se duplicaron ata chegar ás vinte e cinco mil prazas, e que se crearon 75 casas niño en distintos concellos rurais de Galicia para facilitar 375 prazas gratuítas no rural galego, onde máis falta facía.

Esquecen que no 2009, cando chegamos ao goberno, había noventa concellos que carecían de calquera tipo deste servizo e que hoxe eses concellos se reduciron a 23.

Esquecen que sesenta e cinco mil familias se beneficiaron da Tarxeta Benvida, que esa tarxeta se pode incrementar ata un 25 % para as familias que viven no rural, que para as familias que teñen un terceiro fillo pode chegar aos 2.400 euros ao ano, 3.000 se esa familia vive no rural, e que ese recurso se pode estender ata catro anos para as familias que teñen menos recursos.

Esquecen —porque decidiron esquecerlo— o Bono Concilia, do que xa se beneficiaron máis de vinte e unha mil familias na última lexislatura e que facilita que o primeiro fillo de calquera solicitante dunha praza pública teña unha axuda de 250 euros ao mes para esa escola; e digo o primeiro fillo, porque o segundo fillo e seguintes son gratuítos; só nunha comuni-



dade, na galega, a única, doce mil cincocentos nenos e nenas que xa se beneficiaron desta vantaxe.

E esquece —porque quere esquecelo— o Bono Coidado, que se implementou en 2017, e esquece que durante a fase dura da pandemia tamén apostamos por un bono coidado extraordinario para esa conciliación que vostede demanda para servizos de atención na casa, para compensar a redución de xornada, para atender os usuarios dos centros de día durante o seu peche.

Todo isto decidiron esquecelo. Porque unha cousa é que a nós nos pareza calquera destas medidas insuficiente, que aspiremos a máis, e outra cousa é que vostede se atreva a falar de nula planificación da Xunta en materia de conciliación. Esa é unha falsidade que non lla aceptamos nós e que non lla aceptan os galegos, e, se ten algunha dúbida ao respecto, aquí hai corenta e dous escanos para demostrarlle que os galegos non os cren, señoría, non os cren; esa é a realidade. (*Murmurios.*)

Mire, agradecemos —claro que agrademos— calquera aportación que se faga no ámbito da conciliación, pero cremos sinceramente que a súa proposta de crear un servizo de canguros, un servizo público de canguros, non é razoable. Polo tanto, nós cremos que hai que apostar máis por medidas efectivas e menos por medidas efectistas. Queda moi ben dicir estas cousas, pero a realidade é que resulta difícil determinar cantas persoas hai que contratar para iso, onde son necesarias —porque é impredecible a evolución territorial desta situación—, durante canto tempo serán precisos, que cualificación lles requirimos, que formación covid teñen que ter, que decisións médicas van ter que adoptar.

¿Vostede cre, de verdade, que, se un neno ou unha nena que estea nunha corentena preventiva na casa sofre un empeoramento, quen ten que tomar a decisión sobre cales son as cuestións que se atenden prioritariamente é un canguro? Cremos sinceramente que non, cremos sinceramente que existe unha alternativa mellor, unha alternativa que responde ás necesidades de pais e de fillos, e é unha alternativa ben sinxela: que o Goberno cumpra, que o Goberno de España cumpra os seus compromisos. 2 de setembro: «*Iglesias matiza a Montero y asegura que los padres de niños en cuarentena y PCR negativa podrán cobrar la baja.*». O señor Iglesias é o vicepresidente de Asuntos Sociais do Goberno de España. «*Los padres con hijos en cuarentena tendrán baja laboral.*» A ministra —galega— de Traballo, o 4 de setembro, hai dous días, ¡eh!, volveu reiteralo. «*Yolanda Díaz, partidaria de extender la baja de covid-19 a padres con hijos en cuarentena.*».

Señoría, nós cremos realmente que os pais o que queren é coidar e atender os seus propios fillos, e en situación de pandemia e coa preocupación que esta acarrega cremos que non hai ningunha fórmula que poida prestar mellor servizo de conciliación que unha nai ou un pai coidando dos seus fillos. Os pais eu creo que non confían en calquera persoa para o coidado dos seus fillos no seu propio domicilio e, polo tanto, queren atendelos persoalmente. E hai instrumentos para facelo e eses instrumentos foron comprometidos polo Goberno de España.

E, polo tanto, por iso, propoñemos unha emenda, unha emenda que me parece que é razoable, unha emenda que persegue dous obxectivos claros: o primeiro, amosar a nosa confianza



en que o Goberno do señor Pedro Sánchez cumprirá os seus compromisos coas necesidades de conciliación das familias. Teño que recoñecer que onte, cando recibín a emenda planteada polo Grupo Socialista, mudei un pouco respecto do optimismo inicial —debo confesalo—, porque, claro, parece que desbotan a posibilidade de que o Goberno de España cumpra a súa palabra. Señora Díaz, é sorprendente, dá vostede por feito que o Goberno non vai cumprir os seus compromisos, porque absolutamente todas as propostas que vostede fai son innecesarias se o Goberno cumpre o seu compromiso.

E tamén lle digo que, neste tempo novo, alégreme comprobar que hai algunhas novidades. É a primeira vez —que eu recorde— que nun debate teña máis confianza eu na palabra do Goberno que o propio Grupo Socialista; iso si que é unha novidade certamente interesante.

Eu, en fin, creo que o Goberno o que debe facer é pasar dos golpes de efecto ás políticas efectivas, o que debe facer é pasar dos anuncios aos feitos e o que debe facer é que eses anuncios que realice se concreten en medidas efectivas. Anúncianse medidas pero as medidas non chegan. Vostede non sei se se enganou; o seu Goberno tamén prometeu un trato igualitario ás comunidades; o trato igualitario non chega; 200 millóns de IVE seguimos sen recibilos, 170 millóns de incentivos ao cumprimento de obxectivos económicos seguimos sen recibilos, 100 millóns de políticas de emprego seguimos sen recibilos, 36,3 millóns menos que recibimos no fondo covid do que nos pertencía e seguimos sen recibilos; 500 millóns de euros menos, pero vostedes seguen exixindo.

O segundo obxectivo da nosa emenda é tranquilizar as familias galegas, que teñen que ter a seguridade de que, se o Goberno de España non cumpre, a Xunta de Galicia si cumprirá e habilitará axudas para que non teñan que escoller os pais entre o seu traballo e coidar dos seus fillos nun momento tan complicado, porque nos parece que esa non é unha escolla xusta.

Así que, se non se dan esas circunstancias, a Xunta si estará aí, estará ao lado das familias, como estivo sempre, e como pretende seguir estando, a pesar de todas as dificultades coas que nos atopamos. Porque, claro, pídense unha serie de recursos. Eu recórdolle que estamos en setembro, chegando a outubro, e, claro, temos que preparar un orzamento. Non sabemos cal vai ser o teito de gasto, descoñecemos cales son os anticipos de conta que vai recibir a comunidade autónoma, non sabemos cal é o volume de déficit que se nos autoriza en Galicia. As bases orzamentarias, as bases imprescindibles para que fagamos un orzamento serio que nos permita afrontar todas estas dificultades, nin están nin se esperan.

Pero, iso si, chegado o tempo do Nadal, a carta aos Reis Magos por parte da oposición non falta nunca. ¿Con que se vai soste isto? Supoño que o grupo clave —ese grupo numeroso que ten o BNG no Parlamento, que é un grupo unitario pero parece ser que ten un peso desproporcionado na vida política española— garantirá na...

O señor PRESIDENTE: (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...negociación dos orzamentos que se nos faciliten estes recursos. Cando chegue isto, nós estaremos encantados, e queremos estar do lado das familias. Na-



mentres, pídolles que non confundan a man tendida coa man aberta, que é o que veñen traer vostedes aquí...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...a man aberta para abofetear permanentemente un grupo que obtivo afortunadamente a maioría da confianza das galegas e dos galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Volvo repetir que si que hai cousas que non se miden ao peso e que non hai mortes de menos; 716 persoas, das que 317 vivían en residencias de maiores. E eu preguntome cal é a cifra aceptada para o Partido Popular *(Aplausos.)* e se pensan que é aceptable, de verdade, traer o debate nestes termos a esta cámara.

Efectivamente, señor Pazos, hai cousas que non mudan —vostede tampouco—, nin coa covid-19 *(Aplausos.)*, e, efectivamente, hai outra cousa que non muda, e é traer as intervencións preparadas e sobre todo non escoitar e intentar adaptalas —que é lóxico; tamén o fago, prepároas antes de vir ao pleno, pero intento adaptarme un pouco tamén e escoitar sobre todo o que din os grupos cando as defenden—.

A min unha cousa que si que me quedou clara coa súa intervención, o que si nos quedou claro tamén ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego coa súa intervención, señor Pazos, é a mostra —a súa propia intervención o é— da incapacidade absoluta do Goberno de Feijóo para resolver os problemas das galegas e dos galegos. *(Aplausos.)* Porque a resposta do Partido Popular e do señor Pazos aos problemas que teñen moitísimas persoas hoxe mesmo, hoxe mesmo, é: «*vuelva usted mañana, a ver si nos lo resuelve el Gobierno español*». *(Aplausos.)*

E a súa intervención, señor Pazos, o que demostra é que temos un goberno cun grupo parlamentario ou sostido cun grupo parlamentario moi grande, moi grande, moi grande —unha estraña obsesión polo tamaño *(Murmurios.)*—, temos un goberno sostido por un grupo parlamentario moi grande, moi grande, moi grande, pero a Xunta declárase incompetente e incapaz para resolver os problemas *(Aplausos.)* de centos de familias traballadoras neste país e —o peor de todo— para defender os intereses deste país diante do Goberno de España.

E tamén lle agradezo algo —sempre o fixemos; iso tampouco cambia, ao César o que é do Cesar—: agradecemoslle que reconeza que a única forza política capaz de condicionar o Go-



berno do Estado español (*Aplausos.*) e de poñer enriba da mesa os dereitos das galegas e dos galegos é o Bloque Nacionalista Galego e o compañeiro Néstor Rego no Congreso. Grazas, de verdade, grazas por recoñecelo na súa intervención.

Como saben as persoas que tomaron a palabra, que defenderon a posición dos seus grupos neste debate, fixemos unha proposta de transacción que lles enviamos por correo electrónico e tamén facilitaremos aos servizos da Cámara, porque, efectivamente, temos desde o BNG a man tendida —dixémolo desde o primeiro momento— e temos tamén vontade de acordo. Pero o importante dos acordos non é manosealos ou mencionalos permanentemente, o importante dos acordos é a resposta á pregunta ¿para que? O importante dos acordos é o contido que conteñen —valla a redundancia—.

Nós intentamos con esta proposta de transacción incorporar aquelas cuestións que nos parece que enriquecen a nosa proposta, como dicía a señora Díaz na súa intervención, incorporalas, enriquecer a proposta, complementala tamén coa proposta que fixo o Partido Popular, incluíndoa como un punto a maiores da nosa iniciativa, que se dirixa o Goberno da Xunta de Galiza ao Goberno central para que se aprobe ese permiso retribuído a nivel estatal para as nais e pais cuxas crianzas estean en corentena.

Pero nós temos bastante máis confianza, como dicía vostede, na capacidade, nas competencias que ten este país e sobre todo o seu Goberno para poñer solucións enriba da mesa aos centos de problemas que teñen moitísimas familias traballadoras que este país. Con todo, co seu autogoberno limitado, tamén ten capacidade para dar unha resposta e solución aos problemas para moitísimas familias. Temos bastante máis confianza na capacidade das galegas e dos galegos, mesmo do seu Goberno cando non goberna o BNG, o nacionalismo que o Partido Popular.

E insisto: non temos que agardar a que nos resolvan os problemas que temos hoxe desde fóra. Ten capacidade, competencias e recursos a Xunta de Galiza para enfrontalos por ela mesma.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Señora Rodil, entendo que, se a proposta de transacción que nos vai facer chegar non se acepta, as emendas que presentan os grupos tampouco. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Moi ben.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e trece deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario



público co obxecto de permitir ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da covid-19

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e tamén unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-000035, doc. núm. 727).

Emenda de adición:

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á convocatoria extraordinaria de todas as prazas de persoal sanitario que son posibles en función da taxa de reposición actual, e á convocatoria automática de todas as prazas novas necesarias para restituír ás perdas polo déficit producido debido á imposición da taxa de reposición unha vez que esta sexa eliminada.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 727 (11/PNP-000035).

Emenda de modificación:

Substituír o texto que figura despois de “...sistema sanitario público”, polo seguinte:

“Tal como está recollido no punto 8.6 do ditame aprobado polo Congreso dos Deputadxs coas Conclusións para a Reconstrución Social e Económica eliminar a taxa de reposición de efectivos para así rematar coa precariedade laboral.”

Emenda de adición:

Engadir os seguintes puntos:

“2.- Elaborar de xeito urxente un catálogo onde se identifiquen todas as prazas estruturais, actualmente cubertas con nomeamentos temporais.

3.- Convocar todas as prazas coas vacantes que se produciron desde o ano 2010 en todas as categorías profesionais.

4.- Elaborar un Plan de Ordenación de Recursos Humanos onde se recollan todas as necesidades actuais de profesionais e procede á convocatoria das mesmas.”)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Permítanme que as miñas primeiras palabras, como sanitaria e como parlamentaria, sexan para lembrar e mostrar o noso recordo e agarimo ás 720 familias galegas ás que a covid-19 lles arrebatou un ser querido, e tamén a todas aquelas que por causa da pandemia non puideron despedirse dos seus seres queridos do xeito que estamos acostumados a facelo, coa proximidade e as mostras de afecto que precisamos cando perdemos un ser querido.

Neste tempo escuro que vivimos, que aínda vivimos, fomos máis conscientes que nunca do débil que é a nosa natureza e do inexorable final da nosa vida e do noso corpo. Nunca poderemos esquecer eses terribles momentos polos que pasaron tantos e tantos doentes nos que a soidade, a enfermidade e os medios insuficientes fixeron que atopásemos a xente soa, sen compañía, sen apoio, sen unha axuda, sen unha palabra de agarimo, condenada á eterna soidade comezando xa o final da súa vida. A pandemia ocasionada pola covid-19 fixo necesario adoptar no ámbito da xestión de recursos humanos medidas excepcionais, dirixidas a reforzar os cadros de persoal para facer fronte á crecente carga asistencial derivada da covid-19.

En Galicia, desde o inicio da emerxencia sanitaria, o Sergas, sempre comprometido coa sanidade e ao carón das persoas, reforzou a súa plantilla con 1.771 efectivos. A nosa comunidade autónoma, no seu firme compromiso pola estabilización, mantivo anualmente, de maneira ininterrompida desde o ano 2012, as convocatorias anuais de ofertas públicas de emprego, esgotando sempre a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica orzamentaria. E isto permitiu a incorporación de preto de seis mil profesionais con vínculo de fixeza ás institucións sanitarias no período que vai desde o ano 2012 ao 2019.

Aínda cando as taxas de estabilización e o incremento do 8 % para as comunidades que, como a nosa, cumpren os obxectivos de déficit permitiron incrementar estes últimos anos o número de prazas a ofertar nas OPE, isto non é suficiente nun contexto de falta de profesionais como o que temos, non só en Galicia. Isto non é un problema só da nosa comunidade, isto ocorre en toda España e mesmo en toda a Unión Europea. Por iso é imprescindible mellorar as condicións laborais dos recursos humanos dispoñibles para efectos de retelos.

A eliminación da taxa de reposición no eido da sanidade pública galega ten sido e seguirá sendo ata a súa consecución unha petición reiterada neste parlamento nos últimos anos. Xa no mes de marzo do ano 2017, gobernando o presidente Rajoy, aprobouse por unanimidade en pleno neste parlamento unha proposición non de lei do Grupo Socialista instando o Goberno do Estado a eliminar do ordenamento legal as restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas do Sistema nacional de saúde cando estas afecten postos de traballo de carácter estable.



A finais da última lexislatura, en decembro do ano 2019, xa co Goberno PSOE-Podemos no Goberno de España, de novo o Parlamento galego aprobou, tamén por unanimidade, unha proposición non de lei do Grupo Popular que demandaba a retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o sistema sanitario público.

Esta é unha vella reivindicación. Ademais, nas actuais circunstancias de emerxencia sanitaria, é imprescindible que o Estado elimine a taxa de reposición, tal como foi solicitado de maneira reiterada, para que poidan ser ofertados por cada comunidade todos os postos que as necesidades asistenciais están a demandar.

Quero recordar tamén que no pasado mes de maio o conselleiro de Facenda, o señor Valeriano Núñez, solicitoulle á ministra de Política Territorial, a señora Carolina Darias, no transcurso dunha reunión telemática que mantiveron, a eliminación da taxa de reposición tanto en sanidade como en servizos sociais. Esta eliminación da taxa de substitución permitiría ofertar en Galicia neste ano tres mil quíntos empregos no sector sanitario público. E o presidente Feijóo pediulle tamén ao Goberno central que elimine a taxa para as OPE da sanidade e de servizos sociais para este ano 2020 e mesmo, se isto non fose suficiente, tamén para o ano 2021.

Por outro lado, nas conclusións do ditame para a reconstrución social e económica aprobada no Congreso dos Deputados, no punto dedicado á sanidade e saúde pública, no referente a recursos humanos e profesionais, nas propostas de resolución, e dentro do punto 8, que trata de actualizar tanto a regulación como o funcionamento na práctica do sistema de contratación de persoal sanitario polos servizos autonómicos de saúde para acabar coa temporalidade e coa precariedade, no apartado 8.6 pódese ler a conclusión tamén de eliminar a taxa de reposición de efectivos para así rematar coa precariedade laboral.

Estamos a ver que todos estamos a pedir o mesmo, e nas actuais circunstancias de emerxencia sanitaria é imprescindible, máis que nunca, que o Estado, o Goberno do Estado, o Goberno PSOE-Podemos, que é o único que pode eliminar a taxa, o faga. Isto non é botar balóns fóra, como ás veces se escoita nesta cámara. Isto é imprescindible, isto foi solicitado de maneira reiterada para que poidan ser ofertados por cada comunidade todos os postos que sexan necesarios para cubrir as necesidades asistenciais que se están a demandar.

Por iso, desde este grupo parlamentario presentamos hoxe a seguinte proposición non de lei en pleno: o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Estado de España a retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público, permitindo ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da covid-19. Eu espero acadar e todos esperamos acadar ese voto favorable de todos os grupos parlamentarios, como foi en anteriores ocasións, e hoxe, máis que nunca, todos sabemos que é fundamental desbloquear e eliminar esa taxa de reposición para, entre todos, poder combater esta nova realidade histórica que estamos a vivir e que nos obriga a convivir cunha pandemia de características imprevisibles que tanto sufrimento e dor está provocando en todo o mundo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Gazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día de novo a todos e a todas.

Bo día, señora Amigo. Vida nova, debates vellos.

Reiterada petición —dixo vostede— sobre a taxa de reposición. Coincido, reiterada posición. Segundo a miñas contas —que poden ser erradas—, contando a lexislatura pasada e esta vez, van nove veces que debateremos e votaremos sobre a petición ao Goberno de España de suprimir a taxa de reposición para o persoal sanitario. Van nove veces que o debatemos. Vou adiantar que entendo que o Grupo Popular tamén votará hoxe a favor, porque é a súa proposta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, non é tan fácil adiantalo, porque nesta mesma proposta que hoxe trae —van nove, e vai ser a terceira vez— ¿sabe cantas veces votaron en contra? ¡Seis! Así que, polo de agora, van a metade de veces que votaron en contra do que hoxe traen aquí. *(Aplausos.)* ¡Non é tan fácil! *(Aplausos.)* ¡Mire como ten a súa curiosidade! Non é tan fácil ás veces. Pero está ben, porque as nove veces o Grupo Socialista vai votar a favor —hoxe a novena—. Así que si é reiterada— máis reiterada por algúns que por outros, tamén sexa dito—.

Claro, a intención politicamente é cambiar os relatos. Sería moito mellor cambiar a situación. Porque está ben que vostedes plantexen unha maneira de entender o que ocorreu. Eu plantexo outra —que igual ao final acabamos coincidindo—.

Primeiro, vostedes din que en 2017 o aprobaron, e eu levo pedindo dende entón que me dean algunha constatación de que si que ao final solicitaron en Madrid aquilo. Despois de pedilo como dúas ou tres veces, leron aquí unha suposta carta —pero que ninguén ensinou— sobre que o pediran. Leron unha carta. «Non, é que remitimos unha carta...» Non haberá problema, un rexistro de entrada, unha constatación escrita..., en fin, algunha cuestión que constate que vostedes, de verdade, aquel 2017, cando aquí se aprobou, lle pediron esta eliminación da taxa de reposición ao Goberno de España.

E, cando vostedes aclaren que o pediron e o demostren, entón a segunda pregunta é moito máis interesante: ¿por que non se fixo? Gobernaba o señor M. Rajoy. ¿Por que non se fixo? E eu a vostedes atribúolles, con toda sinceridade e naturalidade, que tiñan influencia no Goberno, en Madrid —o presidente de entón era militante tamén do PPdG—. ¿Por que non se fixo? Porque hoxe están pedindo algo que vostedes non fixeron. É interesante.

Permítame tamén outra lectura —un segundo punto—. Esqueceuse dunha parte daquela proposta, a que, ademais, estaba normalmente todas as veces que vostedes votaron en contra —naquela puideron votar por puntos e entón separaron, pero cando teñen que votar acu-



mulado, non—, e que ten que ver cun plan de contratación. Ou, traducido, é: eliminemos a taxa de reposición —¿para que?— para poder contratar. Vostedes ¿que votan a favor? Eliminar a taxa de reposición. ¿Que votan en contra? Que, cando se elimine a taxa de reposición, se contrate persoal sanitario. Entón vostedes son tremendamente firmes na reivindicación. ¿Por que? Porque queren contratar persoal e entón queren eliminar a taxa de reposición. Entón a nosa proposta é —e aí vai a emenda de hoxe tamén—: pidamos eliminar a taxa de reposición, traballemos para conseguilo, e, cando se elimine, comprometamos a contratación extraordinaria grazas a que se elimina. ¡Ah, non! Nós queremos pelexar contra o Goberno para que se elimine, pero despois o de contratar xa é outra historia. ¡Claro!, despois contratar profesionais sanitarios..., ¡home!, ¿para que?

Porque, claro, vostedes piden eliminar unha taxa de reposición que ten un obxectivo, ¡un!, que é ampliar o número de profesionais que podemos contratar. ¡Ben, correcto! ¡Fagámolo! Pero, se vostedes piden algo que só ten un obxectivo, a normalidade... —¿ven como despois non é tan fácil ás veces?—, a normalidade é que despois ese obxectivo se cumpra. Vostedes non cumpriron, non esgotaron a taxa de reposición nunca, ¡nunca!, ¡nunca! (*Aplausos.*) Meían nas OPE concursos de traslados, convocaban OPE que despois nunca se chegaban a formalizar, pasaban anos entre que os profesionais chegaban ou non chegaban. Vostedes nunca esgotaron a taxa de reposición. Por certo —para outro debate o deixaremos—, nunca pedían aumentar os profesionais, as prazas MIR, para formar médicos de familia e pediatras; só co Goberno de España —que, ademais, no último ano convocou o MIR máis grande da historia—. Tamén esa é unha maneira de ter profesionais no sistema.

Polo tanto, a pregunta é: vostedes queren facer este debate, pero ¿para que? se despois nunca se queren comprometer a contratar profesionais. Esa é unha primeira reflexión moi interesante. Bueno, unha segunda, porque a primeira é que isto de ser reiterado é un pouco así.

Terceira reflexión. Vostede trasladou aquí, señora Amigo, que isto foi votado na Comisión de Reconstrución, no Congreso dos Deputados. Efectivamente, é no 8.6, que leo literalmente: «Eliminar a taxa de reposición para así terminar coa precariedade laboral». Parece un acordo lóxico, isto é basicamente o que vostedes están plantexando aquí. Esta comisión elaborou un documento de conclusións e tivo unha votación, o ditame votouse primeiro xa na comisión. Voulle ler os grupos que votaron a favor disto na comisión, onde estaba este punto que vostedes din defender. Din —creo que literalmente, e, se non, corríxame—: «... xa que estamos todos de acordo». Bueno, pois xa que estamos todos de acordo, os votos a favor do ditame na comisión son os do Partido Socialista, Unidas Podemos, Ciudadanos e Nueva Canarias. ¿E o PP? Tivemos que convencelos no último minuto, no pleno, de que votaran a favor, pero empezaron votando en contra. Vén vostede aquí, señora Amigo, en nome do Partido Popular defender que eliminemos a taxa de reposición, e, cando ese acordo chega ao Congreso dos Deputados, van vostedes e votan en contra. (*Aplausos.*) Está no BOE. Hai un acordo tomado.

Cuarta pregunta: ¿por que vostedes veñen aquí plantexar que fagamos unha petición de algo que xa está adoptado como acordo no BOE e que cando vostedes gobernaban en Madrid nunca fixeron? Está ben, eu entendo que é un pouco para referendar que están de acordo co Goberno de Pedro Sánchez, que ás veces tamén se pode dicir. ¡Non digo que sempre! ¡Por



favor!, ¡por favor!, non, non vaia ser que sempre estean de acordo. Non, non pasa nada. Non, non, non deberían tampouco. Quero dicir que é o normal. Perdóeme, só neste chisquiño, só nesta liña do BOE, están de acordo e está ben, porque é unha boa reivindicación. O Grupo Popular reivindicouno, sobre todo nos últimos dous anos. O Grupo Socialista reivindicouno sempre, pero agora estamos todos de acordo. Permítanme lembrarllas que vostedes no ditame da comisión non votaron a favor disto, foi o Partido Socialista, Unidas Podemos, Ciudadanos e Nueva Canarias. Polo tanto, sexamos un pouco coherentes. Piden algo que vostedes non fixeron, piden algo que cando chegou a Madrid vostedes non votaron, piden algo ao que aquí votaban antes en contra e agora a favor, e dinos a nós que a ver se nos poñemos de acordo. ¡Se nós estamos sempre no mesmo sitio! Nós estamos de acordo en eliminar a taxa de reposición para o persoal sanitario.

Polo tanto, ¿cal é a cuestión ao final? A cuestión está no relato. Vostedes queren despexar o problema que teñen cos profesionais sanitarios, de que non os contratan, de que teñen un sistema de contratación precario, de que o Sergas se converteu na ETT máis grande de Galicia nos últimos anos. E queren despexalo dicindo que a culpa é do Goberno de España —un argumento novidoso neste Goberno, o de que a culpa é do Goberno de España—. Bueno, vostedes a partir diso queren agora transformar isto. Pero, claro, é que un, cando se lle pregunta dúas veces polas cousas e contesta dúas cousas distintas, ten ese problema, que se lle ven as costuras. Pero se xa está aprobado no Congreso, ¿por que volver traelo? Non pasa nada, nós votamos a favor unha, dúas, tres, catro, cinco, seis, sete, oito e nove veces. E, se no pleno seguinte volvemos traelo por décima vez, votaremos a favor, como hoxe votamos a favor.

Plantexamos unha emenda, iso si, porque parece moi interesante aproveitar unha iniciativa, que ten sentido, para votar unha emenda —nós plantexamos que se inclúa— que ten, digamos, o engadido posterior, o de contratar a todo o persoal sanitario con contratos estables e coa creación das prazas novas que poidamos. E, cando se elimine a taxa de reposición —oxalá máis cedo que tarde— repoñamos todos aqueles profesionais que necesita o sistema e que foron eliminados por esa taxa de reposición. Permítanme o dato: si é certo que a taxa de reposición se mantén no Goberno de España en diferentes graos en función dos gobernos. Sendo xeneroso a favor da igualdade da comparativa —para non facer ningún truco—, en torno a un 30 % dos profesionais xubilados mentres gobernaba o Partido Socialista non puideron ser repostos no sistema, e mentres gobernou o PP duplicouse esa cifra. Polo tanto, tamén é certo que algúns cargaron máis e reduciron máis a taxa de reposición, que non é o mesmo tela durante moitos anos ao 10 % que tela ao 100 %.

En todo caso, vamos apartar iso. A nosa emenda propón: defendamos iso, aprobemos o seu punto e incluamos un segundo, que é contratar o máximo de profesionais posible mentres non teñamos esa eliminación e, cando se elimine, contratemos todos aqueles que perdemos. E ten sentido porque, se non aprobamos iso, ¿para que queremos pedir eliminar a taxa de reposición se non é para contratar profesionais? ¿Ou é unicamente por dar berros contra o Goberno de España? ¡Non creo! ¡Non creo! ¡Non creo! ¡A quen se lle pode ocorrer tal cousa! Polo tanto, nós entendemos que a emenda se vai aprobar de por si. Sorprenderíanos enormemente que vostedes quixeran despoticar contra o Goberno de España para que se elimine a taxa de reposición pero despois, ¡por favor!, ¿como non imos contratar profesionais?



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Iso non tería sentido. E non tería sentido porque vostedes non queren unicamente facer un debate contra o Goberno de España. Vostedes queren xestionar. Polo tanto, contratemos profesionais.

Nós imos votar a favor e agardamos que se aprobe a emenda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día de novo.

Hoxe estamos asistindo a un debate no que, como diría, por exemplo, a miña nai, uns polos outros e a casa sen barrer, uns polos outros e a casa sen barrer. Porque infelizmente temos que volver debater sobre a taxa de reposición, que non é outra cousa que debater sobre precariedade laboral e non é outra cousa que debater sobre insuficiencia de recursos para atender, en xeral, os servizos públicos, pero neste caso a sanidade pública.

E eu teño que empezar dicindo e lembrar que a taxa de reposición non é máis que a aplicación práctica do seguimento cego das políticas neoliberais, das políticas dese capitalismo salvaxe. Unha taxa de reposición aprobada e implementada polo Partido Socialista e logo mantida polo Partido Popular e que responde a ese esquema, ao de que é o neoliberalismo o que decide como se deben facer as cousas e canto de dimensionados teñen que estar os servizos públicos. E vai no mesmo paquete que as directivas de estabilidade orzamentaria, que teñen como obxectivo adelgazar o público; ou vai no mesmo paquete da modificación —tamén a casa sen barrer— do artigo 135 da Constitución, que ten como obxectivo que primeiro os bancos e non os servizos públicos, non as necesidades da maioría da poboación. Esa é a realidade e aí é onde hai que instalar o tema da taxa de reposición aprobada polo Partido Socialista e mantida polo Partido Popular —e que ademais foi máis alá, non soamente a mantivo senón que no ano 2018 asinou un acordo cos sindicatos de ámbito estatal para impoñela como norma básica de obrigado cumprimento—. Co cal non soamente é unha cuestión como a taxa de reposición, que significa un prexuízo moi evidente para os servizos públicos, senón, ademais, unha invasión de competencias, unha invasión de competencias que permitiu absolutamente sen ningún problema o Partido Popular galego naquela altura. Non lles preocupou. Non é que non lles preocupase senón que foi o propio Partido Popular o que asina este acordo que o converte en norma básica de obrigado cumprimento. Polo tanto, é invasión de competencias porque Galiza ten competencias en materia de sanidade e competencias en como pode e debe organizar o seu persoal.

É unha taxa de reposición que fixo que no ano 2010, no ano 2011, no ano 2012, no ano 2013 e no ano 2014 só se puidesen repoñer o 10 % das prazas que ían quedando vacantes. No ano



2015 podíase repoñer o 50 %; e a partir do ano 2016, o 100 %. Pero significa que todos eses anos, do 2010 ao 2015, todas esas prazas perdidas non se están recuperando, non se poden sacar a concurso, co cal hai unha perda de postos de traballo inxente na sanidade pública de Galiza.

E vaia por diante que o BNG vai votar a favor desta iniciativa; efectivamente, reincidente. E o BNG estivo traendo iniciativas nas que demandaba a eliminación da taxa de reposición desde o minuto cero.

E tamén é curioso que o Partido Popular teña unha memoria selectiva e na exposición de motivos da súa iniciativa faga referencia ás veces que se trouxo aquí o tema e se aprobou. ¡Casualidade!, esqueceuse das veces que o trouxo o BNG e que tamén se aprobou. Porque — insisto— o BNG ten traído en moitas ocasións aquí este tema e ten sido votado en contra tamén en reiteradas ocasións.

Efectivamente, un deputado do BNG, un grupo do BNG no Congreso dos Deputados con só un deputado, mais un só deputado non se esquece dos problemas de Galiza, non se esquece de plantexar os problemas e as solucións. E non se esqueceu en ningún momento de levar alí o tema da taxa de reposición, porque se está recollido no ditame desa Comisión de reconstrución é porque o plantexou como emenda o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Por certo, hai outras organizacións políticas con moitos deputados no Congreso de Madrid que son elixidos en Galiza, pero non lle son de ningunha utilidade ao noso país porque non levan alí os problemas. Desde logo, ningún deles plantexou o tema da taxa de reposición. Un deputado do BNG si o plantexou, e está recollido. E a pesar diso o BNG non votou a favor do conxunto desas medidas porque tiña outras moitas tremendamente lesivas. Dígoo para non xogar con determinadas cuestións, señor Torrado.

Ben, pois digo que o BNG vai votar a favor desta iniciativa como fixemos en todas as ocasións, sen matices; porque aquí tróuxose moitas veces a eliminación da taxa de reposición con matices. O BNG, sen matices: eliminación da taxa de reposición, porque é un prexuízo enorme para a sanidade pública do noso país.

E a pesar de que imos votar a favor presentamos unha emenda a esta iniciativa que trae hoxe aquí o Partido Popular. Porque está moi ben que lles poña deberes aos demais, pois o Partido Popular en canto non está gobernando en Madrid está moi activo poñéndolles deberes aos demais e moi pouco activo en traballar nas cousas en que ten competencias e nas que ten que resolver o Partido Popular. E está moi ben que despois de dez anos facendo oídos xordos, en canto perdeu o Goberno de Madrid, o Partido Popular se puxera a reclamar a eliminación da taxa de reposición. O que non di o Partido Popular é que durante uns cantos anos actuou decididamente para ir suprimindo o persoal en Galiza, e ese traballo entusiástico tamén foi acompañado dunha diminución da petición de prazas MIR, e podíamos seguir.

O que si non está facendo o Partido Popular é, por exemplo, negociar un plan de ordenación dos recursos humanos, e por iso o BNG —insisto— presenta unha emenda. Unha emenda na que pedimos un catálogo onde se identifiquen todas as prazas estruturais actualmente cubertas e con nomeamentos temporais. Pedimos que se elabore ese catálogo, que se identifiquen



todas as prazas estruturais, que neste momento non sabemos cal é a situación. Porque o escurantismo arredor de cal é a situación das prazas no Sergas é total e absoluto; non se sabe cales están cubertas con vacantes, cales están cubertas con contratos deses dun par de días, cal é a situación das prazas estruturais. Polo cal, iso si pode facelo o Partido Popular. Non é que poida, é que debe facelo, é que levamos instándoo a que o faga durante anos, para saber cal é a situación do emprego en Galiza. Por iso hoxe o demandamos aquí nesta iniciativa.

É necesario un sistema de identificación de prazas. O Partido Popular pode e debe facelo, e no día de hoxe tampouco o ten feito. É necesario saber realmente cantas prazas se cubriron, porque aquí, na sede parlamentaria, o propio Núñez Feijóo, presidente do Goberno, dixo, cunha diferenza practicamente de días, datos totalmente diferentes. Aseverou o 29 de xaneiro que había dous mil cincocentos profesionais máis no Sergas de que cando chegou o Partido Popular no ano 2009. Resulta que nesa mesma xornada do 29 de xaneiro, nunha segunda intervención, dixo que foran máis de catro mil. E logo en febreiro dixo que foran tres mil catrocentos os profesionais que aumentaran na sanidade.

É difícil de entender se durante os anos 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014 só se repuxo o 10 % de efectivos, e eses non foron recuperados, como pode haber máis de cando chegaron ao goberno. Pero, ben, a multiplicación dos pans e dos peixes seica se produciu nalgún momento; aquí o Partido Popular faino no discurso, logo na realidade todos sabemos que non é así.

Polo tanto, con esta emenda o que pretendemos no BNG é que, ademais de pedir a eliminación da taxa de reposición, coa que estamos de acordo, o Partido Popular faga os deberes das cousas que lle incumben ao Partido Popular, que é facer ese catálogo para saber cales son as prazas, convocar as que están en situación de convocar, ou sexa, todas as vacantes que se produciron desde o ano 2010 e elaborar ese plan de ordenación de recursos humanos onde se recolla cal é a situación, cantas prazas vacantes hai e cales van ser as necesidades futuras, porque é preciso saber cal é a situación para poder anticiparse e poder actuar, que é o que non leva facendo o Partido Popular.

Polo tanto, o BNG vai votar como sempre fixo neste parlamento e alí onde se debateu a necesidade de eliminar esta taxa de reposición, que non é outra cousa que unha norma para deteriorar os servizos públicos, para deteriorar a sanidade pública, para eliminar profesionais na sanidade pública. Hoxe volveremos facelo, e agardemos que o Partido Popular teña un pouco de sentido da responsabilidade e non soamente poñer deberes aos demais, senón facer o que lle corresponde facer tamén como goberno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días de novo.



Moitas grazas, señor presidente.

Eu empezo agradecendo o apoio de todos os grupos; penso que todos imos votar a favor, quedo con iso.

Señor Torrado —por aclarar—, a incorporación da emenda o Partido Popular votouna a favor. O que non votou a favor o Partido Popular, que votou en contra, foi a aprobación final do ditame, pero a emenda en concreto votouna a favor. Entón, hai que dicir as verdades todas, non a medias. E nós, desde logo, coa eliminación desta taxa estamos a falar de estabilización e contratación, pero tamén de estabilización.

E eu quérolle facer unha pregunta: ¿por que non se fai agora, que vostedes están no goberno, están de acordo co Goberno central? Entón, vostede trasladoume varias preguntas a min, eu trasladolle esa a vostede.

Por facer historia e por dar algún dato, imos recordar que a polémica da taxa de reposición se remonta ao ano 2009, cando inmersos nunha profunda crise económica, cun goberno do PSOE, do presidente Zapatero, se pasou do cen por cento de anos anteriores ao 30 %, baixando ata o 10 % entre o ano 2010 e o ano 2014. En decembro do ano 2011 asumiu a presidencia un goberno do Partido Popular, o presidente Rajoy. No ano 2015 isto incrementouse ata o 50 % e no ano 2016 elevouse de novo ao cen por cento.

E por seguir dando datos: as prazas MIR de Galicia incrementáronse por decisión da Xunta de Galicia, non do Goberno de España. E, por matizar, volvo dicir que a Xunta sempre esgotou a taxa de reposición. É máis: ata un 108 %, con ese 8 % cedido por diferentes consellerías, entre elas a de Educación. E, seguindo matizando, hai que dicir que Galicia é a única comunidade autónoma que ano tras ano convoca ofertas públicas de emprego anuais. Pero isto non é suficiente, isto non permite recuperar todas as prazas vacantes en sanidade perdidas en todos estes anos.

E como xa expliquei na miña intervención anterior, a pandemia ocasionada pola covid-19 fai necesario adoptar medidas excepcionais no ámbito da xestión dos recursos humanos. Contamos cunha plantilla de excelentes profesionais acostumados a traballar en condicións non sempre fáciles —así é a profesión dos sanitarios—, pero que nesta pandemia non escatimaron esforzos e traballaron arreo nunhas condicións nunca imaxinables. Esta é a razón da urxencia de traer hoxe esta iniciativa ao Pleno.

Eu non vou entrar en confrontamentos nin en discordias, non é o momento. Vivimos tempos escuros, inmersos hoxe nunha crise moito máis profunda, onde máis que nunca debemos de mirar para diante e afrontar os problemas xuntos. Penso que non estamos aquí para poñer paus nas rodas, menos nesta materia. Os galegos elixíronnos a cada un de nós e aos nosos grupos para que os representáramos e o noso deber é traballar, buscar acertos e o mellor para a nosa comunidade, con esa finalidade de saír adiante da peor crise que vivimos nos últimos tempos.

Miren: aquí non estamos para ir uns en contra dos outros, polo menos eu penso así; temos a obriga de aparcas todas esas cousas de «eu máis, ti menos». Non, non estamos nesas



tempos; estamos a vivir tempos duros e difíciles, onde máis que nunca debemos de sumar e non restar, máis en materia de sanidade, e dicir verdades, non falacias nin medias verdades, e moito menos tratar de destruír.

No mes de setembro, todos nós pasamos un exame e os resultados víronse nas urnas, o pobo galego falou. E tanto o 47,98 % dos galegos que votaron o Partido Popular e que lle permitiron ao presidente Feijóo que leve o temón de Galicia por cuarta vez consecutiva, cos seus 42 deputados, como o 23,80 % dos votantes do BNG, cos seus 19 deputados, ou o 19,38 % do Partido Socialista Galego, cos 14 deputados, e mesmo o resto dos votantes que optaron por partidos que non conseguiron escano no Parlamento, o conxunto dos galegos esperan de nós traballo e acertos para saír adiante. *(Aplausos.)* Isto é o que espera o pobo galego de nós.

E, xa para rematar, hai que lembrar que a sanidade pública galega segue a ser unha prioridade principal para o Goberno da Xunta de Galicia.

Con respecto ás emendas, debo dicir que respecto da do PSOE, vostede sabe que sempre a Xunta esgota a taxa de reposición, e o que lle dixen antes: que as OPE se convocan anualmente, e non lla imos aceptar.

E respecto da emenda de modificación do BNG, non teriamos problema en que quedara así, léolla: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público, tal e como está recollido no punto 7.6» — señora Prado — «do Ditame aprobado polo Congreso dos Deputados coas conclusións para a reconstrución social e a económica, que permite ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da covid-19».

Nos puntos que propoñen de adición non estamos de acordo, poderían formar parte doutro debate.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Continuamos coa orde do día.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre a creación, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, dunha comisión parlamentaria de investigación sobre os feitos e contaxios da covid-19 acontecidos nas residencias de maiores durante a primeira vaga, coa achega da información precisa sobre os pasamentos de usuarios de residencias galegas polo virus

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.



Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señorías.

Un dos temas fundamentais que deben centrar o traballo nos próximos anos neste parlamento é sen dúbida ningunha a atención aos nosos maiores.

Como sabemos, nos últimos meses, debido ao contexto motivado pola pandemia da covid-19, vivimos acontecementos que mudaron a nosa realidade por completo; realidade na que aínda nos atopamos inmersos nunha adaptación a un contexto novo e coa resiliencia que iso require para que o noso pobo poida superalo. Para iso, os que aquí temos a honra de representar a cidadanía galega temos que dar respostas ás demandas que temos por parte da cidadanía e temos que estar máis ca nunca á altura das circunstancias.

Sobre os centros de atención residencial para persoas maiores recaeu a lousa da peor cara desta pandemia, lamentando aproximadamente a metade —como xa se dixo— dos falecementos por covid nestes contornos. Os datos, por si mesmos, nunca reflicten o contexto emocional que require a situación, xa que unha soa persoa falecida xustificaría que este parlamento iniciase unha comisión de investigación sobre o acontecido nas residencias de maiores, (*Aplausos.*) tendo en conta que as competencias eran e son da Xunta antes, durante e despois da pandemia. En ningún caso para buscar culpables, pois a sociedade é consciente plenamente da complexidade desta situación, pero si para depurar responsabilidades e analizar o contexto no que a pandemia penetrou, ou sexa, o punto de partida.

E para coñecer o punto de partida debemos afondar nos últimos anos da xestión. E o mellor retrato fixérono o Consello de Contas, as propias traballadoras do sector do ámbito residencial, os especialistas do sector e as propias familias dos residentes. Todo iso en coñecemento, por suposto, do Goberno da Xunta de Galicia.

No ano 2018, —xa se dixo— o Consello de Contas detectou serias irregularidades e incumprimentos da normativa no contexto residencial. Mentres tanto, a Xunta de Galicia, que a través da Consellería de Política Social é a administración competente como tal encargada de facer as inspeccións anuais correspondentes, ¿que é o que fixo?

Pois ben, cando no ano 2010 a porcentaxe dos centros previstos nos plans de inspección era do cen por cento, esta foi descendendo paulativamente ata caer ao 39 %. Isto significa que mentres o número de prazas do ámbito residencial privado aumentaba, o número de inspeccións por parte da Xunta de Galicia baixaba. Trátase dun feito inversamente proporcional á responsabilidade que a administración debe cumprir.

Por iso, o punto de partida non se limita só ao informe do Consello de Contas, senón que a propia Asociación de Traballadores de Residencias de Galicia leva anos denunciando, en concreto, dende o ano 2012, as irregularidades e os incumprimentos da normativa que afectan gravemente os coidados dos nosos maiores, como son os incumprimentos da ratio no persoal e da cualificación do mesmo, por exemplo, entre moitos outros.



Falamos das necesidades básicas da vida diaria dos nosos maiores, pero —non menos importante— tamén falamos desa cima da pirámide da que falaba Maslow, desas necesidades emocionais que se degradan cando vives entre catro paredes, compartindo habitación cun descoñecido ou espertando ás seis da mañá para o aseo cando o persoal é escaso, e téñense que adaptar os residentes aos turnos e non os turnos aos residentes. Necesidades emocionais degradadas cando se adxudica unha praza nunha residencia lonxe do teu contorno e dos teus seres queridos, cando esa estancia leva consigo un desapego da vida cotiá, reducíndose só ao contexto residencial. Este tipo de situacións, señorías, acontecen en Galicia, e coa pandemia causada pola covid este tipo de cuestións fixéronse visibles á nosa sociedade, cando se agravaron aínda máis debido a tal situación.

A presidenta da asociación de traballadoras Sonia Jalda citou textualmente: «¿Como é posible nun só turno que unha soa profesional teña que facerse cargo da limpeza de medio centenar de habitacións?». Ademais, tamén citou textualmente algo que se supón moi grave e que por iso isto só xustificaría este tipo de estudo e investigación: «Hai casos de enfermeiras que saíron dunha residencia con casos de coronavirus para facer turnos en residencias sen casos». Isto é tremendamente grave.

Señorías, este tipo de casuísticas teñen que ser investigadas, sen importar a ideoloxía ou o partido. É un deber moral que temos cos nosos maiores. E o primeiro interesado debера de ser o Partido Popular, que está no goberno e que ten que ter a necesidade de coñecer que foi o que aconteceu para poder executar a fórmula precisa, a mellor fórmula, a máis idónea no futuro inmediato.

As familias dos residentes sufriron demasiado nos últimos anos, e continúan a sufrir, ao descoñecer —como sabemos— en certos momentos cales eran os protocolos ou mesmo cales eran as cifras, xa que non cadraban coas oficiais en obter información nese intre.

Tamén se preguntaban as familias por que a Xunta de Galicia non facilitaba os datos por cada residencia, ¿por que? O mesmo que agora se están preguntando, por exemplo, tamén os nosos alcaldes e alcaldesas en Galicia de por que non se dan os datos por concellos, ¿por que?

As familias dos usuarios preguntábanse que criterios se determinaron para derivar ou non os nosos maiores a residencias integradas ou centros intermedios, e por que se tardou tamén en dar autorización para que acudisen aos hospitais.

Penso que ninguén esquece a carta da directora da residencia San Lázaro que antes nomeaba Gonzalo Caballero, na que publicamente denunciaba que existía un protocolo interno no cal se dicía derivar unhas persoas contaxiadas ás residencias habilitadas e outras non, en función do grao de dependencia que tivesen, quedando fóra paradoxalmente os graos máis altos, os grados II e III, os máis vulnerables ante o virus. Se a directora de San Lázaro está no certo, ¿por que se tomou esta decisión? E o máis importante: de ser así, ¿quen tomou esta decisión por parte da administración competente?

Por outro lado, o presidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría, e artífice da primeira residencia integrada, advertiu publicamente de que era preciso que as persoas con



contaxios saísen inmediatamente das residencias, e ségueo a advertir. Incluso lles recomendou ás familias denunciar os feitos. Finalmente, el non continuou coas funcións que estaba a facer tras as discrepancias que existían coa actuación da administración respecto a este tipo de feitos.

Este tipo de casuísticas son xustificativas per se de que este parlamento leve a cabo unha comisión de investigación de modo que poidamos coñecer toda a información e optimizar a nosa laboura para mellorar a vida dos nosos maiores.

Grazas, por suposto, sempre ás nosas heroínas, ás que estiveron na loita directa cara a cara co virus cuidando dos nosos maiores, ás traballadoras das residencias, ás traballadoras do SAD, ás dos centros de día, ás dos ámbitos dos servizos sociais. Grazas por coidar dos nosos maiores no peor momento. Grazas por facer horas de máis nos vosos traballos sen ser retribuídas en moitas ocasións. Grazas por expoñervos ao perigo, que tamén tedes, por certo, vida e familia como o resto. Grazas por arriscar as vosas vidas con salarios pequenos. E o máis importante: grazas por humanizar o contexto e pola vosa loita e advertencia dende hai anos de que moitas cousas non ían ben nas residencias.

Din que, en ocasións, das grandes crisis poden saír grandes acordos e elementos positivos para as próximas xeracións. Esta é a nosa oportunidade —estamos nun momento clave da historia— de dignificar dunha vez por todas o exercicio da política, tan deostada nos últimos anos, de devolver á cidadanía o interese de cara á actividade política. E nós, como servidores e servidoras do pobo galego, debemos estar máis á altura ca nunca. Na nosa man está resolver as demandas da cidadanía, para que volva crer que a política é necesaria para mellorar as súas vidas.

E agora temos que facernos unha pregunta a nós mesmos: ¿como nos gustaría pasar as últimas etapas da nosa vida? Despois de todo o que a pandemia amosou debemos destapar o tabú dunha vez por todas. A maioría dos nosos maiores non queren ir a unha residencia nestas condicións, queren vivir nas súas casas.

A conselleira falaba do que xa dixemos dende o noso grupo hai tempo: de mudar o modelo residencial, pero temos que ir máis alá. O que debemos mudar é o concepto de atención aos nosos maiores, hai opcións e recursos máis alá das residencias. ¿Por que se recortaron axudas na dependencia, como a libranza no coidado na contorna familiar, que permitía ao familiar coidar do dependente? ¿Por que non se reforzou cunha rede profesionalizada que apoiase as familias e que supervisase os coidados? E, tamén, ¿por que non fomentar a igualdade, para que non sexa só unha cuestión feminina?

Este tipo de cuestións, este tipo de recursos, xunto cos centros de día, as actividades dos centros de día sociocomunitarios, o servizo de axuda a domicilio reforzado e a teleasistencia, poden transformar unha demanda silenciada dunha vez por todas e feita tabú. Os maiores de hoxe son os nós de mañá e lembraremos o que están a vivir os de hoxe. Na nosa man está cambialo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos outra vez.

Desde o BNG vaia por diante que imos apoiar esta proposta, e sintetizaría a posición do noso grupo en dúas razóns:

A primeira —xa o dixemos— é que moitas veces cremos que non é só necesario senón imprescindible coñecer o que pasou nas residencias de maiores durante a primeira vaga da pandemia e analizar todas e cada unha das decisións que se adoptaron, cun obxectivo moi claro, que expuña tamén a portavoz nacional do BNG hai uns minutos: corrixir os erros cometidos para que algo así non poida volver acontecer nunca máis neste país.

Diciámolo tamén ao inicio do pleno: case a metade das persoas falecidas por covid-19 no noso país eran usuarias de residencias de maiores. E foron precisamente estes centros un dos principais focos de contaxio durante os primeiros meses da pandemia, até o punto de producírense no noso país situacións de enorme gravidade como as vividas. Todas e todos lembrarán na residencia San Rosendo de Celanova, na DomusVi de Cangas, na de Barreiro ou na de San Lázaro. E o certo é que despois de todo o vivido vemos como volven rexistrarse contaxios masivos nas residencias, como aconteceu na do Incio, na de Outeiro de Rei ou máis recentemente na de Culleredo.

Falamos de casos onde os positivos atinxiron a práctica totalidade das persoas residentes; o 75 % no caso, por exemplo, na de Outeiro de Rei, ou na de Culleredo, onde vinte e unha persoas positivas das vinte e catro prazas que posúe a residencia. Algo falla, señorías, se despois de todos estes meses vemos repetirse o mesmo escenario. E isto non se resolve cunha media; falamos de seres humanos, de persoas, de vidas extremadamente vulnerables.

Desde o BNG vimos reclamando e seguimos a defender a necesidade de que a Xunta de Galiza interveña as residencias privadas, todas elas, de maneira inmediata, para garantir que se están a cumprir escrupulosamente todos os protocolos, que os centros contan co persoal necesario para atender as persoas usuarias e que se adoptan todas as medidas de prevención por parte das entidades que as xestionan ou das entidades que son titulares.

Hai que lembrar —e insisto moito nisto— que só o 20 % das prazas de residencias de maiores neste país son públicas. Se algo quedou claro despois de todos estes meses é que non se pode ir a remolque da covid-19, que é imprescindible anticiparse e actuar con previsión e, sobre todo, non cometer dúas veces o mesmo erro.

Póñolles un exemplo concreto: o 12 de agosto, a CIG denunciou publicamente que nas residencias, tanto nas públicas como nas privadas, se estaba incorporando persoal das vacacións



ou para cubrir baixas e substitucións sen facer unha proba PCR, e alertou ademais do enorme risco que iso supuña para as demais persoas traballadoras e tamén para as usuarias e os usuarios cos que traballan directamente.

A resposta da Xunta foi que con autoavaliarse era suficiente. porque en seis meses a Xunta de Galiza non se decatou aínda de que a maior parte das persoas contaxiadas son asintomáticas. Pero, logo si, os responsables son os rapaces de dezaioito anos. Vemos a palla no ollo alleo, pero non a trabe no propio. *(Aplausos.)*

As familias de usuarias e usuarios das residencias pero tamén o conxunto da sociedade galega temos dereito a coñecer a verdade e a analizar todas e cada unha das decisións que se adoptaron durante a pandemia. Non pode ser que despois de todo o acontecido neste país se pretenda pasar páxina coma se non pasase nada, coma se fose irremediable. Porque o certo é que a covid-19 fixo emerxer, señorías, da máis dura das maneiras as carencias, as deficiencias e a precariedade de recursos do actual modelo de residencias en Galiza.

Esa é a segunda razón para o BNG para reclamar unha comisión de investigación, que non vai contra ninguén, senón que vai en favor de Galiza, das persoas maiores de hoxe, pero tamén daquelas que estamos aquí e aspiramos tamén a ter unha vellez digna cando nos toque. Analizar, polo tanto, o modelo absolutamente privatizador. Insisto en que o 80 % das prazas son privadas, pois das vinte mil persoas usuarias de residencias no noso país só catro mil están nunha residencia pública. E son datos do presidente da Xunta da comparecencia pública do 22 de marzo de 2020, son datos do propio Goberno.

Un modelo privatizador sobre o que se ten alertado —como se acaba de indicar tamén, e xa o falabamos non só pola mañá senón na anterior lexislatura— neste parlamento e fóra del antes mesmo da pandemia, da declaración de emerxencia sanitaria ou da declaración do estado de alarma; antes xa de que soubésemos que era iso do SARS-CoV-2. Persoal das residencias, familiares de persoas usuarias e o mesmísimo Consello de Contas advertiron nos últimos anos de que non se estaban a garantir as condicións óptimas nas residencias privadas.

O informe nas súas conclusións alerta e advirte sobre dúas cuestións fundamentais: o incumprimento das ratios de persoal e a redución das inspeccións —como se indica— por parte da Xunta de Galiza. Abro aspas e cito literalmente as conclusións dese informe do Consello de Contas, que eu entendo aquí que ninguén vai cuestionar como autoridade de fiscalización do propio Goberno. Refírense —di o Consello de Contas— a «incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente da ratio de persoal de atención directa e a non-diferenciación de funcións por categorías profesionais; uso inadecuado das instalacións; deficiencias nos protocolos de funcionamento; falta de rigor dos rexistros... Apareciuse que, a pesar de que os casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron, non se iniciaron expedientes sancionadores». Advirte o Consello de Contas que, desde ese ano 2013, «a previsión de inspección dos centros autorizados decrece paulatinamente do 70 % nese ano ao 40 % no ano 2016». E, ademais, volve recalcar que nas actas que levantou a inspección —que depende directamente da Xunta de Galiza e da Consellería de Política Social— «os feitos constatados poden ser constitutivos de infraccións e sancións en materia



de servizos sociais, tipificadas nos artigos 79 e seguintes da Lei de servizos sociais de Galiza». Sen embargo, di literalmente o Consello de Contas: «Apreciouse que, a pesar de que os centros non corruxiron as irregularidades observadas, a inspección non propuxo a iniciación de expedientes sancionadores». E iso é ser conivente co que pasa nesas residencias de anciáns.

Non foi só o Consello de Contas o único en denunciar esas irregularidades. Como sinalabamos tamén pola mañá ao inicio deste pleno desde o BNG, da residencia DomusVi de San Lázaro tamén foi advertida a Inspección da Consellería de Política Social en febreiro deste ano das irregularidades. Pero é que, ademais, tiña constancia o propio Goberno de que esas irregularidades se mantiñan no tempo porque o Consello de Contas tamén as fiscalizaba. E esa residencia, a DomusVi de San Lázaro, en Santiago de Compostela, conta con noventa e unha prazas concertadas pola Xunta de Galiza, das cento cincuenta e seis totais que posúe. Denunciaban as traballadoras e os traballadores da DomusVi de San Lázaro, en febreiro deste ano, o incumprimento da ratio de persoal por usuarias, e solicitaban ademais unha inspección por feitos constitutivos de infraccións graves. Na empresa, que ofrecía no prego de condicións corenta e seis xericultores, unha vez ponderada a redución horaria e visto o Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais —tamén da Consellería de Política Social, dependente da Xunta de Galiza—, só estaban traballando 41,2; dezaioito limpadores ofrecían, só 12,5; recepción, dicían que había tres, só 1,7, e no caso dos médicos, dos 2,5 que dicían que había, só 1,54.

No BNG, señorías —e con isto remato—, estamos convencidas de que esta pandemia ten que significar un punto de inflexión en moitísimos aspectos, en moitísimos ámbitos, pero, sobre todo, nos coidados. E para iso é preciso coñecer, estudar e investigar o que se fixo mal para corruxilo, o que xa estaba mal para mudalo. Porque hai situacións que nin na nova nin na vella normalidade son aceptables, e a situación das residencias de maiores e todo o que envolve os servizos públicos en materia de coidados é unha delas.

As familias das persoas usuarias desas residencias de maiores reclaman a abertura desta comisión de investigación; teñen dereito a coñecer a verdade, teñen dereito ademais a reclamar xustiza —como así o fixeron pola vía xudicial— e a exixir tamén a reparación por todo o acontecido.

Nós imos votar a favor. E esperemos que desta volta, xa que teñen a oportunidade de volver emitir o voto, rectifiquen e tamén a apoiem. Que nunca máis neste país, de verdade, o dereito das persoas maiores, de todas, en definitiva, e de todos nós, volva quedar por detrás do negocio e do lucro de grandes corporacións e fondos de investimento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.



O señor PUY FRAGA: Señorías, é o terceiro debate que temos sobre as comisións especiais que se deberían crear en relación coa pandemia da covid; é o segundo esta mesma mañá en relación cunha comisión de investigación.

Eu quixera facerlle notar á Cámara que a semana despois de ter acadado un acordo os tres grupos, por unanimidade, para constituír unha comisión de estudo para tratar todo o relacionado coa covid, levamos media mañá debatendo sobre mecanismos parlamentarios para tratar unha cuestión que a semana pasada aprobamos que sería pola Comisión de reactivación. A min péreceme ata certo punto absurdo esta perda de tempo.

É absurdo incluso ata o punto de que a señora Pontón —que está presente na Cámara— dixo ao final da súa intervención que lle daba igual que fose de investigación que que fose de estudo. É que a de estudo xa está constituída. E dicía: é que é mellor que sexa específica e que tratemos sanidade, educación, economía, cultura e todo o demais na outra comisión. Ben, isto non é razoable, foi unha desculpa do último momento, porque no fondo do que se trataba era de traer un debate e mostrar discrepancias coa maioría e, o que é máis sorprendente, tamén debate entre a oposición.

Tamén dicía a señora Pontón estes días que todos nos iamos retractar. Eu son consciente de que, efectivamente, hoxe os grupos nos estamos a retractar. E por iso, como pertenzo a un grupo que, ademais, é o maioritario, eu pregúntome se o debate desta mañá fixo algo positivo, que calquera cidadán que estivera escoitando este debate dixera: ¡home!, no Parlamento parece que van encamiñados a traballar para que a situación do país sexa mellor. Eu, a verdade, non tiven oportunidade de escoitar nin unha soa proposta ou análise positiva, pese á tarefa inxente que todos temos.

¿Cremos que é positivo para a Cámara ver a oposición rivalizar pola paternidade das comisións? ¿Alguén de fóra pode entender que pasemos aquí media mañá para ver se a que sae é a do Bloque ou a do PSOE, que no fondo din o mesmo, o que pasa é un a presenta dunha maneira porque ten xe deputados e outro non a pode presentar porque ten menos deputados? Eu non vexo nada positivo disto. E, en cambio, quedo moi preocupado porque ao longo de todos estes debates este portavoz, en nome da maioría, tendeu dúas veces a man para traballar arreo tamén no tema das residencias na Comisión de reactivación, e diso ningún dos portavoces —e foron varios— se comprometeu a colaborar lealmente por atopar as mellores solucións para o tremendo problema que Galicia está a vivir.

E marchou tamén preocupado polas actitudes que temos visto ao longo destes debates. Houbo xa prexuízos que mesmo adiantarían a suposta conclusión dunha comisión de investigación. Escoitamos unha avaliación que, desde logo, e tendo en conta que o peor da crise foi nun momento preelectoral e que foi avaliado electoralmente, acaba o pobo de Galicia de dicir que non comparte moi maioritariamente.

E incluso se fixeron alusións a que un se dedicaba á profesión universitaria; cousa da que estou moi satisfeito, ao igual que sei que o están outros membros desta cámara que tamén o fan. Certamente, eu aquí non estou para dar clase porque non estou exercendo de profesor, pero si que é verdade que o que me gusta é que se recoñeza a actitude, porque na vida esta-



mos para aprender sempre. Esa é a primeira actitude de quen se dedica á universidade. Estamos sempre para aprender, tanto que eu tamén estou disposto a aprender de todos os deputados, e fágoo todos os días. E sempre se pode aprender e sempre é útil unha brúxula porque, aínda que indique sempre o sur, pois polo menos un sabe onde está o norte. Sempre se aprende de todos os deputados. *(Aplausos.)* Pero xa que estamos de acordo en que un profesor non debe de exercer a docencia desde esta tribuna, eu tamén quería agradecerlle que non nos psicanalizase aos demais porque, certamente, algúns non precisamos de psicólogo ningún. *(Aplausos.)*

No discurso de investidura, eu apelei —dado que aquí o que hai que facer é escoitar—, no traballo de todos os grupos, e co compromiso noso de facelo, a traballar con moita responsabilidade en tres dimensións: nunha responsabilidade política, que implica non utilizar isto para sacar beneficios partidistas a curto prazo; nunha responsabilidade moral, que quere dicir atender ás explicacións que se nos dan máis aló dos prexuizos ideolóxicos, e tamén nunha responsabilidade fáctica, é dicir, cando os datos din unha cousa hai que recoñecer que os datos din esa cousa, e non dicir que non din o que os datos din.

Ben, hoxe no debate tivemos exemplos de xustamente todo o contrario. É, evidentemente, partidismo cando vemos que os dous grupos da oposición nin se poñen de acordo para rexistrar unha única petición de comisión de investigación e van ver quen se pon a medalla. Ou cando saímos despois de acadar un acordo unánime da Xunta de Portavoces, e o primeiro que fan é dicir: isto é o que fixen eu, foi grazas a min, e tal, cando o certo é que saíu porque estabamos os tres grupos de acordo. Pois a min paréceme que é intentar sacar partido dunha forma absurda, que a xente da rúa non entende; é que non fai falta para iso.

Eu creo que tampouco houbo moita responsabilidade ideolóxica. Quen me precedeu nesta moción por parte do Bloque segue insistindo, máis alá de calquera evidencia fáctica, en cuestións ideolóxicas. É dicir, isto non é así, non hai unha contraposición entre as residencias privadas e públicas; a maioría, o 45 %, das residencias son entidades sociais, son privadas pero non son lucrativas. E se non entendemos isto, se deturpamos unha realidade de moita xente que está traballando, non por gañar cartos, e que está deixando a súa vida para axudar a quen o necesita, e se o incorporamos aos grandes fondos voitre, pois non entendemos cal é a realidade de Galicia. Estase evidentemente buscando unha solución ideolóxica, cando non hai ningunha evidencia de que esa solución ideolóxica sexa capaz de mudar as cousas. *(Aplausos.)*

E, finalmente, negan a evidencia. Nesta parte permítanme que lles recorde que cada vez que vostedes din que nós tratamos a xente ao peso, estannos faltando gravemente á honra, porque neste grupo hai moita xente que padeceu o virus, moitas familias deste grupo e moitos coñecidos deste grupo padeceron o virus, e padeceron como tantas familias de Galicia o non poder ir darlle o pésame a un ser querido, o non poder asistir ao seu enterro. *(Aplausos.)* ¡Non os tratamos ao peso! *(Aplausos.)*

O que si dicimos —porque é un dato— é que Galicia ten a terceira parte de falecidos en residencias do que ten o conxunto de España. Iso é un motivo de satisfacción porque quere dicir que morreron moitas menos persoas en Galicia en residencias que no conxunto de Es-



paña, e iso quere dicir —é unha evidencia— que aquí se fixeron as cousas mellor que no conxunto de España. Polo tanto, hai unha traxedia, ¡claro que a hai!, e claro que nós estamos cos que sufriron, ¡claro que o estamos! Pero tamén estamos satisfeitos de que o noso goberno fose capaz de actuar de maneira que en Galicia morreron moitas menos persoas en residencias das que morreron no conxunto de España, porque tampouco dubido da boa fe do resto dos xestores autonómicos de España, que ningún, seguro, tiña interese en que falecera ningún e moito menos nunha residencia.

¿Por que vostedes non se alegran de que en Galicia vaian mellor as cousas que no conxunto de España? O problema non é medir, o problema é que parece que vostedes queren negar un feito que é real e que, ademais, a poboación acaba de avaliar nunha votación moi específica e moi clara. É que en Galicia se fixeron as cousas razoablemente ben e que, grazas a iso, se salvaron moitas vidas. *(Aplausos.)* ¿Por que o negan? ¿Por que recorren á demagogia? ¿Que sacamos de positivo para reconstruír o país despois da crise que estamos a padecer utilizando esta demagogia nun día coma hoxe —insisto—, no que, desgraciadamente, non se vai sacar nada de positivo para que a Comisión de reactivación empece, polo menos, con bo pé?

E negan máis datos. Estanse a facer máis inspeccións que nunca nas residencias. Non é certo que haxa un protocolo que limite as derivacións a hospitais, confunden ás veces os protocolos. Si é certo que o houbo con relación ás residencias porque moitas das residencias que se fixeron integradas non podían atender os grandes dependentes e eses foron derivados a hospitais e non a residencias, obviamente.

En definitiva, non recoñecen algo que para min é fundamental: en Galicia non se deu unha vida por perdida, non se esconderon as persoas que faleceron e non houbo que habilitar un pavillón de patinaxe de xeo e esconder alí a multitude de cadáveres que se estaban producindo nalgúns territorios. Eu sinto moito todo o que pasou Galicia, pero afortunadamente en Galicia, a Deus grazas e tamén ao traballo do Goberno, as cousas foron moito mellor. *(Aplausos.)*

Pese a todo isto, por terceira vez, en nome da maioría, eu volvo tender a man para traballar, adquirir información, traer expertos, recibir as asociacións das persoas afectadas na Comisión de reactivación económica que, por consenso, creamos a semana pasada. Tratemos de chegar a acordos construtivos nesa comisión; eu estou seguro de que o país o agradecerá. Agora ben, despois dos debates desta mañá, quero dicir tamén, en nome da maioría, que somos conscientes do mandato que tivemos —insisto— por esa proporción de galegos que lle deron a confianza a un goberno para chegar a acordos, pero, en todo caso, tamén para exercer a súa responsabilidade e gobernar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Ortega.



A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Puy, con todos os respectos, pónome no seu lugar e é complicado ter que defender o non a unha investigación, a unha comisión de investigación que está pedindo a cidadanía. É complexo, entendo perfectamente que é complicado, (*Murmurios.*) pero non se pode dicir que estamos aquí a ter debates que non son necesarios nesta cuestión.

Dixo que era o terceiro debate xa, ¡pois como se son vinte! (*Aplausos.*) Esta cuestión é a máis urxente que ten agora mesmo para tratar este parlamento, a máis urxente que ten Galicia, a máis. E enténdoo perfectamente porque, ademais, o presidente da Xunta estivo ausente en todo este debate, cando é o tema máis preocupante que ten agora mesmo. (*Murmurios.*)

Se o Partido Popular decide hoxe que non vai adiante a comisión de investigación sobre as residencias, lamentamos profundamente a oportunidade que temos para iniciar este período en consenso, polo ben común dos nosos maiores, e así poder examinar con detalle o acontecido para poder aprender dos erros cometidos, porque si houbo erros, e é grato coñecelo. ¿Por que non recoñecen que houbo erros? Os propios profesionais estano dicindo e poñéndoo sobre a mesa. Non é nada malo recoñecer os erros, pero si temos que falar estas cuestións, si temos que investigalas, si, e a cidadanía estao pedindo e tamén as familias.

Hai algo que si vai pasar seguro, que é o tempo. Pasará para todos e para todas, e con sorte chegaremos a ser maiores todos e lembraremos se aquí se fixo todo o posible por estudar e investigar o que pasou e continúa a pasar nas residencias. Lembraremos as traballadoras que loitaron e loitan polos dereitos de todos e todas e polo benestar dos nosos maiores, e que pagaron en ocasións, si, cos seus postos de traballo e con problemas neles. Lembraremos todos os incumprimentos que o Consello de Contas informou sobre as residencias en Galicia e que deron lugar a este punto de partida no que nos atopamos: desfavorable para afrontar unha crise desta magnitude. Lembraremos e preguntarémonos por que o Partido Popular, que está gobernando en Galicia, non quixo investigar e estudar a fondo o que acontece nas residencias.

O Partido Popular ten a maioría desta cámara e presume de que moita xente maior os vota sempre nas eleccións. E eu preguntaríaalles ás persoas maiores ou ás que serán persoas maiores pronto: ¿gustaríaalles ir a unha residencia nestes termos, nestas condicións que estamos a vivir sen falar da cuestión, sen estudar, sen facer propostas? É o noso deber informar de cousas como as que antes comentei, de que o Partido Popular recortou axudas, como na dependencia, que facilitaban outras opcións antes de ter que acollerse a unha praza residencial. O noso deber é advertir. A decisión é libre. Pero a política, para ben ou para mal, repercute na vida das persoas.

O que aquí hoxe acontecerá será un antes e un despois nesta cámara. Os motivos para investigar o acontecido nas residencias son evidentes. Onte aínda se facían eco os medios de comunicación de que Galicia é a quinta comunidade de toda España que acumula máis dilixencias abertas na Fiscalía por temas de causa da covid nas residencias de Galicia, ¡a quinta



comunidade! ¡Claro que hai causas para investigar e facer un estudo!, ¡claro que si! E non é nada malo, e non para buscar culpables, ¡nunca!

E, por suposto, non dubidamos da moral, por suposto que non, de ningún dos deputados e deputadas desta cámara. Sabemos perfectamente que senten o mesmo, independentemente da cor. Pero si que é verdade e que é necesario máis que nunca investigar e dilucidar cales son as causas e cales poden ser as fórmulas axeitadas para poder tratar isto.

A competencia, ¿por que? Porque a competencia sempre foi e será deste goberno autonómico. Por iso temos a responsabilidade e o deber moral non só cos nosos maiores e as súas familias, senón co resto da cidadanía, que o está demandando porque teñen empatía e senten dor polos feitos, coma todos nós.

E somos conscientes e non dubido en ningún momento —repito— da vontade persoal dos deputados e deputadas de toda a Cámara. Por iso temos que actuar en unidade.

E na última reunión que mantivemos coa Asociación de Familiares de Usuarios de Residencias, o neto dunha muller que faleceu nunha residencia preguntábase que tería pasado se en vez das residencias de maiores foran residencias de menores, e fíxose un silencio. Temos que afondar nesta cuestión. Debemos traballar coma nunca por atallar esta situación e sempre fomentar o mesmo valor e o benestar e as vidas de todas as persoas, sexa cal sexa a súa condición ou idade. O que hoxe se decida será un antes e un despois.

E, por suposto, poñer en valor o traballo das familias, das persoas maiores que están en residencias, a dor polos seus, o recoñecemento dunha xeración que viviu tempos moi duros cando foron cativos e que hoxe son os que están a pagar a maior peaxe desta pandemia. Temos que estar con eles. É a hora de tomar decisións contundentes e poder sacar os nosos maiores das residencias cando se contaxian. Porque eles mesmos e os mesmos están en perigo. E debemos ser responsables e optimizar os seus coidados para non seguir perdendo vidas.

Hoxe temos a oportunidade, fagámolo posible entre todos e entre todas. Propoñemos esta comisión de investigación para estudar as causas, non para acusar nin para buscar culpables, senón para buscar responsabilidades, si, porque hai responsabilidades, e non debemos ter medo a isto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ORTEGA OTERO: Por suposto, esperemos que a apoien e que cambien de opinión as señorías do Partido Popular.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e catorce deputados/as máis, sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da fixación dun prezo eléctrico competitivo para os consumidores electrointensivos e o compromiso para que o plan industrial para Alcoa poida optar ao Fondo Europeo de Recuperación

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno central para:

- 1. Apostar, en relación con Alcoa San Cibrao e no caso de manterse a negativa da empresa a negociar ou vender, pola intervención pública para a nacionalización da planta de aluminio de forma que se garanta a continuidade da actividade e dos postos de traballo.*
- 2. Actuar para asegurar o futuro de Alu Ibérica, incluíndo a intervención pública, se os inversores privados non garanten a continuidade da actividade.*
- 3. Aprobar un Estatuto do consumidor electrointensivo que realmente supoña unha solución para o sector da industria electrointensiva, é dicir, que garanta un prezo estábel, predicíbel e asumíbel. Para iso, será necesario mellorar o borrador presentado, actuando sobre a peaxe de transporte, cunha bonificación do 100% e tamén coa subida ao 100 % a bonificación dos cargos xa previstos e complementariamente elevando ao máximo permitido a compensación por CO₂.*
- 4. Facilitar a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega, dada a condición de país produtor excedentario de enerxía eléctrica, que permita abaratar o custo da electricidade tanto para as empresas como para os particulares.*
- 5. Amosar o seu compromiso para que as factorías e os proxectos asociados á súa continuidade poidan optar ao Fondo Europeo de Recuperación e a aqueles que se poidan arbitrar.»)*

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir, ab itinio, os seguintes puntos:



«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Seguir traballando na Mesa Multilateral liderada polo Ministerio de Industria para acadar resultados no proceso de venda da factoría de Alcoa en San Cibrao a un novo investidor, que garanta a continuidade da actividade e os actuais postos de traballo na planta da Mariña lucense.
2. Desenvolver as súas competencias en materia industrial establecidas no Estatuto de autonomía de Galicia, elaborando un plan industrial para a Mariña de Lugo co fin de promover a actividade económica e laboral da comarca lucense, con proxectos e apoio financeiro que consoliden a actual actividade industrial, fomenten a aparición de proxectos emprendedores e atraian a novas empresas a dito territorio.»)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moi bo día, presidente e membros da Mesa.

Moi bo día a todos os compañeiros e compañeiras.

Permitídemme tamén que saúde os membros do comité, que —teño entendido— van seguir o debate desta proposición non de lei nesta institución.

E tamén permitídemme que mande un afectuoso abrazo aos seiscentos oitenta e nove lucenses que neste momento están superando a covid-19.

Ademais, por ser a primeira vez que tomo o uso da palabra nesta respectada institución, que agradeza aos preto de noventa mil lucenses a confianza depositada o pasado 12 de xullo, que nos permitiu conseguir preto dun cincuenta e cinco por cento dos votos e nove dos catorce deputados da miña provincia. Nove lucenses que imos antepoñer, por suposto, os intereses na nosa provincia e traballar por Lugo e por Galicia. A todos eles ofrézolle o meu traballo e o meu esforzo en non defraudar.

E por iso hoxe non se entendería, sendo unha mariñá, sendo unha lucense, que non se pelexara neste debate a defensa da continuidade dos postos de traballo que a produción de aluminio primario ten na nosa provincia. Nunha semana crucial, onde quedan poucas horas e onde miles de familias levan moitos días pendentes das decisións do *Boletín Oficial do Estado* que non chegan, pendentes de noticias que nos dan os medios de comunicación, aos que tamén, por suposto, quero agradecerlles ese fondo seguimento e apoio a unha das principais preocupacións que temos no Partido Popular.

Esta proposición non de lei pretende instar a Xunta de Galicia para que inste o Goberno do Estado a que fixe dunha vez por todas un prezo eléctrico competitivo para os consumidores electrointensivos e o compromiso para optar a un plan industrial, e que poida recibir fondos do Fondo Europeo de Recuperación.

Na propia exposición de motivos da proposición non de lei arranco coa data do 28 de maio —unha data que moitos mariñáns non esquecerán nunca—, a data en que Alcoa anunciaba



un expediente de regulación de emprego que afecta directamente 534 familias. Se nos quedamos con esa cifra sería, dende logo, un dato moi equivocado. Recentemente lin un estudo nun dixital de economía —que viña apoiado polo Grupo de Análise e Modelización Económica da Universidade de Santiago de Compostela— que facía unha avaliación do impacto que tería o peche desta factoría na nosa comarca: o impacto directo, evidentemente, os postos de traballo e a perda de produción; o efecto indirecto de todo ese volume de actividade que xera os bens e servizos, como o consumo intermedio que precisa esta empresa para a súa produción; e, o máis importante, ese efecto inducido, que viría, dende logo, da perda de renda dispoñible de moitos traballadores e que xa os afectados podemos enumerar: o pequeno comercio, os autónomos e, por conseguinte, o noso tecido económico.

Ese 28 de maio culminaban meses de grandes incertezas. E vou ler unha cronoloxía, realmente a cronoloxía dunha frustración. Todos temos a mesma preocupación, estou segura, e non só os deputados da provincia de Lugo. Pero tamén teño que dicir alto e claro que non todos temos a mesma responsabilidade.

O 31 de outubro de 2018 a ministra Teresa Ribera anunciaba por primeira vez un estatuto electointensivo no Congreso. O 5 de febreiro de 2019 outra ministra, neste caso Reyes Maroto, anunciaba o estatuto para dentro de tres meses. O 11 de marzo do ano 2019 incluso o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, afirmaba nun mitin na Coruña que en nove meses o seu goberno garantiría o futuro de Alcoa. O 29 de xuño do 2019, unha vez xa pasadas as eleccións xerais —hai que dicir que a existencia dun goberno en funcións foi tamén moitas veces empregado como desculpa—, cando xa había goberno, anunciaba a inminente aprobación para cando se configurase aquel. E incluso ministras do outro partido político socio do Goberno —estoume a referir a Yolanda Díaz, coñecida en Galicia polo seu compromiso na defensa, teoricamente, dos dereitos dos traballadores—, anunciaban o 20 de xaneiro que o estatuto estaría aprobado nuns días. Ao final, vimos un texto dun estatuto, un borrador de estatuto, do 20 de febreiro de 2020, que non contentou a ninguén, que non daba ningunha solución. E todos —e, cando digo todos, refírome incluso a gobernos de comunidades autónomas do Partido Socialista ou doutros partidos—, consensuaron unhas alegacións e presentáronas para que se mellorase o texto e, en definitiva, se conseguise o que tanto tempo levabamos pedindo.

Agora —e dicíao ao principio da intervención— estamos nunha semana crucial. O 30 de xullo Alcoa informaba de que había un principal interesado. Estoume a referir ao Grupo Liberty House. Hai que dicir tamén que o propio presidente da Xunta de Galicia, a Administración autonómica, o Goberno galego, insiste en que se compromete a ser parte da solución. Pero é indubidable que a solución sempre vai pasar por un proxecto viable e de futuro que garanta o mantemento dos postos de traballo. E seguro que os traballadores de Alcoa da Coruña e Avilés saben perfectamente que o que estou a dicir é máis necesario ca nunca, porque, ata a data, o que propuxo o Goberno de España como solución pois desgraciadamente parece que non conseguiu o seu obxectivo.

Por iso hoxe aquí, e por suposto buscando un apoio unánime, porque realmente é o que nos están a pedir as familias da Mariña e as familias da provincia de Lugo que neste momento teñen en serio perigo a continuidade do seu posto de traballo, e como mariñá, propóñolle ao



Parlamento de Galicia que inste a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno central a fixar un prezo eléctrico competitivo que pase pola aprobación dun estatuto para consumidores electointensivos, incrementar ata o máximo que autoriza a Unión Europea as compensacións por custos indirectos de CO2 e un novo sistema de xestión da demanda que substitúa a poxa pola interrompibilidade; e para amosar o seu compromiso de avaliar que proxectos dun plan industrial de Liberty para fábricas de Alcoa poden optar ao Fondo europeo de recuperación.

Estamos a falar, sen dúbida, do futuro dun territorio, pero estamos a falar dunha cronoloxía —o máis breve posible e sempre intentando cinguirme aos tempos, especialmente na miña primeira intervención— que demostra que o Goberno de España neste caso estivo ausente, non estivo á altura das circunstancias e, dende logo, faltou á palabra en repetidas ocasións. Pero aínda non é tarde, e insisto moito en que esta semana é decisiva.

E agora, dende logo, o empeño e a forza que vin nos meus compañeiros —con toda humildade, pois veño aquí a aprender— pois espero que se reproduza nesta iniciativa. A Mariña probablemente lles cadre lonxe a moitos dos compañeiros que hoxe están aquí —e incluso por algunha razón da que estean criminalizados—, pero créanme, neste momento —e fago un chamamento especialmente aos alcaldes da Mariña, aos alcaldes do Partido Socialista—, cando o luns remate o tempo de desconto, que non lles quede a sensación de non o ter intentado todo. E neste momento a petición é a mesma que a que vostedes mesmos se comprometeron en repetidas ocasións a aprobar. É de xustiza, e a Mariña neste momento necesita un compromiso claro do Goberno de España.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, ¡cantas veces escoitamos hoxe ao longo da mañá falar única e exclusivamente de que o Partido Popular gañou as eleccións! E o realmente preocupante non é escoitalles que gañaron as eleccións, é que parece que é o fin último do Partido Popular, gañar as eleccións. *(Aplausos.)* Non é xestionar o presente e o futuro da cidadanía galega. E agochan as súas competencias detrás dunha crítica obsesiva ao Goberno de España simplemente por non ser da súa color.

Señora Candia, señores do Partido Popular, estamos nun momento transcendental para o futuro da actividade industrial na planta de San Cibrao e, polo tanto, dunha actividade económica esencial para a comarca da Mariña lucense e dos máis de quíntos traballadores directos e moitos indirectos que dependen de que a fábrica de Alcoa, a antiga fábrica de Alcoa, siga producindo. As eleccións autonómicas xa pasaron, señora Candia. Xa poden dei-



xa de buscar votos evadindo as súas competencias e responsabilidades e tratar de arrimar o ombro para que a venda da factoría sexa unha realidade. Os traballadores de Alcoa, e con eles todos os veciños da Mariña lucense, esperan de nós que esteamos á altura das circunstancias. Están cansados dese xogo de buscar continuamente culpables políticos mentres unha multinacional como Alcoa intenta pechar as instalacións de San Cibrao e deslocalizar a súa produción sen importarlle para nada a perda de todo o capital humano e da capacidade produtiva que pode levar consigo este peche. Os cidadáns pretenden dos seus políticos solucións e esforzos comúns para que as intencións desta multinacional non se materialicen. E necesitan sentir que as nosas administracións traballan conxuntamente para que Alcoa entenda que debe vender e que, do contrario, pode saírle moi cara outra decisión.

Por iso, señores do Partido Popular, esta proposición é completamente extemporánea, á falta de menos de sete días para que finalice o prazo de venda non é o momento de darlle escusas a Alcoa, como se o prezo da enerxía, ademais, fose a causa do peche da factoría. Recorden como a propia multinacional declarou que non continuaría coa súa actividade aínda que a enerxía fose completamente gratis. E se fose certa esa casuística, señora Candia, ¿pode explicarme por que non é un problema o tema da enerxía para o investidor que desexa mercar a factoría?

Por outra banda, falar dos fondos europeos —que aínda non están desenrolados e que aínda non sabemos como e onde se van aplicar—, cando falta menos dunha semana para que finalice o prazo da venda, está completamente fóra de lugar, señores do Partido Popular; excepto que o seu grupo parlamentario estea xa buscando desculpas e non solucións aos problemas dos traballadores da fábrica da Mariña. (*Aplausos.*)

Non é normal, señora Candia, estes días escoitar o conselleiro Conde falar continuamente de plena sintonía co Goberno central na busca de que frutifique a venda ao novo investidor —que atopou a ministra de Industria, por certo— e que agora traian esta proposición ao Pleno. ¿Non falan entre o Goberno e o Grupo Parlamentario Popular, señora Candia? Ás veces entristécenos ter a impresión de que o Grupo Parlamentario Popular lle está a facer o traballo sucio a unha empresa tan irresponsable como Alcoa.

¡Basta xa de ocorrencias, señores deputados! A comarca da Mariña quere solucións e non discursos baleiros. Mentres algúns traballaban en silencio co Ministerio de Industria para a busca da venda da factoría a un novo investidor e eran tachados como «pouco comprometidos coa terra», outros dedicábanse a falar de nacionalizacións imposibles dende a Administración autonómica ou a darlles escusas a aqueles que queren, por decisión empresarial, deixar a produción e impedir que outros reanuden a actividade en San Cibrao.

Señores do Partido Popular, somos coñecedores da necesidade da aprobación do Estatuto de consumidores electrointensivos, non só para Alcoa senón tamén para outras empresas importantes no noso territorio. Pero quero recordarlles as verbas do señor Soria, ministro do Partido Popular no ano 2012, cando se comprometía a que o 1 de xaneiro do 2013 existise un marco regulatorio para que as empresas electrointensivas como Alcoa garantisen a súa competitividade. Señores do Partido Popular, pasou o ano 2013, pasou o ano 2014, o 2015, o 2016, o 2017 e o 2018, seis anos ata a chegada do Goberno actual do Estado, sen que fixesen abso-



lutamente nada por solucionar este problema; seis anos sen escoitarlles nada de nada sobre a promesa incumprida; seis anos nos que non falaban da falla de compromiso do Partido Popular coa nosa terra. Daquela non se escoitaba o señor Feijóo como defensor a ultranza do noso país. Gastan vostedes un estraño nacionalismo de oportunidade dependendo de se gobernan ou non gobernan vostedes no Goberno central. E xusto agora, cando o actual Goberno está ultimando a aprobación do estatuto —que terán listo, polas nosas informacións, para este outono—, un goberno que conta con dous anos de mandato en minoría, con varios procesos electorais polo medio, cun bloqueo sistemático do Partido Popular aos orzamentos xerais do Estado e cunha pandemia polo medio, é cando intentan sacar peito do seu compromiso coas empresas electrointensivas.

Señores do Partido Popular, en canto ás axudas de compensación dos custos indirectos por emisións de CO₂, hai que recordarlles que o Partido Popular deixou orzados 6 millóns de euros para o 2018 e que este Goberno suplementou ata os 61 millóns de euros para facer fronte aos custos do ano 2019, chegando ao máximo que permite a Unión Europea. O compromiso co mantemento da industria electrointensiva do Goberno do Estado dentro do marco regulatorio resulta evidente. E necesitamos que todos poñamos da nosa parte para evitar que a planta da Mariña deixe de xerar riqueza. Póñanse a iso, señores do Partido Popular. E, como lle dicía ao señor Tellado na reunión da Comisión de Industria do pasado xoves, despois de once anos continuados de goberno do Partido Popular con Núñez Feijóo, despois de gobernar trinta e tres dos trinta e nove anos de historia da autonomía, despois de escoitalos como grandes valedores do Estatuto de autonomía, ¿poderían facer o mínimo esforzo de ler o Estatuto e, sobre todo, o artigo 30, no que di que teñen competencias exclusivas en materia de industria? E, despois de lelo, ¿poderían ser capaces de elaborar algún tipo de política industrial que faga algo máis que criticar o que fan ou deixan de facer os demais e agochar as súas competencias —agora ata no nome da actual consellería do señor Conde—?

En materia industrial, no goberno de Núñez Feijóo perdéronse 23.000 postos de traballo. Na pasada lexislatura o índice de produción industrial caeu un 2,5 % fronte ao 0,4 % no conxunto de España; o emprego industrial en Galicia era no 2009 o 7,1 % do conxunto de España e baixamos ata o 6,6 %. Esa é a gran bagaxe do señor Núñez Feijóo. A pesar da súa política de propaganda nos medios —que pagamos, por certo, todos os galegos—, a industria en Galicia esmorece co Partido Popular. Señora Candia: R, Vulcano, Alcoa, Isowat, Barreras, Alfageme, Poligal, Perfialsa, Caramelo, Conservas Cuca, Pescanova, etcétera, etcétera, etcétera. (*Murmurios.*) Si, señores do Partido Popular, escóiteno. Poden vir vostedes a sacar peito da súa política industrial, señores do Partido Popular.

Vostedes no 2015 aprobaron a bombo e prato a Axenda da Competitividade Galega Galicia Industria 4.0, e tiñan dúas metas principais ata o ano 2020, no que estamos: un crecemento do sector industrial ata significar o 20 % do PIB galego e a creación de 50.000 postos de traballo novos na industria, uns obxectivos completamente incumpridos. E ¡que falar do Igapel!, nunha penosa situación de infrautilización cunha execución de 160 millóns de euros para os 360 que tiñan para o trienio do ano 2016 ao 2018.

Póñanse as pilas, señores do Partido Popular, a cidadanía galega deulles a confianza hai dous meses para que xestionen o seu futuro, como dicía anteriormente. O Grupo Parlamentario



Socialista vai votar a favor da súa proposición non de lei, a pesar de estar completamente errada no tempo. Pero aproben a nosa emenda e póñanse en liña co Goberno da Xunta de Galicia —por certo, co cal non deben de falar— nunha fronte común co Goberno do Estado para exixirlle a Alcoa a venda da factoría de San Cibrao. E fagan un plan industrial para garantir o futuro dunha comarca como a Mariña, señora Candia, que necesita políticas que fagan posible a implantación de novas empresas e a continuidade das actuais. Porque, de non ser así, o único que quedará nos recordos dos galegos da política do señor Feijóo é o anuncio a bombo e platillo dunha construción de vinte buques para Barreras e unha base loxística en Punta Langosteira da empresa Pemex, da que nunca máis soubemos excepto da situación das compañías que tiña o señor Feijóo nese anuncio con directivos que acabaron todos imputados por corrupción. E case, case, para facer isto, mellor non fagan nada, señores do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

(*Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Antes de máis, quixera enviar en nome do Bloque Nacionalista Galego palabras de recoñecemento, de alento e de ánimo aos traballadores e traballadoras de Alcoa que esta mesma mañá cortaban a A-6 con barricadas para protestar pola súa situación; (*Aplausos.*) e tamén, particularmente, aos traballadores da industria auxiliar —que moitas veces son esquecidos no debate—, que mañá comezarán unha folga indefinida e que neste caso, aínda que empreguemos a palabra «auxiliar», todos e todas somos conscientes de que en realidade son tamén traballadores directos, porque, se pecha Alcoa, van ser os primeiros en caer.

Sabemos, efectivamente, que esta semana é crucial, que o que pase nos próximos días vai determinar o futuro, desafortunadamente, non só da Mariña, non só de Lugo, senón de todo o noso país. Sabemos iso. E por iso, señores do Partido Popular, aínda que non teñamos demasiadas esperanzas depositadas en vostedes, é bastante lamentable que vostedes continúen aquí coa súa estratexia de autoexculpación permanente, a que practican sempre neste tema e, por extensión, en todos os que teñen que ver cos problemas industriais e enerxéticos deste país.

Xa foi sintomático, efectivamente —como se dicía aquí—, que vostedes chapodaran directamente a palabra «industria» das consellarías do Goberno galego nun momento no que no noso país, primeiro, estamos na peor crise industrial da nosa historia recente —está Alcoa, pero hai moitos outros exemplos máis—; e no que, segundo, estamos vivindo unha pandemia sen precedentes que vai ter consecuencias brutais, efectivamente, no ámbito sa-



nitario, no ámbito humano e no ámbito directamente relacionado coa política social, pero que tamén vai ser un antes e un despois no camiño que continúe o noso modelo económico e produtivo. E vostedes o que fan, basicamente, é practicar a estratexia da avestruz e vir aquí co discurso de a ver se atopan a quen botarlle a responsabilidade.

E mire, nós dicímosllo unha vez máis: desde o Bloque Nacionalista Galego, crítica co Goberno central, cando haxa que facela, ¡toda! E hai que dicir tamén que neste tema parece que se esforzaron en facer as cousas realmente mal. Pero o que tamén hai que poñer enriba da mesa é a historia completa, e poñer tamén cuestións que son responsabilidade do Partido Popular. Efectivamente, a señora Candia e os señores do Partido Popular na súa exposición de motivos relataban moitas datas e moitos acontecementos, pero as historias hai que contalas enteiros. E nesta tamén é moi importante ver como comezou todo isto. Eu non sei se recordan vostedes o ano 1998, se recordan a hemeroteca e se recordan que había unha empresa que era pública e que foi privatizada e malvendida polo Partido Popular, que custou máis de 500 millóns de euros ás arcas públicas —e iso dío o Tribunal de Cuentas, non o di o BNG—. E iso ¿que nos deixou máis alá de perdas económicas? —o que é moi importante recordalo nun momento no que estamos poñendo enriba da mesa se hai cuestións que podemos pagar ou non—. Deixounos tamén algo moi importante, que é a perda do control e da capacidade de fiscalización pública dun sector que é estratéxico. Vostedes teñen responsabilidade polo pasado, tamén polas lexislacións do sistema eléctrico, pero teñen responsabilidade tamén polo presente e polo pasado recente, por vivir en folga de brazos caídos respecto destes problemas e doutros, señores do Partido Popular.

E, claro, o resultado é o que vemos no presente: que, efectivamente, hai unha empresa privada que está facendo unha chantaxe permanente a este país e ás súas institucións. Porque iso é tamén así, estámolo vendo nas últimas semanas e nos acontecementos dos últimos días. Vímolo o venres pasado tamén, e de aí a gran preocupación que hai tamén nestes momentos nos traballadores e traballadoras e no propio comité de empresa. Porque sabemos que Alcoa non está cumprindo as regras de xogo, que Alcoa está traballando tamén na súa propia autoexculpación e que Alcoa está buscando desculpas tamén para non dar pasos adiante con Liberty. Sabemos que están incumprindo as condicións de mediación que se acordaron o pasado 13 de agosto, e nas que a Xunta de Galiza e o Estado tamén estaban implicados. E a nós preocúpanos que nesa estratexia de autoexculpación —que ás veces parece que é ata coincidente entre Alcoa e o Partido Popular— deixemos paso a cuestións que son menores en lugar de analizar o importante.

Efectivamente, o enerxético é un dos problemas. Unha cousa é que os de Alcoa sexan uns trileros e outra cousa é que esquezamos que temos un problema grave co prezo da enerxía neste país, e, por certo, cun modelo enerxético *made in* Partido Popular. Porque no 2013 e no 1997 foron vostedes os que deseñaron este marco, e foron vostedes os que deseñaron o marco das poxas que agora veñen emendar coa súa iniciativa. Foron vostedes tamén os que reduciron as poxas dun ano a un período de seis meses, e foron vostedes os que non fixeron ningún propósito de emenda ata que deixaron de gobernar desde o ámbito central. Pero nin sequera entón tiveron un propósito de emenda real. Ata dúas veces votaron neste Parlamento en contra dunha proposición de lei de modificación do sistema eléctrico para conseguir unha tarifa industrial estable.



E seguen negando uns e outros tamén a cuestión fundamental: que é indecente que un país que produce enerxía eléctrica por riba das súas necesidades —que no último ano do que temos informe, o 2018, exportou máis do 55 %— teña empresas pechando polo prezo da enerxía eléctrica. Iso é indecente. (*Aplausos.*) E nalgún momento desta historia ou o Partido Popular ou o Partido Socialista deberían asumilo.

Por iso emendamos esta iniciativa, porque sempre nos terán do seu lado cando exixan a aprobación dese estatuto de electrointensivas —que efectivamente é unha tomadura de pelo o que aconteceu con el—. O Bloque Nacionalista Galego tamén presentou alegacións ata en dúas ocasións —e, por certo, seguimos esperando as respostas—. Tamén nos van ter de lado cando queiran reformar ese sistema de poxas. Efectivamente, esas dúas cuestións xa as temos votado reiteradamente neste Parlamento. Hai exactamente un ano, cando comezaba o curso político, tramitabamos no primeiro pleno unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego que foi aprobada; no terceiro pleno, unha do Grupo Parlamentario Popular, que tamén. Pero é que a cuestión é que agora necesitamos máis. Este país necesita máis a cinco días de que teñamos unha data determinante. Precisamos apostar sen fisuras por unha tarifa eléctrica galega.

E, sobre todo, o que máis preocupa nestes momentos é que temos que poñermos, por responsabilidade, no peor dos escenarios posibles. E o peor dos escenarios posibles é que o próximo domingo Alcoa consuma a súa folla de ruta e non facilite un proceso de venda, que non haxa esa venda, ou que os condicionantes de salvagarda do emprego da produción industrial non sexan suficientes —que aí tamén temos a experiencia do que aconteceu na Coruña, e de como na Coruña seguen as cubas de electrólise paradas e como na Coruña estamos vendo tamén unha situación moi complexa—.

Polo tanto, a cuestión que formulamos —tamén vía emenda— desde o Bloque Nacionalista Galego é o realmente importante neste momento. Porque a nós parécenos estupendo que lle exixamos ao Goberno central que medie para obter fondos europeos, sexa quen sexa o propietario de Alcoa-San Cibrao e A Coruña dentro duns meses. Parécenos estupendo, pero o que temos que ter é un plan «b» segundo o que poida pasar o domingo e poñermos no peor escenario posible. E se o domingo non hai unha venda ou non hai condicións adecuadas, ¿que facemos?, ¿poñemos unha rolda de prensa do telepresidente botando bágoas de crocodilo porque pecha esa empresa?, (*Aplausos.*) ¿mandamos unha coroa de flores á Mariña? Hai que ter un plan «b». E o plan «b» está recollido —parece mentira que teña que vir un grupo político soberanista a dicírllelo— na súa sacrosanta Constitución española. Hai que apostar pola vía da intervención pública. E, se non hai unha solución enriba da mesa mediante unha venda privada, nós convidamos a que se aposte en relación con Alcoa-San Cibrao —no caso de manterse a negativa da empresa a negociar ou vender— pola intervención pública, pola nacionalización da planta de aluminio incluso, se é preciso; o que sería, ademais, voltar á orixe deste conglomerado industrial e actuar tamén —porque non debemos esquecer os outros pés de Alcoa— na situación que se vive aínda hoxe na Coruña e que nós tamén entendemos que é unha vía que hai que ter en conta.

Miren, eu sei que lles produce alerxia falar deste tema nesta Cámara, pero eu preguntome, se neste contexto absolutamente determinante para milleiros de empregos nesta parte do



país pero que ten un efecto en toda Galiza, non só na Mariña e non só en Lugo, se neste momento ademais absolutamente histórico, cunha pandemia mundial e onde se van acelerar os pasos para o cambio de modelo produtivo e enerxético, non podemos apostar por que os poderes públicos interveñan directamente na economía e condicionen os acontecementos, ¿cando o imos facer? *(Aplausos.)* Desde logo, este é o momento.

Polo tanto, estas son as cuestións que queríamos poñer enriba da mesa coa nosa emenda. Unanimidade sempre a van ter connosco, pero, desde logo, poñamos enriba do papel, poñamos na proposta de acordos, algo que sexa o que realmente necesita este país neste momento. Estamos vendo nesta mesma última semana como se renuncia a recuperar ata 9.000 millóns de euros públicos investidos nun banco que se vai regalar a mans privadas. Que non se poña enriba da mesa a desculpa de que non hai recursos económicos. Hai recursos económicos, e o que se necesita é vontade política. Hoxe podemos ser covardes como parlamento e volver aprobar por enésima vez as cuestións que se formulan na iniciativa ou aceptar estas propostas, ser valentes e dicirlles aos compañeiros e compañeiras de Alcoa na Mariña de Lugo e en todo este país que, con independencia do que a uns e a outros lles mandan votar desde Madrid, imos estar aí e que Alcoa non se pecha.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Cando vin que os meus compañeiros da Mariña declinaban a responsabilidade de defender esta iniciativa en persoas — polo que me documentei — de Arteixo e de Ourense quedei preocupada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Bueno, deputado pola provincia da Coruña, creo. En todo caso, tiña unha explicación e non me quedou ningunha dúbida. No caso do Partido Socialista viña defender ao Goberno de Pedro Sánchez — por certo, tarefa moi complexa neste asunto —, e créanme que non o conseguiu. E no caso do Bloque Nacionalista Galego tiña unha brillantísima oportunidade de explicarnos que chegaron a acordo no seu momento, e miren que xa fixen varias preguntas en ocasións que tiven con compañeiros do Bloque Nacionalista Galego en debate en épocas electorais. Porque aquí, cando facían público o 21 de setembro o acordo BNG-PSOE — que de titular poñían que «resolveran Alcoa» —, lese e relese e en ningún sitio pon «se o Goberno autonómico lles deixa», «respectando as competencias do Goberno autonómico», ¡en absoluto! Defendieron os veciños da Mariña e deixáronos tirados. *(Aplausos.)*

Miren, eu veño da política local, onde a resposta debe ser inmediata — por certo, despois de oito anos de goberno do Bloque Nacionalista Galego —, e aprendín na política local que o que nos pide a cidadanía non é nin debates estériles nin estar detrás dunha pancarta cando realmente hai un problema. E agora temos moitas familias na Mariña esperando que vos tedes cumpran ese acordo. Ese superdeputado, que todo o arranxa e todo o soluciona, que polo menos dea unha explicación, porque aquí faltou á verdade.



E miren, aquí falamos de saúde, falamos de maiores, bueno, falamos sen dúbida de cousas moi importantes, pero seguro que coinciden comigo en que, despois da saúde, o que máis lle preocupa a un veciño ou veciña é o seu posto de traballo. E agora vimos falar de cousas serias. Vostede citou o ano 98. Casualmente —porque a verdade é que é un tema ao que lle levo dedicado moitas horas, e ogallá poida contribuír á súa continuidade— atopei unha portada de *La Voz de Galicia*, do 5 de xullo do 95 —non gobernaba o Partido Popular, por iso esas páxinas seguro que as pasan—, na que o propio ministro do Partido Socialista dicía que o Estado defendía a privatización e que ademais non repercutiría no emprego. Iso está aquí, nin o di Elena Candia nin os deputados do Partido Popular.

Pero agora, insisto, os veciños da Mariña queren solucións. E eu coincido en que debo centrarme, por suposto, nos compañeiros do Partido Socialista. Dicía que todos tiñamos a mesma preocupación pero non todos temos a mesma responsabilidade.

E non falamos de Alcoa só nas eleccións. E dígollo coa sensibilidade de ser unha persoa que na anterior crise económica vivín dous expedientes de regulación de emprego na miña familia. Non veño aquí a facer ningún tipo de demagogia, veño a intentar ser parte da solución. E fun moi suave porque é a primeira das intervencións. De verdade créanme que o único que me preocupa é que sexa capaz de motivalos a vostedes, e aos alcaldes do Partido Socialista na Mariña —que os temos en vilas importantísimas onde teñen moitos traballadores—, e que descolguen o teléfono e chamen a Madrid, e que lle digan á ministra: rematou o verán, rematou o verán o día 22 —casualmente hoxe—. E aquí o dixo —é que non o di o Partido Popular—: a aprobación do Estatuto, coas súas correspondentes alegacións, é certamente unha solución. ¡Pero se o votaron vostedes! Votárono vostedes o 17 de xuño no propio Congreso nunha proposición non de lei onde din «si» con 341 votos. ¿Saben por que? Porque iso é unha solución, porque non basta unha venda, e vímolos na Coruña e en Avilés. Necesitamos un proxecto sostible e viable. É un problema industrial, indubidablemente. A destrución de postos de traballo é un problema industrial. Pero neste momento na Mariña é un problema de política enerxética. E a vostede —que me puntualizou que nacera en Vilalba, e ten razón— pódennos contar ben nas Pontes. Saben perfectamente que a política enerxética do Goberno do Partido Socialista estalle facendo moito dano á nosa provincia. Dígollo co maior respecto e co maior afecto, porque necesitamos solucións. E vostedes poden dalas.

O señor Caballero o 5 de febreiro dicíalles aos traballadores que ía cumprir o compromiso. Todo está aquí, porque ás veces as cousas interprétanse, pero, insisto, a primeira intervención ten que intentar ser motivadora. Vós podeades ser parte da solución. O Partido Socialista neste momento na nosa comarca ten que comparecer. Ten que visitar Pedro Sánchez a miles de familias e dicirlles que vai poñer a solución. E, se non o fai, indubidablemente, a responsabilidade terá nomes e apelidos.

Como mariñá e, dende logo, como persoa responsable só me queda reproducir o que dicía Max Weber: «Un é o que fai». E especialmente o Partido Socialista —pero tamén o exemplifiquei cunha foto co Bloque Nacionalista Galego— con Alcoa dixeron mentiras, medias verdades e enganaron a xente. Pero aínda están a tempo de poñer a solución enriba da mesa.

Dígollelo con total humildade: o tempo acaba e a Mariña espéranos. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Sobre as emendas, ¿acepta as emendas?, ¿vainas aceptar? (*Negación da señora Candia López*)

¿Non?

Grazas. Non acepta as emendas.

Imos suspender a sesión ata as 16.30, as catro e media.

Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico que está a ter para a comunidade educativa a obrigatoriedade do uso de máscaras e material de seguridade e limpeza como consecuencia da covid-19

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei: (doc. núm. 1272)

Emenda de adición

No punto 1º da parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fineo seguinte texto: "... tanto do alumnado como do persoal docente e non docente dos centros educativos."

Emenda de modificación

O punto 2º da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

2º. "Realizar as modificacións orzamentarias precisas para:

a) Compensar os concellos polo incremento de custos derivados das tarefas que deben levar a cabo nos centros de educación infantil e primaria para dar cumprimento ás obrigas derivadas da situación provocada pola covid-19.

b) Dotar os centros de educación secundaria e réxime especial do persoal suficiente naqueles casos que sexa necesario para dar cumprimento ás obrigas derivadas da situación provocada pola covid-19.

c) Incrementar as dotacións de gastos de funcionamento dos centros de maneira que o incremento de gasto que deben asumir non supoña, en ningún caso, mingua doutros gastos ordinarios.



d) Actuar de idéntica maneira na Consellería de Política Social con respecto aos centros da Rede Galiña Azul.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Presidente, señorías, a ninguén nos escapa que vivimos un inicio de curso absolutamente excepcional, un inicio de curso que constitúe, sen dúbida, o reto educativo máis importante que tivo, que ten, o noso país probabelmente en décadas. O desafío que temos por diante exige, abofé, dármonos o mellor de nós mesmos para atender as demandas da sociedade galega, en xeral, e da comunidade educativa, en particular, cando nos exigen que non aforremos nin esforzos nin empuxe para podermos dotar este curso académico da maior das normalidades posíbel. E por iso —eu creo que isto é un sentir compartido— queremos iniciar a nosa intervención trasladando todo o noso recoñecemento á comunidade educativa deste país, o noso recoñecemento polo esforzo inxente que está a realizar día tras día dende hai xa tantos e tan longos meses. E permitíndeme tamén trasladar un agarimo moi especial —que entendo que é tamén compartido— aos membros da comunidade educativa que están neste momento a se enfrontar á covid nas súas propias carnes. Estamos con vós e todo o noso esforzo e todo o noso empuxe irá destinado a sacar os nosos nenos e nenas adiante neste curso académico. (Aplausos.)

Pero a nosa obriga vai moito máis alá, e non é outra que a de demandar todo isto tal e como nolo indica a comunidade educativa, conscientes de que, se queremos afrontar este reto con garantías, non podemos cometer os mesmos erros que nos trouxeron ata aquí. Porque se hai un clamor hoxe por hoxe en toda a comunidade educativa, un clamor que se nos traslada en todos os centros aos que imos, é que o ensino presencial e a seguridade nos centros é incompatible cos bandazos e coa improvisación dunha Consellería de Educación que non estivo á altura das circunstancias. E non o estivo non por algo que diga o BNG senón porque é un clamor da comunidade educativa cando sinalan que se sentiron sos; sos porque, namentres os centros de ensino traballaban para iniciar o curso escolar, o Goberno galego se dedicaba a botar balóns fóra un día si e outro tamén, descargando a responsabilidade un día nas ANPA, outro nos equipos directivos e outro nas familias. Sentíronse sos porque, mentres o profesorado dedicaba tanto tempo —en ocasións, das súas propias vacacións— para preparar os centros de ensino, tiñamos un Goberno galego que improvisaba e daba bandazos ata o punto de cambiar ata en tres ocasións de criterio sobre as distancias de seguridade en dúas semanas. Estiveron sos porque tiveron que ser unha vez máis as mobilizacións e o exemplo dos claustros, que se negaban a iniciar o curso escolar nesas circunstancias, as que motivaron a contratación do profesorado tarde, mal e a rastro; unha contratación de profesorado que, alén da falta de criterios na súa distribución, se está a amosar absolutamente insuficiente, insuficiente en tantos centros do país e insuficiente para comunidades educativas como a do CEIP Barcelos, como a de Melide, como a do CRA de Razo, en Carballo, como a de Mosteiro, que están a ver que o que está a acontecer co seu persoal é absolutamente insostíbel.

Señores do Partido Popular, eu quedo cunha consideración que me facía un membro —ao que lle teño gran aprecio— da comunidade educativa, que nos trasladaba que para eles o Goberno galego non xestionara nin a pandemia nin a *paideia* —que dirían os clásicos—. O



Goberno galego limitouse a xestionar propaganda. E se o que queremos é dar paso a unha nova situación, se o que queremos é sacar os nosos nenos e nenas a adiante con responsabilidade, debemos superar esta situación. Deixáronos sos aos membros da comunidade educativa, e ese «sos» atrona como o SOS do poema de Manuel Antonio cando nos referimos ao tema que nos trae en cuestión coas máscaras e co material de seguridade nos centros.

Vostedes saben coma nós —e así o están a sinalar todos os estudos sanitarios— que as máscaras son unha protección sanitaria imprescindible para que os nosos fillos e fillas poidan acceder a un ensino presencial seguro. Vostedes saben coma nós que, se non garantimos que os nenos poidan empregar as máscaras con seguridade, o que estaremos é atentando contra un principio fundamental na educación, como é o da equidade e o da igualdade de oportunidades. E saben coma nós tamén que as familias están nunha situación xa límite neste momento pola crise económica derivada da covid e que non podemos cargar neste momento nos lombos destas precarias economías familiares en tantos casos os gastos das máscaras e do material de seguridade. Para que nos fagamos unha idea, para unha familia que ten dous fillos o custo das máscaras vaise a case 80 euros ao mes, 115 euros ao mes para unha familia que ten tres fillos.

E ¿que é o que está a acontecer?, ¿cal é a situación que están vivindo as familias tal e como o trasladan na propia comunidade educativa? O que está a acontecer é que hai familias que teñen que empregar máscaras que non están testadas dende a perspectiva sanitaria, poñendo en risco a vida —a saúde, cando menos— dos nenos e das nenas; que hai familias que teñen que reutilizar máscaras que teñen unha vida útil de catro horas en ocasións durante días; que hai familias que teñen que facer enxeñaría fiscal para chegar á fin de mes e que, enriba das súas necesidades, teñen que soportar o custo das máscaras e do material sanitario; que hai familias que teñen fillos con necesidades educativas especiais e que aínda a día de hoxe non saben cal vai ser a protección que teñan os seus fillos e fillas.

Señores do Partido Popular, tivemos dende o 12 de marzo para planificar, para prever esta situación. O que nós lles trasladamos hoxe aquí con esta PNL, con esta iniciativa, non é diferente do que está a trasladar a comunidade educativa: simplemente que a Xunta de Galiza saia do seu grupo burbulla de San Caetano e que implemente todas as medidas necesarias para facer un inicio de curso presencial e seguro. Porque seis meses tivemos para preparar un plan de actuación para avaliar os riscos e non se fixo; seis meses para preparar un proceso que nos permitise coñecer as necesidades dos centros e non se fixo; seis meses para determinar que máscaras poderíamos implementar o profesorado —cumprindo, por certo, coa lexislación vixente, que non se está a cumprir—, e cales para os nosos nenos, e tampouco se fixo; seis meses para organizar un curso escolar, e vemos como non é ata a segunda semana de setembro cando dende o Goberno galego se nos indica que hai unha transformación absoluta da dinámica e que non sabemos se iamos ter en cada centro ensino presencial, semipresencial ou presencial con mamparas, que é unha nova modalidade que se incorporou ata o de agora. As mamparas, por certo, tamén se repercuten nos gastos de funcionamento dos centros educativos, o que, polo tanto, se retira dos da calidade educativa que podían ter eses centros.

Señores do Partido Popular, eran vostedes os que dicían que non era de recibo que houbera «17 protocoliños» —dígoo literalmente, creo— para iniciar o curso escolar. Pois ben, o seu



Goberno non implementou 17 protocoliños, o seu Goberno implementou 3.500 protocoliños. Porque ao que abocou é a que cada centro educativo tivese que buscar as castañas porque o Goberno galego non foi quen de asumir a súas responsabilidades. E se algo temos claro — porque así nolo está a trasladar a comunidade educativa— é que non hai mampara que agoche tanto bandazo e tanta irresponsabilidade. Porque bandazos e irresponsabilidades son tamén os gastos dos centros educativos, que teñen que dedicar partidas económicas, que — como lles dicía— estaban destinadas a mellorar a calidade educativa, a cuestións que non son competencia do orzamento dos centros. Estamos falando de que en centros medios dedican ao redor dun 25 % do gasto de funcionamento dos centros ao material de seguridade e ao material de sinalética; centros nos que non se ten en conta a compra das mamparas que a posteriori tiveron que facer.

O mesmo acontece na cuestión da limpeza e desinfección dos centros. A pesar do que se nos está a dicir por parte da Fegamp, a pesar dun informe que vén de facer público a Deputación da Coruña no que se establece que eses gastos non son competencia municipal, a Xunta de Galiza delega as súas responsabilidades, fai un absoluto deixamento de funcións e trasládalles estes gastos aos concellos e aos centros. Na actualidade está habendo centros, equipos directivos, que din que non van soster esta situación e que dimitirán se a Xunta de Galiza non asume as súas responsabilidades e non manda material de limpeza para os centros.

Remato.

Se algo temos claro é que con esta iniciativa o que queremos é dar un paso a adiante que axude á xestión sanitaria e académica dos centros e que axude tamén ás familias a soportar unha situación económica que está sendo cada día máis difícil. E por iso queremos tenderlle a man á comunidade educativa —e tamén, por suposto, ao Goberno— para que fagamos boorrón e conta nova de tantas desfeitas como vimos de padecer neste tempo, e para que nos poñamos a traballar polo ensino público, a traballar por tantos nenos e nenas deste país que precisan do empuxe e do apoio de todos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOURENZO SOBRAL: Dende logo, aquí queda esta man tendida —e remato, presidente—. O único que lle pedimos ao Partido Popular é que, cando a colla, por favor, deixe na gabeta as tesoiras dos recortes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.



Señorías, permítanme que nesta primeira intervención nesta nova lexislatura as miñas primeiras palabras sexan para un recoñecemento á señora Pomar polo seu traballo, traballo co que, fundamentalmente, sabe que non estabamos de acordo. Pero si sei —e vostede sabe que sei— que é unha consellería extraordinariamente complexa, unha consellería que incide moi directamente nas familias, moi directamente no profesorado e en miles e miles de persoas de Galicia. Polo tanto, con independencia dos desacordos, o meu recoñecemento persoal polo seu traballo durante a súa etapa na Consellería. Pero tamén —tal e como acaba de facer o señor Lourenzo Sobral— fago un recoñecemento expreso ás familias, ao alumnado e tamén ao profesorado, que viu totalmente alterada a súa normalidade a partir do mes de marzo pola situación que se deu como consecuencia das medidas que houbo que adoptar pola pandemia da covid-19.

E é que todos sabemos —porque todos pasamos polas institucións escolares— que a educación é un dereito fundamental que vén recollido na Constitución, no artigo 27, e que os centros educativos representan precisamente o espazo no que ese dereito ten que articularse e desenvolverse. E a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino, tal e como establece o artigo 31 do noso Estatuto de autonomía.

Dicía antes que a situación derivada da pandemia supuxo que o sistema educativo galego —igual que o do resto do Estado e tamén, practicamente, o do resto do mundo— se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e obrigado peche dos centros educativos —e agora polas medidas que se deben aplicar—. E este sistema educativo está formado, ¡como non!, polo alumnado e, polo tanto, polas súas familias, pero tamén polos docentes e o persoal non docente e as administracións que inciden —obviamente a autonómica pero tamén a local— no seu funcionamento. E, deste modo, todo esforzo adicional que se require repercute necesariamente sobre todos eses actores. E, sendo a educación, como se dixo, un dereito fundamental, é obriga dos poderes públicos garantir que as novas obrigas impostas neste contexto de pandemia non supoñan un elemento adicional de desigualdade, tan posta de manifesto particularmente no ámbito educativo. Porque non podemos obviar —porque así o acreditan non só múltiples estudos solventes senón tamén o máis elemental sentido común— que a suspensión da actividade lectiva afectou e afecta de forma moito máis intensa o alumnado con peor situación socioeconómica, pero tempo teremos de falar nesta Cámara deste asunto.

A iniciativa que presenta hoxe o Bloque Nacionalista Galego incide sobre un elemento moi específico, moi concreto, que é o gasto que deben asumir as familias polo obrigado uso das máscaras nas etapas obrigatorias e postobligatorias polo alumnado a partir dos 6 anos, e iso con independencia do mantemento da distancia interpersonal. E os autores da iniciativa —e fixo referencia a iso o señor Lourenzo Sobral— cifran acertadamente o custo en 9 euros e 60 céntimos por semana ou o equivalente —tanto me ten—, 38 euros e 40 céntimos, por mes e alumno —cantidade que obviamente se ve multiplicada en función do número de fillos que teña a familia—.

E concordamos con esta iniciativa posto que ese gasto sobrevido non resulta doadamente asumible para moitas familias, e ademais porque coincide no fondo cunha iniciativa que tamén presentou o Grupo Parlamentario Socialista. Pero cremos que o contido desta iniciativa



debe ser ampliada e por iso presentamos unha emenda de adición e unha de substitución. A de adición é referida ao punto primeiro, porque entendemos que debe engadirse, ademais do alumnado, o persoal docente e non docente dos centros educativos, posto que tamén han de empregar, obviamente, máscaras e se deben facer cargo do custo desas máscaras salvo que sexan subministradas pola Administración. E no punto 2 entendemos que se deben modificar substancialmente varias cousas dese apartado. En primeiro lugar, debemos compensar os concellos —a Xunta de Galicia debe compensar os concellos— polo incremento dos custos derivados das tarefas que deben levar a cabo nos centros de educación infantil e primaria para dar cumprimento ás obrigas derivadas da situación provocada pola covid-19. Porque, como sabemos, son os concellos os que teñen a responsabilidade, entre outras, sobre tarefas de limpeza en contextos ordinarios nos centros de educación infantil e primaria, ao que se lle debe engadir neste momento a limpeza —polo menos unha vez ao día— daqueles espazos que o precisen en función da intensidade do uso —e no caso dos aseos, dúas veces ao día—, que deben prestar especial atención nas zonas de uso común e superficies de contacto máis frecuentes, e que durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente. Isto —repito— incide directamente sobre os concellos. E todo isto sen ser dotados nin tan sequera dun instrumento de rango normativo suficiente para facer fronte ás oportunas modificacións orzamentarias e moito menos dar resposta ás demandas trasladadas dende a Fegamp dun financiamento axeitado das novas obrigas impostas. Supoño que incluso persoas que forman parte da bancada do Partido Popular e que tiveron ou teñen responsabilidades municipais saben que, para que a secretaría ou a intervención dun concello faga unha modificación orzamentaria imposta, ten que ter unha norma que diga que así debe ser. Pois nin iso tan sequera se facilitou.

Débense dotar os centros de educación secundaria e de réxime especial do persoal suficiente naqueles casos nos que sexa necesario para dar cumprimento ás obrigas derivadas da aplicación do protocolo covid, porque neste tipo de centros, á diferenza dos de educación infantil e primaria, é a Administración autonómica a que dota o persoal. Están suxeitos ás mesmas obrigas que mencionei antes para os centros de educación infantil e primaria, polo que obviamente requirirán máis persoal, porque, *a contrario sensu*, se lles dá tempo, é que nun contexto ordinario poderían sobrar.

Debemos incrementar —a iso tamén fixo referencia o señor Lourenzo— a dotación de gastos de funcionamento dos centros, de maneira que o incremento de gasto que deben asumir non supoña en ningún caso mingua doutros gastos ordinarios. E ¿por que é necesario incluír esta medida? Porque, como as propias memorias dos orzamentos da Consellería de Educación recoñecen, os gastos de funcionamento son un elemento esencial dos ingresos dun centro docente —de feito, o único practicamente—. Garanten a súa autonomía e posibilitan dispoñer dos materiais e recursos didácticos necesarios, o que constitúe a infraestrutura material que permite impartir un ensino de calidade. E isto non o digo eu; repito, dino as memorias dos orzamentos do Goberno da Xunta de Galicia. Polo tanto, creo que resultaría moi difícil entender que non se puidesen adquirir materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade lectiva ordinaria porque a adquisición dos materiais de limpeza necesarios e a súa xestión de residuos o impedisen.

E, por último, tamén entendemos que a iniciativa debe ser ampliada no sentido de que a Xunta de Galicia actúe de idéntica maneira na Consellería de Política Social respecto dos



centros da rede Galiña Azul. Porque, evidentemente, toda canta argumentación se acaba de expoñer é plenamente aplicable a estes centros de educación infantil dependentes do Consorcio; posto que os que dependen directamente dos concellos xa estarían concernidos polo que pedimos no punto 1 desta emenda de substitución.

Entendemos que esta proposta que lle facemos ao Bloque Nacionalista Galego respecto da súa iniciativa non é unha corrección senón unha ampliación, e, polo tanto, entendemos que deberían aprobala.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Señor presidente, señorías, moi boas tardes a todos e a todas.

A verdade é que, lendo esta proposición non de lei, me dá a sensación de que o Bloque Nacionalista Galego aínda non asumiu o resultado das pasadas eleccións. *(Murmurios.)* Con todo respecto débolles recordar que son vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Escoiten, escoiten. Débolles recordar que son vostedes o segundo partido, o segundo grupo neste Parlamento; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* polo tanto, ¡home!, creo que iso require achegar propostas que sexan útiles e factibles para mellorar o noso país. Xa non precisan vostedes traer propostas populistas a este Pleno, xa non están vostedes nas últimas bancadas da oposición. Con todo respecto, xa non precisan este tipo de PNL que están deseñadas só para chamar a atención e conseguir un titular facilón. Con iso, a verdade, eu creo que non os van tomar en serio.

Como todos os membros desta Cámara saben, o uso obrigatorio das máscaras por parte da poboación foi establecido polo Ministerio de Sanidade, o mesmo que en plena pandemia dixo que non eran necesarias e que posteriormente declarou a súa obrigación para as persoas de 6 anos en adiante na vía pública, ou en calquera espazo pechado de uso público ou que se atope aberto ao público. Polo tanto, queda claro que o uso da máscara responde ás necesidades de protección individual derivadas dunha pandemia sanitaria e que non ten nada que ver coas competencias en materia educativa, como vostedes nos traen hoxe aquí, senón que é unha competencia relacionada coa saúde pública. Por iso cada un de nós estamos obrigados a utilizar a máscara en calquera momento da nosa actividade diaria. É un tema individual e persoal. Ese impacto económico do que vostedes falan na PNL para as familias con menores en idade de escolarización xa o tiveron e xa o teñen que asumir, vaian os nenos á escola ou vaian os nenos facer calquera outra actividade de carácter educativo ou tamén cultural nos propios concellos. Polo tanto, tamén esta proposta a puideron pedir —a gratuidade das máscaras— cando o Ministerio de Sanidade declarou obrigatorio o uso das máscaras.



Polo tanto, estamos falando de que garantir o dereito á educación do alumnado é unha responsabilidade compartida entre as familias e a Administración. As administracións públicas deben proporcionar unha praza escolar e os servizos educativos aparelados a ela, e as familias, evidentemente, coparticipar provendo os materiais necesarios para participar nas clases.

Hai que destacar que o protocolo covid foi aprobado no mes de xullo e modificado o 27 de agosto, despois da xuntanza entre as comunidades autónomas e o Goberno de España — unha vez que os ministros remataron as súas vacacións, tamén o hai que dicir—. Aínda así, Galicia foi a primeira comunidade de España en adaptar este protocolo ás recomendacións aportadas nesa xuntanza das comunidades autónomas.

E falaba de protocolos. Dixo vostede, señor Lourenzo, que había «tres mil protocoliños». ¡Home!, creo que hai que axustarse máis á realidade das cousas, porque vostedes van dicindo os números que lles cadran. Hai un protocolo base establecido para todos os centros educativos, e que facilita a participación e a implementación por parte de cada centro educativo, que son 1.378. Pero dá igual dicir 3.000 que 10.000 que 15.000, coma no prezo das máscaras —¡que máis dá dicir se valen o dobre ou triplo do que despois se pode atopar no mercado!—. Pero ben, iso dá igual.

En todo caso, o que lle quero dicir é que o protocolo para o ensino público fai referencia á subministración de material de protección para que os colexios contén con todos os materiais e EPI necesarios para o funcionamento ordinario do centro educativo. Polo tanto, o punto número 2 desta proposición xa está contemplado. A Consellería e os centros educativos —e quero recordar que os centros educativos tamén son administración educativa— asumen todos os custos necesarios a maiores nas necesidades da covid, como os dos xeles hidroalcohólicos, dispensadores, panos desbotables, materiais de desinfección, mamparas para o uso dos comedores, papeleiras de pedal, impresión de cartelaría, etc. Polo tanto, o que vostede relata nesta PNL xa se está a facer.

Ademais, quero lembrarllas aos membros desta Cámara que a Consellería xa fixo unha entrega de 4.000 máscaras para o uso persoal do persoal docente e do persoal non docente dos centros escolares de Galicia. E hai que lembrar tamén que, a maiores, se enviou unha partida de máscaras infantís aos centros de infantil e primaria para o alumnado que as precise de xeito puntual. Vostedes propoñen regalar máscaras con carácter xeral. Ben, eu creo que debemos facer plantexamentos realistas e facilitar as máscaras a aquelas familias e a aquelas persoas para que ningunha familia e ningún neno poida quedar atrás na educación pública e de calidade. Pero, claro, a parte central desta PNL directamente é esa gratuidade das máscaras, que ao final forma parte da política-ficción e non da política real.

Polo tanto, nós tamén tendemos a man, tendemos a man para que os grupos desta Cámara poidan axudar a gobernar, con propostas serias e asumibles, o mundo da educación. Ademais, cando se practica a demagogia sempre haberá quen mire o que fan os concellos onde vostedes gobernan. E non hai máis que ver que, nas actividades de carácter educativo ou de conciliación en concellos dos que vostedes presumen moito, nos seus protocolos covid, lles piden aos nenos que leven obrigatoriamente a máscara. (*Murmurios.*) Polo tanto, está moi ben pedir unha cousa onde non goberno e pedir o contrario onde goberno. (*Aplausos.*)



E, ademais, gustaríame resaltar algo dalgunha maneira, porque non entendo por que ese goberno amigo, ese goberno amigo de Madrid que apoian con tanta intensidade —e presumen abertamente dos logros que conseguen con el—, non rebaixa o IVE das máscaras ao 4 %? *(Aplausos.)* O IVE das máscaras foi rebaixado noutros países. Si, si, noutros países, en Italia, en Francia, en Portugal... Pero non, aquí dá igual, non nos podemos meter co Goberno de Madrid, non vaia ser, non vaia ser...

E xa que falamos de Madrid, ¿que lles parece se explican tamén por que cambiaron o criterio de reparto do sistema de financiamento autonómico se hai uns criterios consensuados entre todas as comunidades autónomas e o Goberno de España, un criterio de equidade do sistema de financiamento para as comunidades autónomas, para o fondo covid —que agradecemos, ¡como non imos agradecer ao Goberno de España ese fondo!—? Pero eses cambios de criterio supoñen 36,3 millóns de euros menos para Galicia. ¿Sabe cantos recursos e cantas máscaras se poderían comprar con este diñeiro? Desde logo, non botei a conta, pero moitos máis dos que vostede fai con ese prezo que nos propón nesta proposición non de lei. E, mire, imos dicilo alto e claro, ímolo dicir alto e claro: non nos parece ben —e vostedes son cómplices do Goberno do Estado— o deses 36,3 millóns de euros que non nos chegan.

Mire, quero dicirlle tamén que vostede falou da tixeira dos recortes. ¡Home!, que falen vostedes da tixeira dos recortes cando aplauden que o Goberno do Estado nos recorte 370 millóns de euros... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah, claro! ¡Si, si! Claro, é que está moi ben, por un lado dicimos unha cousa e, polo lado contrario... Pero, ¿onde están os 370 millóns de euros do Estado? E menos mal... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ou ¿onde están os 100 millóns de euros dos fondos de emprego?... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah, claro! E menos mal que non lles saíu ben a pillaxe que lles querían facer aos concellos, porque é unha pillaxe. *(Aplausos.)*

Mire, a nós preocúpanos a educación: 1.890 profesores máis, 6 % máis de plantilla. Xa dirán que é unha cifra que non se corresponde. ¡Alá vostedes! A nós preocúpannos os 30 millóns de euros máis que se meteron este ano en infraestrutura educativa —dun presuposto de 20 pasouse a 51,6 millóns de euros— para reactivar tamén a economía e mellorar os nosos centros. A nós preocúpanos a taxa de abandono escolar, que pasou do 25,8 % no Bipartito, cando vostedes gobernaron, a un 12,6 % agora. *(Murmurios.)* ¡Ah, claro! ¡Claro, non interesa, non interesa! Tamén nos preocupa o que di o informe PISA, ¡claro que nos preocupa, claro!, onde Galicia segue mellorando día a día. E preocúpannos as melloras no libro dixital e as melloras nas novas tecnoloxías. E preocúpanos a calidade do ensino.

Miren vostedes, teño que dicirlles que a unha proposta populista non lle podemos prestar o noso apoio. Pero tamén me gustaría agradecer o traballo de toda a comunidade educativa, que está formada por profesionais extraordinarios que están deixando a pel para sacar a adiante esta etapa educativa, a máis difícil da historia, e, polo tanto, pois tamén quero agradecerllo a toda a comunidade educativa, á conselleira saínte, e a Román, o conselleiro entrante, que tamén agradece permanentemente o traballo desta comunidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.



(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rodeiro, despois de escoitar a súa intervención, do que eu me acordaba era do que me dicían tantos profesores da comunidade educativa cando miraban os nenos con máscaras de catro horas utilizadas catro días. Vaia vostede a esas aulas e dígalles que a nosa proposta é populista. *(Aplausos.)* Pero queríamos, antes de nada, dicirlle que, cando unha persoa que forma parte dun grupo que sostén un goberno vén a esta tribuna, tería que ter, cando menos, un mínimo de información cos datos que trae, señor Rodeiro. *(Murmurios.)* Foi o BNG o que pediu en varias ocasións que se fixese un reparto de máscaras durante a pandemia, ¡claro que xa solicitamos ese tipo de cuestións! Pero é que tamén chama a atención, cando se refería ao financiamento, que veñan agora solicitar ou poñer como argumento as cuestións de financiamento cando saben vostedes que foi o señor Núñez Feijóo o que foi á Conferencia de Presidentes a dicir que se podían investir noutros ámbitos o que nos daban para educación. E veñen agora, despois de dicir que habíamos destinar aquilo para ámbitos que non son educación, a dicir que non se poden aplicar medidas que son necesarias para a saúde e a educación dos nosos centros por cuestións de financiamento. ¡Señores do Partido Popular, ou unha cousa ou a contraria, porque, se non, os que están facendo populismo son vostedes! *(Aplausos.)*

E dígolles tamén que nós non dubidamos de que adoptar determinadas medidas pois pode implicar unha tensión económica, ¡claro que si! Pero, cando vostede fai referencia a esas débedas dos 370 millóns de euros que mencionaba aquí, o que lles queremos dicir é: ¡benvidos á demanda de financiamento para o noso país! *(Aplausos.)* Porque, ata o de agora, cando vostedes estiveron xestionando, ao que se dedicaron foi a apoiar sistematicamente os orzamentos en función do que se lles dicía en Madrid. E hai que sinalar que, cando o fan, cando traen esas contas, están simplemente manipulando os datos, e manipulan os datos dunha maneira que na comunidade educativa xa non é críbel. Manipularon os datos coa contratación de profesorado cando nos dicían que había 540 profesores máis, cando vostedes sabían perfectamente que ese profesorado era do programa ARCO e que estaba contratado a media xornada, cando nos dicían que contrataban 271 profesores máis e sabían perfectamente que ese profesorado era para cumprir as ratios de educación infantil, ratios que non tocaron en toda a pandemia. E agora teñen o valor de dicir que, coas ratios que temos no sistema educativo galego, demandar máscaras para todo o alumnado é populismo.

Dende logo, se algo temos claro é que nós, tal e como nos demanda a comunidade educativa, cremos que é a nosa obriga como organización — mais cremos tamén que é a obriga de calquera grupo político — garantir que os alumnos, que os nenos e nenas, poidan ter dereito a un ensino presencial e seguro alén das súas circunstancias económicas. ¿É que vostedes veñen dicir que non é responsabilidade súa a saúde dos nenos nos centros de ensino, que non é responsabilidade súa nunha situación de pandemia dicir que os nosos nenos poidan entrar nunha aula cumprindo cos requisitos de seguridade? Pois explíquenos cales son as súas responsabilidades. Non eran responsabilidade as ratios, non era responsabilidade a



xestión dos espazos, non eran responsabilidade os protocolos, e agora tampouco é responsabilidade súa a seguridade e a sanidade nos centros. A pregunta é, ¿para que está, entón, a Consellería de Educación? *(Aplausos.)*

E remato cunha cuestión. Nós estamos convencidos de que nun contexto coma este poden xurdir ducias de dificultades. E non teñan ningunha dubida de que, se por parte deste Goberno se implementasen medidas proactivas que levasen a adiante tantas das necesidades que fan falta no sistema educativo, nós e toda a comunidade educativa entenderíamos que se poderían cometer erros, ¡claro que si! Mais o que aconteceu neste contexto non foi iso, o que aconteceu é que sometemos a comunidade educativa a unha sorte de abandono, de bandazos e de improvisación. E por iso vostedes, señores do Partido Popular, non poden vir aquí nin sequera a facer propaganda da súa xestión. E, polo tanto —e acabamos de velo na súa intervención, señor Ovidio—, o que fan é xestión da propaganda, e así nos vai.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo.

¿Acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista? *(O señor Lourenzo Sobral responde afirmativamente.)*

Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Remataron os debates das proposicións non de lei. Imos proceder á súa votación.

Pechen as portas, por favor. *(Pausa.)*

Non se poden pechar as portas pola situación na que estamos. Pero que se saiba que mentres votamos non pode entrar nin saír ninguén.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante dos novos gromos e da repunta da covid-19.



Hai unha proposta de transacción que me fan chegar, e onde se recollen varios puntos. E o Grupo Parlamentario Popular solicita a votación por separado dun dos puntos. Entón eu tamén agora, como estamos empezando, lles pregaría que no futuro, en vez de apartados, a ver se podemos pór 1, 2, 3, 4, 5... Facilítanos a cousa moito máis. Porque neste caso é o apartado b) do punto 1 o que pide o Grupo Parlamentario Popular que se vote por separado.

Entón comezamos votando o apartado b) do punto 1.

Votación da letra b) do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta letra do punto 1.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto dos puntos da transacción.*

Votación do texto transaccionado, agás a letra b) do punto 1, da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

En consecuencia, quedan aprobados por unanimidade estes puntos do texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Amigo Díaz.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e hai unha transacción, que xa leu a ponente na súa intervención, e que me comenta a señora Prado que non foi aceptada. Polo tanto, non se acepta e queda a proposta como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e trece deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público co obxecto de permitir ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega.

(Pausa.) (Prodúcense problemas técnicos no panel das votacións.)

Temos a opción de votar á man alzada.

(Por motivos técnicos, realízase a votación desta proposición non de lei á man alzada.)

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre a creación, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, dunha comisión parlamentaria de investigación sobre os feitos e contaxios da covid-19 acontecidos nas residencias de maiores durante a primeira vaga, coa achega da información precisa sobre os pasamentos de usuarios de residencias galegas polo virus.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a través da súa deputada dona Elena Candia.

Non se aceptaron as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nin do Socialista.

Votamos —a ver se vai—.

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tello Filgueira e catorce deputados máis, sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da fixación dun prezo eléctrico competitivo para os consumidores electrointensivos e o compromiso para que o plan industrial para Alcoa poida optar ao Fondo Europeo de Recuperación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Manuel Antonio Lourenzo Sobral.



Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que foi aceptada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico que está a ter para a comunidade educativa a obrigatoriedade do uso de máscaras e material de seguridade e limpeza como consecuencia da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das proposicións non de lei e continuamos co punto 5 da orde día, interpelacións.

Modificación na orde do día polo aprazamento de dúas interpelacións

O señor PRESIDENTE: Xa saben que hai dúas interpelacións aprazadas. Debatenos agora a interpelación que figura en terceiro lugar.

Interpelación de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 na atención presencial da Atención Primaria

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

En primeiro lugar, quero darlle a benvida a este Parlamento, señor conselleiro, señor García Comesaña —teño eu esa honra, a de ser a primeira—. E, dito isto, tamén teño que lamentar que vostede non viñera comparecer por vontade propia, porque a gravidade da situación pola que estamos pasando por mor da pandemia orixinada pola covid-19 requiriría que o máximo responsable da sanidade de Galiza tivera a ansia de vir a este Parlamento a informar das medidas que está tomando a Xunta, a dar explicacións do que está acontecendo. Eu, sinceramente, agardo que non sexa un antecedente de cal vai ser a súa actuación á fronte da consellería; eu agardo que teña vostede máis ansia por vir aquí, a este Parlamento.

Xa que vostede non veu por vontade propia, o BNG interpélaos hoxe diante da enorme, profunda e máis que xustificada preocupación da poboación e das e dos profesionais diante da situación da atención primaria.

A pandemia da covid-19 puxo de relevo que a atención primaria é chave para garantir unha atención sanitaria de calidade, para garantir esa atención sanitaria aos galegos e ás galegas.



É unha atención primaria á que a pandemia colleu con moitas patoloxías previas. En terminoloxía covid, a atención primaria estaba con moitas patoloxías previas; patoloxías graves, consecuencia de once anos de recortes por parte da Xunta de Galiza e mais do Partido Popular e de once anos de secundarización total. A atención primaria chega a esta pandemia cun orzamento reducido neste ano 2020: 142 millóns de euros menos que hai once anos, que no 2009, con menos profesionais e con menos capacidade de decisión. E a pesar deses recortes, foi capaz de realizar un traballo moi importante no tratamento e seguimento das persoas infectadas, grazas a un sobreesforzo titánico do persoal.

Diante da pandemia, a Xunta, o Sergas, tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial e decidiu pechar algúns centros de saúde e PAC —practicamente todos os consultorios—. O Sergas tomou a decisión de que a atención se centrara case exclusivamente na consulta telefónica; teoricamente, para evitar os contaxios tanto dos profesionais como da poboación. E isto ocasionou moi graves problemas na prestación da asistencia sanitaria por parte dos profesionais e no acceso da poboación á asistencia sanitaria.

Aos profesionais, que antes da pandemia xa padecían unha situación de sobrecarga, fóronlles engadindo tarefas coa pandemia: tarefas de diagnóstico, tarefas de seguimento e illamento, de identificación do coronavirus, de funcións de rastrexo... Isto fai que teña unha sobrecarga a atención telefónica, unha carga burocrática brutal, cos teléfonos colapsados e o persoal administrativo e celadores ao límite, soportando unha presión tremenda por parte da poboación, que non é capaz de acceder ao sistema, e tamén por parte doutros profesionais, que están sobrecargados e non aceptan tampouco que se lles poña máis carga nas súas axendas. Teñen que citar, teñen que descitar, porque non hai profesionais, teñen que volver citar e teñen que atender esa sobrecarga asistencial. Voulle poñer algún exemplo: en menos de dúas horas, cincuenta chamadas nun centro de saúde no que eu estiven presente. É imposible xestionar tanta chamada como se produce.

E póñolle outro exemplo dese mesmo centro de saúde: o PSX púxolle unha nota para o persoal médico que dicía: «Persoa cambiada de cita cinco veces. Non pode agardar máis». ¿Por que ten que poñer esta nota? Porque os profesionais non aceptan máis sobrecarga das súas axendas, pois están atendendo o dobre, o triplo e moitas veces case o cuádruplo da carga que lles sería normal. Os profesionais e doentes están máis que queimados pola situación.

Claro, a primeira pregunta que teño que facerlle, señor conselleiro, é se considera que está ben atendida a poboación ao recibir a inmensa maioría da atención telefonicamente. E esta situación era así, pero viuse máis agravada aínda coa chegada do verán, onde a escaseza de persoal foi máis que alarmante por obrigar os profesionais a coller as vacacións en xullo e agosto —porque, teoricamente, os gromos ían producirse en setembro, mais resulta que se adelantaron—. Non se substituíu o persoal e na situación na que estaban víronse totalmente desbordados.

As consecuencias son desastrosas: escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel; listas de espera de semanas para consultas, para analíticas, para probas diagnósticas, para atención telefónica —hai casos de quince días, dunha semana, de vinte días, para ter unha atención, xa non presencial, senón unha consulta te-



lefónica—; persoas á cola, na intemperie dos centros de saúde, para non estar moita xente dentro deles; doentes crónicos totalmente descompensados —persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, con problemas renais ás que non se lles está facendo ese seguimento—; controis de saúde de pediatría que, nalgúns casos, non se están realizando e que, noutros, se están realizando con moitísima demora... Eu tamén quero preguntarlle, a continuación, se fixo unha análise a consellería —se lla deixou o seu antecesor, ou a fixo vostede mesmo, porque vostede estaba na consellería— das consecuencias para a poboación destas restricións e desta dificultade de acceso aos centros de saúde.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta da sanidade pública e da desprotección da poboación con esta situación. É dicir, están vostedes, con esta pandemia, conseguindo a folla de ruta que xa viña de atrás, que era derivar o máximo posible de persoas cara á sanidade privada. Unha desprotección que se produce tamén diante da reconversión da asistencia presencial en telefónica ou telemática, porque as persoas nas franxas de maior idade, as persoas con menos formación e as de menos recursos para o acceso á merca ou manexo destas tecnoloxías están sufrindo unha dobre desprotección diante de problemas de saúde.

A resposta a esta situación de pandemia, señor conselleiro —dígollo con total convencemento—, non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectivo de cronificación de patoloxías por atención tardía, que vostede sabe que se están a producir nunha cantidade que non é aceptable.

Por iso, hoxe o BNG queremos preguntarlle que ten previsto para solucionar esta situación e cal é o cronograma para desconfinar a atención primaria; se ten previsto contratar profesionais, cantos e en que prazo, se ten previsto aumentar o orzamento... En resumo, señor García Comesaña, hoxe, desde o BNG, queremos que nos diga cal é a súa folla de ruta para solucionar esta situación, porque, dende logo, nós, no BNG, estamos convencidos de que é precisa a atención sanitaria presencial, porque é preciso que doentes e profesionais se poidan mirar á cara, se poidan mirar aos ollos. É preciso poder observar, é preciso que os profesionais poidan observar os doentes. E, dende logo, a atención telemática ou a atención telefónica pode ser un complemento, pero non pode ser a atención maioritaria, como está acontecendo na actualidade.

A poboación séntese desatendida, os profesionais están facendo de muro de contención da frustración da poboación e, dende logo, isto é unha bomba de relojería que en calquera momento vai estoupar. Hoxe gustaríanos, sinceramente, que nos dixera que está facendo, que vai facer e cal é a súa folla de ruta para evitar que esa bomba de relojería na que está convertida a atención primaria estoupe.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde.

Grazas, presidente.

Señorías, quero aproveitar esta primeira intervención neste Parlamento como conselleiro de Sanidade para saudar a todos os membros desta Cámara, a todas esas persoas que decidiron o pasado mes de xullo que os representara e poñerme, por suposto, á disposición de todos vostedes.

Comezamos unha lexislatura extraordinariamente complexa no eido sanitario na que as solucións non van ser sinxelas nin inmediatas e na que o escenario está continuamente mudando. Polo tanto, a pesar de ter como guía de actuación o programa electoral que foi validado nas urnas, a situación está aberta a calquera suxestión por parte de calquera grupo político, sempre que sexa compatible con este mandato electoral que recibimos.

Neste sentido, non só quero dicirlles que agradecemos as súas propostas e suxestións, senón que vou máis alá, necesítámolas. Neste momento a cidadanía pídenos colaboración e entendemento para superar esta pandemia e as súas consecuencias e para recuperar as nosas vidas tal e como as coñeciamos. Nese sentido, celebro o acordo unánime dos grupos para crear neste Parlamento unha comisión de estudo destinada a chegar a propostas para a recuperación de Galicia, e aproveito para ofrecer toda a colaboración que estimen necesaria nos seus traballos.

Dito isto, agradezo ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego que a primeira oportunidade que teño de falar neste Parlamento sexa sobre a atención primaria, porque é precisamente un dos puntos nos que a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria exige atopar solucións dende o diálogo entre profesionais, entre grupos políticos e entre a sociedade. E, ademais, é un dos puntos nos que se centra agora mesmo a preocupación da cidadanía. Co cal, agradezo dobremente a oportunidade porque creo que é positivo que hoxe a cidadanía vexa que estamos a falar do que máis lle interesa.

Como saben, este goberno aprobou e ten en desenvolvemento o Plan galego de atención primaria 2019-2021, que consta de 7 liñas estratéxicas, 52 obxectivos e 200 medidas, que conta cun orzamento específico de máis de 102 millóns de euros e que prevé a incorporación de 331 novas prazas en categorías de atención primaria. Este plan recolle na súa primeira liña estratéxica a dotación de recursos humanos de atención primaria, adaptando o número de prazas ás características epidemiolóxicas e demográficas —isto xa o recollía o plan na súa redacción actual—. En resposta a este compromiso, no mes de agosto de 2019 creáronse 20 novas prazas de médico de familia e 45 de enfermería familiar e comunitaria. Ademais, durante o 2019 incorporáronse 249 médicos titulares en atención primaria.

No programa electoral que foi apoiado polos galegos nas urnas figuraba explicitamente o desenvolvemento deste plan, e este compromiso persiste. Polo tanto, aí están as nosas previsións de incremento orzamentario e de profesionais polas que preguntaban. Porén, é evi-



dente que a situación de pandemia mundial e a situación de emerxencia sanitaria declarada en Galicia inflúe nas circunstancias nas que debemos desenvolver este plan. E o primeiro destes asuntos que, efectivamente, a cidadanía está a reclamar —e polo que vostedes se interesan— é a reactivación da consulta presencial tras a etapa do confinamento. Hai que precisar que a atención presencial se mantivo sempre en todos os centros de atención primaria, pero con motivo da pandemia introduciuse unha valoración a través dunha chamada telefónica da necesidade da consulta presencial; unha medida razoable e de prudencia que, ademais, non é exclusiva de Galicia senón que foi adoptada na maioría das comunidades autónomas. Nós, nese sentido, tiñamos a vantaxe de que dende o ano 2013 xa dispoñíamos da consulta telefónica, da consulta non presencial, cun éxito francamente rotundo entre os profesionais e entre a cidadanía. Tiñamos valores do 15 % da actividade asistencial diaria en primaria no ámbito non presencial. Esta cita telefónica —como dicía— permite detectar as persoas con sintomatoloxía compatible con infección por covid-19, facilita a detección precoz e diminúe o risco de transmisión secundaria.

No momento actual estamos a pasar por unha segunda onda da epidemia e, polo tanto, faise imprescindible que as persoas con sintomatoloxía compatible con covid-19 deixen de circular e unicamente acudan aos centros sanitarios para atención presencial cando sexa necesario, garantindo sempre as condicións de seguridade para pacientes e profesionais. E hai unha segunda circunstancia que afecta a presencialidade, que é o labor extraordinario que os profesionais de atención primaria están a facer nestes días na detección de persoas asintomáticas, na petición de probas PCR, no seguimento domiciliario das persoas infectadas e no control das residencias de maiores e persoas con discapacidade. En resumo, as consecuencias da pandemia, tanto na necesidade de reducir no posible o contacto físico como nestas novas tarefas que están a desenvolver profesionais, son o motivo deses cambios na prestación sanitaria que experimentaron os pacientes nestes últimos meses. Dito isto, é evidente que estamos nun momento de transición no que a atención telefónica debe deixar de ser esa inmensa maioría que vostedes mencionan da prestación sanitaria e camiñar cara a un carácter complementario —que tamén apuntaba vostede—, aínda que manteña, con toda seguridade, un protagonismo maior que antes da pandemia.

Neste sentido, o Sergas activou o Plan de reactivación asistencial en atención primaria, que recolle que a citación de pacientes se axustará a unha cadencia que minimize as concentracións de persoas tanto nas salas de espera como nos medios de transporte públicos. Tamén recolle a potenciación da consulta telefónica e a atención proactiva a domicilio. Para isto dotouse os centros de medios de transporte, de forma que os profesionais sanitarios atendan sen demora, nos seus domicilios, as persoas que o precisen, sempre que teñan dificultades para desprazarse por motivos clínicos.

Para o seguimento dos pacientes crónicos tamén contamos coa plataforma Telea, que permite a monitorización e o seguimento no domicilio de determinadas patoloxías —quero dicir que cun éxito bastante notable entre persoas maiores, contrariamente ao que puideramos pensar—, e con outras ferramentas como a historia clínica electrónica ou as e-Interconsultas, que poden incorporar imaxes e utilizarse para facer consultas de diferentes especialidades sen que o paciente teña que ir ao centro de saúde.



Tamén contamos coa hospitalización a domicilio, coa Fundación Pública de Urgencias e Emerxencias sanitarias 061 —con todos os servizos que presta— e cos puntos de atención continuada, os PAC. Todos forman parte dunha rede ampla para garantir a atención sanitaria durante 24 horas ao día e os 365 días ao ano en toda a comunidade autónoma.

Hai que salientar que a espera en atención primaria para as consultas programadas non segue os mesmos parámetros que nas consultas en atención hospitalaria, xa que se trata de pacientes crónicos que precisan ser revisados semestral, trimestralmente ou incluso anualmente. E quero insistir en que a atención telefónica permite facer unha triaxe e clasificar as demandas, garantindo así a atención de xeito escalonado, evitando masificacións e tendo máis protexidos os nosos maiores.

O ritmo de desenvolvemento deste plan de reactivación asistencial vén marcado pola situación epidemiolóxica na nosa comunidade en cada momento. Na medida en que os criterios clínicos indiquen que vai mellorando e os plans e protocolos se vaian revisando, podemos ir ampliando o aforo nos centros sanitarios; do mesmo xeito que é con criterios clínicos como os profesionais de primaria están determinando quen acode presencialmente. Conforme estes criterios, os estudos que temos feito permítenos determinar que agora mesmo o persoal de primaria está atendendo de xeito presencial en torno ao 25-30 % dos seus pacientes.

Actualmente, en Galicia os cupos dos médicos de familia están por debaixo das 1.500 TIS. E tamén é importante salientar que a presión media en toda Galicia por cupo non supera os 30 pacientes/día en ningunha área sanitaria —agás imprevistos, por suposto—. Estas eran dúas demandas dos nosos profesionais que foron atendidas. No día de hoxe podemos afirmar que foron atendidas todas as persoas que precisaban atención, tanto a nivel de atención primaria como de atención hospitalaria. Os centros de saúde, o 061, os PAC, os servizos de urgencias hospitalarias nunca pecharon.

En definitiva, coido que contamos cos suficientes medios para que o acceso telefónico sexa resolutivo e para que nunha boa parte dos casos permita prestar ao paciente a asistencia necesaria, evitando o seu desprazamento e con iso evitando incomodidades e riscos.

Señorías, estamos a vivir unha situación inédita e sen precedentes que fai que teñamos que adoptar as mellores decisións cun único obxectivo, que non é outro que poder diminuír e eliminar a propagación desta pandemia e garantir a saúde de todos. A ese obxectivo responderán as medidas que tomemos para o progresivo incremento da presencialidade en atención primaria, sempre dende a máxima prudencia. Contamos cos mellores profesionais, e dende aquí quero darlles as grazas polo seu esforzo, dedicación e entrega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, a señora Prado.



A señora PRADO CORES: Di vostede, señor conselleiro, que as solucións non van ser sinxelas nin inmediatas. Eu lémbrolle que levamos seis meses de pandemia e ninguén lle pediu que solucionara a cuestión en dous días, pero levamos seis meses de pandemia. E vostede nin é un recién chegado á consellería nin é un recién chegado en aplicar a folla de ruta en materia de sanidade do Partido Popular. Vostede formou parte do equipo da Dirección Xeral de Saúde Pública con Félix Rubial, vostede estivo na xerencia de Ourense e vostede estaba na xerencia de Vigo; é dicir, forma parte do equipo que leva implementando as medidas en materia sanitaria que nos teñen traído ata aquí.

E, claro, vostede di hoxe que non vai ser sinxelo nin inmediato. Ao mesmo tempo, estamos nun momento excepcional, cunha situación excepcional, e vostede acaba de dicir aquí, na súa primeira intervención, que manteñen a folla de ruta do Partido Popular. Volve falarnos dun plan de atención primaria 2019–2021, rexeitado xa pola inmensa maioría do sector sanitario, cun orzamento insuficiente para tres anos, que é menos de 80 millóns de euros, e diante dunha situación excepcional insisten en manter a folla de ruta. Eu, sinceramente, lamento que non veña aportar ningunha solución, porque con esa folla de ruta non aportaron absolutamente ningunha solución.

Por todo o plan de continxencia, a Consellería, diante desta situación, trasladou algunhas recomendacións básicas aos centros de saúde, e logo a solución foi buscarse a vida. Decía antes o meu compañeiro Manuel Lourenzo con respecto ao ensino que cada centro educativo tivo que buscarse a vida, e nos centros de saúde, exactamente o mesmo. É dicir, esta é a folla e identidade do Goberno do Partido Popular: deixar que as cousas vaian fluíndo a ver se se van solucionando e que os profesionais e a cidadanía vaian resolvendo as cousas.

As decisións que toman, señor conselleiro, teñen consecuencias concretas que afectan a persoas concretas e non son casos illados. E pónolle exemplos moi ilustrativos de cal é a situación da atención primaria: 1 médico de 7 no centro de saúde do Grove durante moitos días; os consultorios de Vilaxoán ou de Paradela, en Meis, pechados —estes últimos teñen que ir á consulta a Cambados e á pediatría a Sanxenxo, a 30 quilómetros—; na Baixa Limia, Bande ou Entrimo están sen pediatría, teñen que recorrer 80 quilómetros para ir a Celanova a ter atención pediátrica; en Moaña, de 7 a 20 días de media para ter unha consulta telefónica, e o PAC pechado; en Soutomaior, 1 médico e medio para atender a 7.500 habitantes; en Lalín, 4 médicos para cubrir o cupo de 11; en Lugo tomaron vostedes a decisión de concentrar toda a atención primaria das fins de semana nun único centro de saúde. ¿O problema non era a aglomeración?, ¿que a xente non podía masificarse? Pero vostedes deciden que toda a atención primaria das fins de semana de Lugo vaian a un único centro de saúde. Son algúns exemplos, pero todo o país está nesta situación. Nestas condicións, dende logo, non está garantida a normal atención dos doentes e os profesionais non poden traballar, señor conselleiro.

Ninguén está preparado para afrontar esta situación, non vai ser o BNG quen diga que isto tiña que ser fácil, pero agardar a que as cousas se solucionen por si soas dende logo non é unha alternativa. E a alternativa tampouco é tentar que as cousas se solucionen a custo cero, como está facendo o Partido Popular. É preciso máis persoal sanitario, mais non só sanitario, é preciso máis persoal de limpeza, máis desinfeccións, máis persoal para atención telefónica,



para as citas, máis liñas telefónicas, é precisa máis información, é precisa máis accesibilidade. É preciso desconfinar a atención primaria e reactivala dun xeito claro. Vostede acaba de dicir aquí que a atención telefónica só ten vantaxes, pero case é o único que llas ve, porque a poboación non acaba de verllas; como complementaria, si, pero non acaba de verllas; e a maioría dos profesionais tampouco llo acaban de ver. Porque para ter unha boa atención telefónica e de calidade necesitarían máis profesionais, non o dobre de carga de traballo cuns profesionais que xa estaban saturados. Xa estaban saturados, e agora vén toda a carga da pandemia e da covid, e cos mesmos vimbios ou con menos —porque hai moitos profesionais de baixa— vostedes pretenden que sigan dando atención de calidade. É imposible facelo. Dende logo, o futuro da sanidade non pode ser a atención a distancia, non pode ser manter distancia entre os doentes e os profesionais. O contacto, a relación entre médico e doente son básicos en atención primaria; polo cal, isto non pode seguir por esta ruta.

Eu dígolle hoxe aquí, señor conselleiro, que é preciso dar resposta ás demandas de atención á covid, mais tamén ao resto de patoloxías, ás que non lles dan unha atención de calidade.

Dende o BNG demandámoslle rectificación, porque o futuro da atención sanitaria non pode ser a atención telefónica, non poden ser as chamadas telefónicas que encubran a carencia de profesionais, nin pode ser que as chamadas telefónicas e a atención telefónica encubran, que non se vexan *in situ*, os colapsos que habería en atención primaria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Por iso remato facéndolle algunhas propostas: active a atención presencial, remate coas listas de espera en atención primaria, active protocolos claros e unificados en todo o territorio porque non os hai, aumente o número de profesionais con contratos dignos e aumente o orzamento destinado a atención primaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche desta interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente, señorías, non hai dúbida de que dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutive, dotada de profesionais competentes, non exenta de dificultades, como as tensións derivadas da ausencia de persoal substituto ou da viraxe sociodemográfica cara á cronicidade e pluriplatoxía, propias do envellecemento, que fan necesario unha evolución do modelo exitosa, do que desfrutamos ata agora.

Dende o Servizo Galego de Saúde téñense tomado importantes medidas de mellora dende hai anos: as OPE anuais, a prolongación da idade de xubilación, o concurso aberto e permanente, a carreira profesional, o contrato de continuidade ou a creación da especialidade de enfermería, entre outras.



A Consellería de Sanidade leva tempo traballando no ámbito da atención primaria e aplicando medidas de mellora neste ámbito asistencial. Quero reiterar o compromiso e a aposta pola atención primaria, e os feitos que corroboran o que digo están á vista. Galicia conta con 469 centros de saúde e 90 puntos de atención continuada. E para continuar mellorando a atención sanitaria dos cidadáns e as condicións e medios de traballo para os profesionais estamos a construír ou a licitar novas infraestruturas e facendo melloras nas existentes. Ademais, contamos con instrumentos como as novas tecnoloxías, que nos permiten acercarnos máis ao cidadán e prestar servizos de maneira máis accesible. A plataforma Telea —xa comentada anteriormente— facilita o seguimento das persoas con enfermidades crónicas, a través de Conecta 72 realizamos o seguimento das persoas dadas de alta nos hospitais e a consulta telefónica proporciona unha accesibilidade óptima para solucionar as cuestións sen que as persoas teñan que desprazarse. E aquí teño que dicirlle, señora Prado, que, efectivamente, a cidadanía valora positivamente non ter que desprazarse ao centro de saúde para facer trámites administrativos, claro que si. Dotámoslos de novo material de diagnóstico: ecógrafos, retinógrafos, electrocardiógrafos..., destinados aos centros de saúde, cun investimento de 1,5 millóns de euros, e renovamos o seu equipamento informático. Creamos novas prazas tanto de medicina de familia e comunitaria como de enfermería familiar e comunitaria, enfermería pediátrica, traballo social, farmacia, fisioterapia e máis prazas MIR e EIR para formación de especialistas. Creamos o contrato de continuidade. O 15 de xaneiro de 2019 a mesa sectorial aprobou, co apoio das organizacións sindicais CESH-O'MEGA, UXT, CSIF e SATSE, o nomeamento estatutario eventual de continuidade no ámbito do Servizo Galego de Saúde. Con este contrato os profesionais teñen maior estabilidade laboral, pois son contratos cunha duración mínima de entre 1 e 3 anos e desfrutan de igualdade de dereitos, vacacións, permisos, descanso, xornada e igualdade de retribucións, incluíndo o complemento de produtividade fixo e variable. Xa incorporamos máis de 50 profesionais sanitarios en atención primaria grazas a este contrato.

Mais unha das cousas que demostrou esta pandemia e se algo facía falta era que a atención primaria e a atención hospitalaria compartisen e fixesen realidade a continuidade asistencial, que empezou coa integración dunha única historia clínica electrónica para cada paciente. Durante a pandemia reforzamos o persoal das áreas sanitarias para os equipos de atención e seguimento domiciliario, un proceso no que colaboran atención primaria e atención hospitalaria. Incorporamos 269 efectivos para os equipos para a toma de mostras en domicilio, para o covid-auto, para o seguimento domiciliario de casos positivos e para medicina preventiva, microbioloxía ou urxencias-061.

A atención centrada no paciente precisa dun traballo moi coordinado entre profesionais, rompendo a estanquidade, xa que o paciente precisa de coidados coordinados integrais e integrados, e fomos quen de superar estas barreiras e de poñelo, de verdade, no centro, no eixo do sistema. E precisamente na integración está a resposta para romper estas barreiras que hoxe temos. Temos que mellorar —é certo— a integración dos sistemas telefónicos, separando a petición de citas e garantindo que o paciente que necesite acceso telefónico ao seu centro de saúde o obteña. E temos que mellorar tamén a integración entre profesionais, o que probablemente requirirá revisar as funcións e cometidos de colectivos como enfermería ou do persoal de servizos xerais. Niso estamos a traballar.



Presidente, señorías, dende a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde estamos comprometidos e traballamos a diario para que o noso sistema sanitario non só manteña o seu alto nivel de servizo ás persoas, senón para garantir a súa mellora, o que será posible se contamos cunha atención primaria potente, resolutiva e con futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspéndese o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.


Suspéndese a sesión ás cinco e cincuenta e cinco minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Vereá Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

